

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

17769 *Real decreto lei 23/2018, do 21 de decembro, de transposición de directivas en materia de marcas, transporte ferroviario e viaxes combinadas e servizos de viaxe vinculados.*

I

A transposición en prazo de directivas da Unión Europea constitúe na actualidade un dos obxectivos prioritarios establecidos polo Consello Europeo. A Comisión Europea somete o Consello de Competitividade a informes periódicos, aos cales se lles dá un alto valor político en canto que serven para medir a eficacia e a credibilidade dos Estados membros na posta en práctica do mercado interior.

O cumprimento deste obxectivo resulta hoxe aínda máis prioritario tendo en conta o escenario deseñado polo Tratado de Lisboa polo que se modifican o Tratado da Unión Europea e o Tratado constitutivo da Comunidade Europea, para os incumprimentos de transposición en prazo, para os que a Comisión pode pedir ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea a imposición de importantes sancións económicas de maneira acelerada (artigo 260.3 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea –TFUE–).

España cumpriu, de maneira consistente cos obxectivos de transposición nos prazos comprometidos desde o inicio do seu establecemento. Porén, nestes momentos dáse un atraso na transposición dalgunhas directivas, que requiren unha norma con rango de lei para a súa incorporación ao ordenamento xurídico interno, por canto existe un risco de multa con base no establecido no citado artigo 260.3 do TFUE.

Ante a gravidade das consecuencias de seguir acumulando atraso na incorporación ao ordenamento xurídico español de tales directivas, resulta necesario acudir á aprobación dun real decreto lei para proceder á dita transposición, o que permitirá cerrar os procedementos de infracción abertos pola Comisión Europea.

Finalmente, no relativo á existencia de «procedementos de incumprimento contra o Reino de España», debe terse en conta que malia o carácter opcional previsto no artigo 260.3 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, na súa Comunicación do 13 de decembro de 2016, «Dereito da UE: mellores resultados grazas a unha mellor aplicación», a Comisión anunciou un cambio de enfoque pasando a solicitar de maneira sistemática a suma a prezo global. A consecuencia lóxica do enfoque da suma a prezo global é que, nos casos en que un Estado membro emende a infracción mediante a transposición da directiva no curso dun procedemento de infracción, a Comisión xa non desistirá do seu recurso só por ese motivo.

Como disposición transitoria, a Comisión sinalou que non aplicará esta nova práctica aos procedementos cuxa carta de emprazamento sexa anterior á publicación da dita comunicación no Diario Oficial de la Unión Europea que tivo lugar o 19 de xaneiro de 2017. En consecuencia, resulta de extraordinaria e urxente necesidade proceder á transposición daquelas directivas respecto das cales se iniciou un procedemento de infracción, antes de que se formalice a demanda ante o Tribunal de Xustiza, para evitar, así, un procedemento xudicial que finalizaría mediante unha sentenza que declare o incumprimento por parte do Reino de España das obrigacións que lle impón o dereito da Unión. Respecto ás directivas cuxo prazo de transposición vence de forma inminente, resulta de extraordinaria e urxente necesidade a súa incorporación inmediata ao noso ordenamento xurídico, co fin de evitar o inicio dun procedemento de infracción que comportaría a imposición de multa.

En canto á utilización do real decreto lei como instrumento de transposición, cabe sinalar que o Tribunal Constitucional, na súa Sentenza 1/2012, do 13 de xaneiro, avala a concorrencia do orzamento habilitante da extraordinaria e urxente necesidade do

artigo 86.1 da Constitución cando concorran «o patente atraso na transposición» e a existencia de «procedementos de incumprimento contra o Reino de España».

Nas sucesivas epígrafes desta exposición de motivos iranse concretando as razóns que xustifican a extraordinaria e urxente necesidade de traspor as distintas directivas en cada un dos supostos recollidos no presente real decreto lei.

II

O título I, que comprende o artigo primeiro, contén as modificacións derivadas da transposición da Directiva (UE) 2015/2436 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2015, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros en materia de marcas.

A Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, que agora se reforma, incorporou ao ordenamento xurídico español a Directiva 89/104/CEE do Consello, do 21 de decembro de 1988, hoxe na súa versión refundida, Directiva 2008/95/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2008, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros en materia de marcas.

Esta harmonización lexislativa supuxo un avance significativo para o correcto funcionamento do mercado interior, pois elimináronse trabas á libre circulación de mercadorías e servizos, ao harmonizárense disposicións substantivas esenciais do dereito de marcas en todos os Estados membros.

Xunto con esta harmonización lexislativa, a Unión Europea mediante o Regulamento (CE) n.º 40/94 do Consello, do 20 de decembro de 1993, sobre a marca comunitaria, posteriormente codificado como Regulamento (CE) n.º 207/2009 do Consello, do 26 de febreiro de 2009, e hoxe de novo codificado como Regulamento (UE) 2017/1001 do Parlamento e do Consello, do 14 de xuño de 2017, sobre a marca da Unión Europea, instituíu un sistema de protección unitaria de marcas en toda a Unión, que convive cos sistemas nacionais de rexistro de marcas. Actualmente, por tanto, o sistema de protección ou rexistro de marcas na Unión Europea é de carácter dual, as marcas pódense rexistrar en toda a Unión ou no Estado ou Estados membros que se desexe.

Esta duplicidade de sistemas de protección de marcas na Unión Europea aconsellou unha avaliación xeral do seu funcionamento e da interrelación dos sistemas nacionais e o sistema da Unión. Os resultados desta avaliación puxeron de manifesto que os usuarios estaban xeralmente satisfeitos con este sistema dual de protección.

Nas conclusións do Consello do 25 de maio de 2010 sobre a futura revisión do sistema de marcas na Unión Europea, invitábase a Comisión a presentar propostas de revisión da Directiva 2008/95/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2008, antes citada, indicando que esta revisión debería incluír, en especial, medidas para lograr que a dita directiva resulte máis coherente co daquela Regulamento (CE) n.º 207/2009 do Consello, do 26 de febreiro de 2009, antes citado, para contribuír así á redución das zonas de diverxencia no conxunto do sistema de marcas en Europa.

A Directiva (UE) 2015/2436 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2015, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros en materia de marcas, que mediante o presente real decreto lei se incorpora ao noso ordenamento xurídico, sinala no seu considerando 8 que «resulta necesario superar a aproximación limitada alcanzada pola Directiva 2008/95/CE, e ampliala a outros aspectos do dereito material de marcas».

No considerando 9 resúmese o alcance desta harmonización e, así, indícase que, coa finalidade de facilitar o rexistro e a xestión das marcas en Europa, é esencial aproximar non só as disposicións de dereito material senón tamén as de carácter procedemental. Para estes efectos, en cumprimento das conclusións do Consello do 25 de maio de 2010, incorpóranse á Directiva (UE) 2015/2436 os principios normativos esenciais do Regulamento (CE) n.º 207/2009 do Consello, do 26 de febreiro de 2009 (hoxe Regulamento (UE) 2017/1001), e prodúcese así unha harmonización lexislativa non só nos sistemas nacionais de marcas senón tamén entre estes e o sistema de marcas da Unión.

O dereito español de marcas xa incorporou nas súas disposicións da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, gran parte das normas que agora impón a nova directiva, en concreto, nos ámbitos da marca como obxecto de dereito de propiedade, marcas colectivas ou certas normas procedementais, porén, noutros campos normativos a citada lei española debe ser adaptada xa sexa porque se trata de novas normas, xa porque a dita lei adoptou unha solución distinta á agora propugnada pola nova directiva.

Neste novo marco xurídico, a presente modificación normativa que, conforme o artigo 25 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do goberno, estaba prevista no Plan anual normativo de 2018, asume o mandato de transposición da Directiva (UE) 2015/2436. A transposición baseouse nos principios da boa regulación, comprendendo o principio de necesidade e eficacia ao cumprir a obrigaón de incorporación ao dereito nacional con fidelidade ao texto da directiva e coa mínima reforma da actual normativa, a prol da simplificación; así como nos principios de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible e de seguridade xurídica, posto que se realiza co fin de manter un marco normativo estable, predicible, integrado e claro.

En canto ás novidades máis significativas que introduce o presente real decreto lei, cómpre destacar que o concepto de marca en sentido estrito, é dicir, como signo que sirva nas transaccións mercantís para distinguir os produtos ou os servizos dunha empresa das doutras empresas, non sofre modificacións, pero si se introduce unha modificación en canto á maneira de delimitar para efectos rexistrais o ben inmaterial solicitado. A anterior normativa exixía que o signo distintivo solicitado sexa susceptible de representación gráfica. No presente real decreto lei, atendidos os avances tecnolóxicos, só se exixe que o signo sexa susceptible de representación no Rexistro de Marcas, sen máis, sen especificar o medio empregado, pero requirindo que esta representación permita non só ás autoridades senón tamén ao público en xeral determinar o obxecto da protección que se outorgue ao titular. A representación debe ser, por tanto, clara, precisa, autosuficiente, facilmente accesible, intelixible, duradeira e obxectiva.

Isto permitirá empregar na representación do signo a tecnoloxía dispoñible en cada momento e que sexa adecuada para os efectos mencionados.

As prohibicións de rexistro non sufriron modificacións substanciais. Porén, sistematízanse adecuadamente as prohibicións absolutas en materia de denominacións de orixe, termos tradicionais de viños, especialidades tradicionais garantidas e as denominacións de obtencións vexetais, que se remiten directamente aos instrumentos legais do dereito da Unión ou do dereito nacional para evitar erros de interpretación.

A protección conferida ás marcas ou nomes comerciais notorios rexistrados varía sensiblemente con respecto ao establecido na normativa anterior. Desaparece a distinción entre marca ou nome comercial notorio e renomeado, e prevese unha soa categoría, a do renome en España, tratándose dunha marca española, ou do renome na Unión Europea, se se trata dunha marca da Unión.

Para estes efectos, debe terse en conta que, conforme a xurisprudencia máis estendida, para que unha marca goce de renome debe ser coñecida «por unha parte significativa do público interesado nos produtos ou servizos».

No procedemento de oposición régulase a facultade do solicitante de rexistro contra o cal se dirixe a oposición de exixir ao opoñente que acredite o uso dos rexistros anteriores con base nos cales se fundamente a oposición, se ese uso xa era legalmente exixible no devandito momento.

Respecto do procedemento de renovación de rexistro, posibilitábase que a Administración adopte medidas que axilicen notablemente os trámites que deben observar os interesados, ao poder dispor que, para os casos de renovación total da marca, o pagamento da taxa de renovación poida considerarse que constitúe unha solicitude de renovación.

Ao definírense os dereitos conferidos pola marca incorpórase a cláusula, xa contida no artigo 16.1 do Acordo sobre os aspectos dos dereitos de propiedade intelectual relacionados co comercio (ADPIC), de que os dereitos conferidos pola marca deben entenderse sen prexuízo dos dereitos adquiridos polos titulares antes da data de presentación da solicitude de rexistro ou da data de prioridade da marca rexistrada.

Como na normativa anterior, pero con outra formulación, outórgase ao titular dunha marca a facultade de prohibir non só os actos directos de violación dunha marca, senón tamén os actos preparatorios para a dita violación. Outórgase, así mesmo, ao titular dunha marca rexistrada a facultade de exercer os dereitos que esta lle confire contra mercadorías procedentes de terceiros países que, aínda non tendo sido despachadas a libre práctica, leven un signo idéntico ou virtualmente idéntico á dita marca rexistrada. Este dereito decaerá se o titular das mercadorías ou o declarante acreditan que o titular da marca rexistrada non ten dereito a prohibir a posta no mercado das mercadorías no país de destino final.

No ámbito dos límites do dereito de marca establécese que o dereito de marca non poderá invocarse para eximir o seu titular de responder fronte ás accións dirixidas contra el por violación doutros dereitos de propiedade industrial ou intelectual que teñan unha data de prioridade anterior. Conságrase, así, o sinalado indirectamente no número 1 do artigo 34 e esténdese este principio non só respecto das marcas anteriores senón tamén respecto de calquera outro dereito anterior.

É obxecto de regulación especial a lexitimación dos licenciarios para interpor accións de violación de marca. Establécese o principio xeral de que o licenciario precisa o consentimento do titular da marca para a incoación de accións por violación da marca obxecto de licenza, Porén, o licenciario exclusivo estará facultado para incoar a acción se, tendo requirido o titular para estes efectos, este non iniciou a acción.

Na regulación das causas de nulidade e caducidade outórgase a competencia directa para a súa declaración á Oficina Española de Patentes e Marcas. Non obstante, recoñécese a posibilidade de formular unha pretensión de nulidade ou caducidade en vía xudicial por medio dunha demanda reconvenicional no seo dunha acción por violación de marca.

Regúlase detalladamente a lexitimación e establécense as liñas directrices do procedemento administrativo de nulidade e de caducidade, sen prexuízo do seu desenvolvemento por vía regulamentaria. Nas solicitudes ou accións de nulidade regúlase detalladamente a existencia da proba de uso por instancia do titular da marca posterior.

No que respecta aos efectos da declaración de nulidade e de caducidade, introdúcese modificacións que afectan de maneira especial a declaración de caducidade; en concreto, unha vez declarada a caducidade dunha marca rexistrada, os efectos da dita declaración retrotráense á data de solicitude administrativa de caducidade ou á data da demanda reconvenicional.

Ao compartiren a competencia para declarar a nulidade e a caducidade a Oficina Española de Patentes e Marcas (vía directa) e os tribunais (vía reconvenicional), regúlanse de forma especial os efectos de cousa xulgada e de firmeza das resolucións administrativas. Igualmente, foron obxecto de especial atención a litispendencia e a pre-xudicialidade, así como a existencia de procedementos administrativos previos de nulidade ou caducidade, dadas as interferencias que se poden producir entre os órganos administrativos e xurisdiccionais cando existan pretensións formuladas ante órganos diferentes en que exista unha conexión que condicione a resolución que se vaia adoptar.

A Directiva (UE) 2015/2436 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2015, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros en materia de marcas, ten un prazo de transposición que finaliza o 14 de xaneiro de 2019. A ferramenta prevista inicialmente para realizar a transposición desta directiva era un anteproxecto de lei, seguindo o procedemento lexislativo ordinario, non obstante, resulta claro que de seguirse o devandito procedemento, aínda utilizando o trámite de urxencia, non se podería cumprir co prazo de transposición fixado pola Unión Europea, co conseguinte risco para España de sanción pecuniaria. En consecuencia, concorren razóns que xustifican a extraordinaria e urxente necesidade requirida polo artigo 86.1 da Constitución para traspor a dita directiva sen máis demora mediante o presente real decreto lei.

III

O título II, que comprende os artigos segundo e terceiro, contén as modificacións derivadas da Directiva 2012/34/UE do Parlamento e do Consello, do 21 de novembro de 2012, pola que se establece un espazo ferroviario europeo único, modificada pola Directiva 2016/2370, do 14 de decembro.

A transposición da Directiva (UE) 2016/2370 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de decembro de 2016, que modifica a Directiva 2012/34/UE, no que atinxe á apertura do mercado dos servizos nacionais de transporte de viaxeiros por ferrocarril e á gobernanza das infraestruturas ferroviarias, exige algunhas modificacións inmediatas da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, xa que as medidas que contén se deben adoptar e publicar, como máis tarde, o 25 de decembro de 2018 e afectan directamente a situación e funcións que teñen o administrador de infraestruturas ferroviarias e o operador dos servizos de transporte de viaxeiros por ferrocarril.

As novidades desta nova Directiva (UE) 2016/2370, que desenvolve o espazo ferroviario europeo único, céntranse en dous aspectos principais: dun lado, a apertura do mercado do transporte de viaxeiros por ferrocarril que outorga ás empresas ferroviarias o dereito de acceso ás infraestruturas ferroviarias de todos os Estados membros, aínda que a efectividade deste dereito se aplicará o 1 de xaneiro de 2019, a tempo para o horario de servizo do 14 de decembro de 2020 e, doutro, refórzase a independencia e imparcialidade dos administradores de infraestruturas, garantíndose mediante cautelas adicionais a súa separación organizativa de calquera empresa ferroviaria.

Ademais, despois da publicación da Directiva (UE) 2016/2370, a Comisión Europea abriu dous procedementos de infracción: un en fase de ditame motivado, que comunicou ao Reino de España o 15 de xuño de 2017, no cal entende que non se incorporaron varias medidas de transposición da Directiva 2012/34/UE, e outro, mediante Carta de emprazamento do 18 de maio de 2018, que indica algunhas medidas que hai que incorporar para a correcta transposición da dita directiva, incorporacións que se fan neste real decreto lei.

Ante todo isto, optouse por realizar unha incorporación conxunta das medidas a que nos obriga a Directiva (UE) 2016/2370 e os dous procedementos de infracción abertos pola Comisión Europea, xa que inciden na mesma realidade ferroviaria. Esta incorporación urxe e lévase a cabo neste real decreto lei, xa que é perentorio pór en vigor a normativa comunitaria co fin de que os actores que concorren no mercado ferroviario poidan coñecer e adaptarse organizativa e materialmente á nova situación.

En primeiro lugar, a Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, iniciou a liberalización do transporte ferroviario coa do transporte por mercadorías, que foi seguido do transporte internacional de viaxeiros e agora complétase coa do transporte de viaxeiros de proximidades e media distancia. Esta apertura do mercado ten unha especial incidencia na situación do operador de servizos de transporte por ferrocarril que pode deixar de ser o operador único neste ámbito. Este é un cambio fundamental, xa que a súa posición pode estar suxeita a condicionantes externos aos cales até agora non tivo necesidade de facerlles fronte.

Ademais, o dereito á apertura do mercado a todas as empresas pódese limitar en caso de que contratos de servizo público cubran o mesmo itinerario ou outro alternativo e se poña en perigo o equilibrio económico deses contratos, e corresponde ao organismo regulador decidir se está ou non en perigo o equilibrio económico do contrato, que constitúe outra novidade da Directiva 2016, e, en coherencia con isto, as competencias outórganse á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e recóllense no artigo 59.7 que modifica da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario.

En terceiro lugar, ante a potencial entrada de novos actores como administradores de infraestruturas, cómpre incorporar a categoría de «empresa integrada verticalmente» que crea a Directiva (UE) 2016/2370, que permite que nunha mesma empresa convivan un administrador de infraestruturas e un operador de servizos de transporte sen personalidade xurídica diferente, o que exige introducir requisitos complementarios de independencia do administrador de infraestruturas para asegurar non só a súa total separación orgánica das

empresas ferroviarias senón blindalo ante posibles influencias ou conflitos de intereses con elas e garantir a súa independencia, tanto no que se refire ao exercicio das funcións esenciais como á transparencia financeira, o que exige modificar algunhas disposicións da Lei 38/2015, do 29 de setembro, que afectan os administradores das infraestruturas. O anterior enténdese sen prexuízo da aposta do modelo español de separación orgánica entre os xestores de infraestruturas públicos e os operadores ferroviarios.

En cuarto lugar, co fin de incorporar algunhas medidas da Directiva 2012/34/UE, exixidas polo Ditame motivado do 15 de xuño de 2017, cómpre incluír os conceptos de beneficio razoable e itinerario alternativo entre as definicións do anexo I da Lei do sector ferroviario e reforzar a posición do administrador de infraestruturas para que teña en conta como criterios as denominadas parellas de características ao introducir adicións nos canons ferroviarios e que publique a intención de modificar adicións aos canons.

Finalmente, para cumprir o que sinala a Carta de emprazamento do 18 de maio de 2018, co fin de incorporar correctamente a Directiva 2012/34/UE, régulanse neste real decreto lei, entre outras, as seguintes cuestións: elimínase a exixencia de inscribir a licenza de empresa ferroviaria nun rexistro, obrígase a Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria a comunicar sen demora a resolución sobre a licenza sen que sexa xa posible entender desestimada a licenza polo transcurso do prazo sen se ditar resolución, engádense como servizos básicos os de manobras (antes auxiliares), os que se prestan nas instalacións de servizo, os de subministracións en instalacións fixas e os de carga e descarga de mercadorías, e obrígase a informar sobre os prezos e condicións de acceso ás instalacións de servizo non xestionadas polo administrador de infraestruturas. A necesidade inmediata de incorporar estas medidas que repercuten non só nas empresas ferroviarias senón nos explotadores de instalacións de servizo e candidatos a concorrer no mercado ferroviario aconsellan a súa inclusión nesta norma.

Ademais, non se pode deixar de facer referencia ao Regulamento de execución (UE) 2017/2177 da Comisión, do 22 de novembro de 2017, relativo ao acceso ás instalacións de servizo e aos servizos ferroviarios conexos. Este regulamento, que detalla e complementa as normas da Directiva 2012/34/UE sobre o procedemento e criterios que se deben seguir para o acceso aos servizos prestados nas instalacións de servizo, introduce o «servizo ferroviario conexo», que comprende o servizo básico, complementario ou auxiliar, conceptos que se xeneralizan neste texto e se distinguen do paquete de acceso mínimo á infraestruturas ferroviarias.

En definitiva, de todo o anterior resulta que, neste caso, o real decreto lei representa un instrumento constitucionalmente lícito, xa que é pertinente e adecuado para a consecución do fin que xustifica a lexislación de urxencia, que non é outro, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional, que axudar nunha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que por razóns difíciles de prever require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis.

Por tanto, no conxunto e en cada unha das medidas que se adoptan concorren, pola súa natureza, necesidade de incorporar a normativa da Unión Europea e finalidade de adaptar á nova situación os organismos públicos e empresas ferroviarias, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presuposto habilitante para recorrer a este tipo de norma.

IV

O título III, que comprende o artigo cuarto, contén as modificacións derivadas da transposición da Directiva (UE) 2015/2302 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015, relativa ás viaxes combinadas e aos servizos de viaxe vinculados, pola que se modifican o Regulamento (CE) n.º 2006/2004 e a Directiva 2011/83/UE do Parlamento Europeo e do Consello e pola que se derroga a Directiva 90/314/CEE do Consello.

O texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro,

procedeu a refundir nun único texto a Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, e as normas de transposición das directivas comunitarias ditadas en materia de protección dos consumidores e usuarios que incidían nos aspectos regulados nela, e entre as que se encontraba a Lei 21/1995, do 6 de xullo, reguladora das viaxes combinadas, pola que se levou a cabo a transposición ao ordenamento xurídico español da Directiva 90/314/CEE do Consello, do 13 de xuño de 1990, relativa ás viaxes combinadas, ás vacacións combinadas e aos circuitos combinados, que deu lugar á inclusión no texto refundido dun libro cuarto.

Posteriormente, os cambios nos hábitos de compra dos consumidores, sobre todo polo que se refire á contratación de viaxes en liña, deu lugar á aprobación da Directiva 2015/2302/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015, relativa ás viaxes combinadas e aos servizos de viaxe vinculados, pola que se modifican o Regulamento (CE) n.º 2006/2004 e a Directiva 2011/83/UE do Parlamento Europeo e do Consello e pola que se derroga a Directiva 90/314/CEE do Consello que, entre outros aspectos, amplía a protección que se outorga aos viaxeiros, incluíndo estas novas formas de contratación, incrementa a transparencia, elimina ambigüidades e soluciona lagoas lexislativas existentes.

Mediante este real decreto lei modifícase o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, co fin de traspasar ao dereito interno a citada Directiva (UE) 2015/2302 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015.

Entre as principais modificacións do real decreto lei cabe mencionar a modificación do ámbito de aplicación e as definicións harmonizadas. Así, o suxeito protexido pola norma pasa a ser o viaxeiro, concepto máis amplo que o de consumidor, e amplíase o alcance do concepto de viaxe combinada, dando cabida a moitos produtos de viaxe que se encontraban nunha indefinición xurídica ou non estaban claramente cubertos pola regulación anterior.

Por outra parte, introdúcese o concepto de servizos de viaxe vinculados, en que o papel que desempeñan os empresarios consiste en facilitar aos viaxeiros, de maneira presencial ou en liña, a contratación de servizos de viaxe, levándoos a subscribir contratos con distintos prestadores, inclusive mediante procesos de reserva conectados. Estes servizos constitúen un modelo empresarial alternativo ás viaxes combinadas, polo que o real decreto lei establece tamén cales son as obrigacións para estes empresarios, ben que estas son de menor calado que as exixibles no caso das viaxes combinadas.

Consonte a nova regulación, tanto no caso das viaxes combinadas como no dos servizos de viaxe vinculados, exíxese a combinación de determinados servizos de viaxe para que se poidan configurar como tales. Así, os servizos de viaxe que formen parte integrante doutros, como por exemplo o transporte de equipaxe realizado como parte do transporte de viaxeiros ou os traslados entre un hotel e un aeroporto ou estación de ferrocarril, non se deben considerar servizos de viaxe en si mesmos. Só a combinación de diferentes tipos de servizos de viaxe, como o aloxamento, o transporte de pasaxeiros en autobús, tren, barco ou avión, así como o alugamento de vehículos de motor ou de determinadas motocicletas, debe ser tida en conta para efectos de determinar se se trata dunha viaxe combinada ou duns servizos de viaxe vinculados.

Do mesmo modo, cando determinados servizos como son, por exemplo, as entradas para concertos ou acontecementos deportivos ou as visitas guiadas se combinan cun só servizo de viaxe doutro tipo, unicamente deben dar lugar á elaboración dunha viaxe combinada ou duns servizos de viaxe vinculados se representan unha proporción igual ou superior ao vinte e cinco por cento do valor da viaxe combinada ou dos servizos de viaxe vinculados, ou se se publicitaron como un elemento esencial da viaxe ou vacación ou constitúen, por algunha outra razón, unha característica esencial desta ou aquela.

Por outra parte, refórzase a información precontractual ao viaxeiro e o seu carácter vinculante, que anteriormente se centraba nos requisitos que debían reunir os folletos e programas de viaxes combinadas. Coa chegada da era dixital, o mercado en liña adquire unha importancia antes inexistente que fai necesaria a ampliación dos requisitos de

información previa a outras formas de contratar, e que lles outorga, pola súa vez, un carácter vinculante.

Polo que se refire ás viaxes combinadas e respecto ás súas posibles modificacións, recóllese a posibilidade de que os organizadores poidan modificar unilateralmente o contrato sempre que se reservase este dereito no contrato, que os cambios sexan insignificantes, e que se informase o viaxeiro de forma clara, comprensible e destacada nun soporte duradeiro. Pola súa parte, os viaxeiros terán dereito a resolver o contrato cando os cambios propostos alteren substancialmente as características principais dos servizos de viaxe, e establécese un prazo de catorce días naturais para o reembolso de todo pagamento indebido realizado polo viaxeiro en caso de resolución.

O prezo da viaxe combinada unicamente se poderá incrementar se no contrato se recolle expresamente esta posibilidade e se xustifica nos cambios concretos que recolle o real decreto lei. Ademais, o incremento condiciónase, igualmente, a que se cumprise coa obrigaición de informar o viaxeiro sobre o seu dereito a unha redución do prezo polas mesmas causas. Se o aumento de prezo excede o oito por cento, o viaxeiro poderá resolver o contrato nun prazo razoable especificado polo organizador.

Do mesmo modo, mantense a posibilidade para o viaxeiro de resolver o contrato antes do inicio da viaxe combinada, pero introdúcese como novidade a liberdade do empresario á hora de fixar a penalización tipo, que se debe axustar a determinados criterios.

Por outra parte, polo que se refire á execución do contrato, prevese que, cando sexa imposible garantir o retorno puntual dos viaxeiros debido a circunstancias inevitables e extraordinarias, o organizador ou, se for o caso, o retallista, non asumirá o custo do aloxamento continuado que supere tres noites por viaxeiro, salvo que se trate dos colectivos especialmente protexidos que sinala o real decreto lei.

Así mesmo, en relación cos problemas que se poidan dar por falta de conformidade do contrato, entendendo por tal a non execución ou a execución incorrecta dos servizos de viaxe incluídos nunha viaxe combinada, o real decreto lei establece a posibilidade de que o viaxeiro poida resolver o contrato sen penalización e solicitar, se procede, unha redución do prezo da viaxe combinada ou unha indemnización cando afecte substancialmente a execución da viaxe combinada e o organizador ou, se for o caso, o retallista non poida emendala nun prazo razoable fixado polo viaxeiro.

Finalmente, establécese que os organizadores e retallistas terán que constituír unha garantía para responder, con carácter xeral, do incumprimento das obrigações derivadas da prestación dos seus servizos e, especialmente, para o reembolso dos pagamentos anticipados e a repatriación dos viaxeiros en caso de que se produza a súa insolvencia. Corresponde ás autoridades competentes das comunidades autónomas concretar a forma que debe revestir esta garantía.

A mencionada garantía deberá ser efectiva e suficiente para cubrir todos os pagamentos que, previsiblemente, vaia recibir un organizador ou un retallista en temporada alta, tendo en conta a duración do período comprendido entre os pagamentos iniciais e os pagamentos finais e a terminación das viaxes combinadas, así como o custo estimado das repatriacións en caso de insolvencia. O organizador e o retallista deberán adaptar a protección en caso de que aumenten os riscos, por exemplo debido a un incremento importante da venda de viaxes combinadas.

O real decreto lei estende estes requisitos de protección fronte á insolvencia aos supostos de adquisición de servizos de viaxe vinculados. Así mesmo, o réxime especial que se establece no real decreto lei para este tipo de contratos complétase coa exigencia de determinados requisitos de información precontractual, de obrigado cumprimento para os empresarios que faciliten a súa adquisición.

Facendo uso da facultade recoñecida no artigo 13 e no considerando 41 da Directiva 2015/2302/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015, estipúlase que os retallistas tamén serán responsables da insolvencia e da execución da viaxe combinada.

Ademais, seguindo o mandato da Directiva 2015/2302/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015, o real decreto lei establece o principio de

recoñecemento mutuo dos distintos sistemas de garantía fronte á insolvencia existentes na Unión Europea e, para tal efecto, regula a cooperación administrativa en materia de información cos demais Estados membros e coa Comisión Europea, a través do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, como punto de contacto central en España. E, no mesmo sentido, régúlase o recoñecemento mutuo da protección fronte á insolvencia e cooperación administrativa no ámbito nacional.

Polo que se refire ao instrumento normativo mediante o cal se incorpora ao noso ordenamento xurídico a Directiva 2015/2302/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015, o artigo 86 da Constitución española establece que, en caso de extraordinaria e urxente necesidade, o Goberno poderá ditar disposicións lexislativas provisionais que tomarán a forma de decretos leis. No presente caso, son factores habilitantes para a aprobación da modificación lexislativa que nos ocupa non só o elemento temporal, evidenciado polo atraso acumulado na transposición da citada directiva, cuxo prazo venceu o 1 de xaneiro de 2018, senón tamén o elemento causal, dada a apertura dun procedemento de infracción contra o Reino de España iniciado pola Comisión Europea no mes de marzo do ano 2018 e que podería dar lugar á inminente imposición polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea do pagamento dunha suma a prezo global ou dunha multa coercitiva por falta de comunicación das medidas nacionais de transposición tras non a terse o Reino de España ao ditame motivado da Comisión.

O prazo de transposición da Directiva (UE) 2015/2302 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015, relativa ás viaxes combinadas e aos servizos de viaxe vinculados, pola que se modifican o Regulamento (CE) n.º 2006/2004 e a Directiva 2011/83/UE do Parlamento Europeo e do Consello e pola que se derroga a Directiva 90/314/CEE do Consello, como xa se dixo, venceu o 1 de xaneiro de 2018. A Comisión Europea iniciou un procedemento formal de infracción n.º 2018/0068 por falta de transposición da citada directiva, ao abeiro do artigo 258 do Tratado de funcionamento da Unión Europea. Actualmente, este procedemento de infracción encóntrase en fase de ditame motivado. A Comisión no devandito ditame motivado chama a atención ao Goberno sobre as sancións pecuniarias que o Tribunal de Xustiza da Unión Europea pode impor en virtude do artigo 260 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

Por conseguinte, concorren razóns que xustifican a extraordinaria e urxente necesidade requirida polo artigo 86.1 da Constitución para traspor a dita directiva sen máis demora mediante o presente real decreto lei.

Este real decreto lei é coherente cos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Do exposto nos parágrafos anterioresponse de manifesto o cumprimento dos principios de necesidade e eficacia. O real decreto lei é acorde co principio de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados, e, igualmente, axústase ao principio de seguridade xurídica. En canto ao principio de transparencia, non se realizaron o trámite de consulta pública nin o trámite de audiencia e información públicas tal e como exceptúa o artigo 26.11 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno. Por último, con respecto ao principio de eficiencia, ben que supón un aumento das cargas administrativas, estas son imprescindibles e en ningún caso innecesarias.

Por todo isto, pola súa finalidade e polo contexto de exixencia temporal en que se dita, concorren no presente real decreto lei as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade requiridas no artigo 86 da Constitución.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade, do ministro de Fomento e das ministras de Industria Comercio e Turismo e de Sanidade, Consumo e Benestar Social, e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 21 de decembro de 2018,

DISPOÑO:

TÍTULO I

Transposición de directiva da Unión Europea en materia de marcas

Artigo primeiro. *Modificación da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas.*

A Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 3, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 3. *Lexitimación.*

1. Poderán obter o rexistro de marcas ou nomes comerciais as persoas físicas ou xurídicas, incluídas as entidades de dereito público.
2. As persoas mencionadas no número 1 poderán invocar a aplicación no seu beneficio das disposicións de calquera tratado internacional que resulte de aplicación en España, en canto lles for de aplicación directa, en todo o que lles sexa máis favorable respecto do disposto nesta lei.»

Dous. Modifícase o artigo 4, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 4. *Concepto de marca.*

Poderán constituír marcas todos os signos, especialmente as palabras, incluídos os nomes de persoas, os debuxos, as letras, as cifras, as cores, a forma do produto ou da súa embalaxe, ou os sons, coa condición de que tales signos sexan apropiados para:

- a) distinguir os produtos ou os servizos dunha empresa dos doutras empresas e
- b) ser representados no Rexistro de Marcas de maneira tal que permita ás autoridades competentes e ao público en xeral determinar o obxecto claro e preciso da protección outorgada ao seu titular.»

Tres. Modifícase o artigo 5, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 5. *Prohibicións absolutas.*

1. Non se poderán rexistrar como marca os signos seguintes:
 - a) Os que non poidan constituír marca por non seren conformes co artigo 4.
 - b) Os que carezan de carácter distintivo.
 - c) Os que se compoñan exclusivamente de signos ou indicacións que poidan servir no comercio para designar a especie, a calidade, a cantidade, o destino, o valor, a procedencia xeográfica ou a época de obtención do produto ou da prestación do servizo ou outras características dos produtos ou servizos.
 - d) Os que se compoñan exclusivamente de signos ou indicacións que se convertesen en habituais na linguaxe común ou nos costumes leais e constantes do comercio.
 - e) Os constituídos exclusivamente pola forma ou outra característica imposta pola natureza mesma do produto ou pola forma ou outra característica do produto necesaria para obter un resultado técnico, ou pola forma ou outra característica que dea un valor substancial ao produto.
 - f) Os que sexan contrarios á lei, á orde pública ou aos bos costumes.
 - g) Os que poidan inducir o público a erro, por exemplo, sobre a natureza, a calidade ou a orixe xeográfica do produto ou servizo.

h) Os excluídos de rexistro en virtude da lexislación nacional ou da Unión ou por acordos internacionais en que sexa parte a Unión ou o Estado español, que confiran protección a denominacións de orixe e indicacións xeográficas.

i) Os excluídos de rexistro en virtude da lexislación da Unión ou de acordos internacionais en que esta sexa parte e que confiran protección aos termos tradicionais de viños.

j) Os excluídos de rexistro en virtude da lexislación da Unión ou de acordos internacionais en que esta sexa parte, que confiran protección a especialidades tradicionais garantidas.

k) Os que consistan en, ou reproduzan, nos seus elementos esenciais, a denominación dunha obtención vexetal anterior, rexistrada conforme a lexislación da Unión ou o dereito nacional, ou os acordos internacionais en que sexa parte a Unión ou España, que establezan a protección das obtencións vexetais, e que se refiran a obtencións vexetais da mesma especie ou estreitamente conexas.

l) Os que reproduzan ou imiten o escudo, a bandeira, as condecoracións e outros emblemas de España, as súas comunidades autónomas, os seus municipios, provincias ou outras entidades locais, a menos que medie a debida autorización.

m) Os que non fosen autorizados polas autoridades competentes e deban ser denegados en virtude do artigo 6 ter do Convenio de París.

n) Os que inclúan insignias, emblemas ou escudos distintos dos recollidos no artigo 6 ter do Convenio de París e que sexan de interese público, salvo que o seu rexistro sexa autorizado pola autoridade competente.

2. Non se denegará o rexistro dunha marca de conformidade co disposto no número 1, letras b), c) ou d), se, antes da data de concesión do rexistro, debido ao uso que se fixo dela, adquiriu un carácter distintivo.»

Catro. Modifícanse as letras a) e b) do número 2 do artigo 6, que quedan redactadas da seguinte forma:

«a) As marcas rexistradas cuxa solicitude de rexistro teña unha data de presentación ou de prioridade anterior á da solicitude obxecto de exame, e que pertencen ás seguintes categorías: i) marcas españolas; ii) marcas que fosen obxecto dun rexistro internacional que produza efectos en España; iii) marcas da Unión Europea (en diante, marcas da Unión).

b) As marcas da Unión rexistradas que, conforme o seu regulamento, reivindiquen validamente a antigüidade dunha das marcas mencionadas nos puntos i) e ii) da letra a), mesmo cando esta última marca fose obxecto de renuncia ou se extinguiuse.»

Cinco. Modifícase o artigo 8, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 8. *Marcas e nomes comerciais renomeados.*

1. Non poderá rexistrarse como marca un signo que sexa idéntico ou similar a unha marca anterior, con independencia de que os produtos ou servizos para os cales se faga a solicitude sexan idénticos ou sexan ou non similares a aqueles para os que se rexistrou a marca anterior, cando a marca anterior goce de renome en España ou, se se trata dunha marca da Unión, na Unión Europea, e co uso da marca posterior, realizado sen causa xusta, se puider obter unha vantaxe desleal do carácter distintivo ou do renome da marca anterior, ou o devandito uso puider ser prexudicial para o dito carácter distintivo ou o dito renome.

2. A protección reforzada prevista no número 1 será igualmente aplicable aos nomes comerciais renomeados.»

Seis. Engádese un novo número 3 no artigo 9, coa seguinte redacción:

«3. Ademais, denegarase o rexistro da marca na medida en que, consonte a lexislación da Unión ou o dereito nacional que establezan a protección das denominacións de orixe e as indicacións xeográficas, concorran as seguintes condicións:

a) Se presentase xa unha solicitude de denominación de orixe ou de indicación xeográfica de conformidade coa lexislación da Unión ou do dereito nacional antes da data de solicitude de rexistro da marca ou da data da prioridade reivindicada para a esta, coa condición de que a dita denominación de orixe ou indicación xeográfica quede finalmente rexistrada.

b) A dita denominación de orixe ou indicación xeográfica confira á persoa autorizada, en virtude da lexislación aplicable para exercer os dereitos que derivan dela, o dereito a prohibir a utilización dunha marca posterior.»

Sete. Modifícase o número 1 do artigo 10, que queda redactado da seguinte forma:

«1. A menos que xustifique a súa actuación, o axente ou representante do titular dunha marca non poderá rexistrar esa marca ao seu nome sen o consentimento do devandito titular.»

Oito. Modifícanse as letras b) e c) do número 1 do artigo 12, que quedan redactadas da seguinte forma:

«b) A información que permita identificar o solicitante.

c) Unha representación da marca que cumpra os requisitos establecidos no artigo 4, letra b).»

Nove. Modifícanse os números 1 e 3 e engádese un novo número 4 no artigo 19, coa seguinte redacción:

«1. Unha vez publicada a solicitude de marca, poderán oporse ao seu rexistro invocando as prohibicións de rexistro previstas no título II:

a) Nos casos previstos no artigo 5.1, calquera persoa física ou xurídica que se considere prexudicada.

b) Nos casos previstos nos artigos 6.1, 7.1 e 8, os titulares das marcas ou nomes comerciais anteriores recollidos nos artigos 6.2 e 7.2, así como os licenciarios facultados polos titulares das ditas marcas ou nomes comerciais.

c) Nos casos previstos no artigo 9, número 1, os titulares dos dereitos anteriores recollidos no devandito número ou as persoas facultadas para exerceren eses dereitos.

d) Nos casos previstos no artigo 9, número 3, as persoas autorizadas a exerceren en virtude da lexislación aplicable os dereitos que derivan da correspondente denominación de orixe ou indicación xeográfica protexida.

e) No caso previsto no artigo 10, número 1, os titulares das marcas recollidas no devandito número.»

«3. Poderase formular oposición sobre a base dun ou máis dereitos anteriores sempre que pertencen todos ao mesmo titular, así como sobre a base da totalidade ou dunha parte dos produtos ou servizos para os cales se protexese ou solicitase o dereito anterior, e a dita oposición poderase dirixir contra a totalidade ou unha parte dos produtos ou servizos para os cales se solicite a marca obxecto de oposición.

4. Os órganos das administracións públicas e as asociacións de consumidores e usuarios, constituídas e inscritas conforme a lexislación estatal ou autonómica que lles resulte de aplicación, así como os consellos reguladores ou órganos reitores das denominacións de orixe ou indicacións xeográficas protexidas, poderán dirixir á

Oficina Española de Patentes e Marcas, no prazo previsto no número 2, observacións escritas, e sinalar as prohibicións do artigo 5, en virtude das cales procedería denegar de oficio o rexistro da marca. Estes órganos e asociacións non adquirirán a calidade de partes no procedemento, pero as súas observacións notificaranse ao solicitante da marca e resolveranse conforme o previsto no artigo 22.»

Dez. O artigo 21 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 21. *Suspensión da solicitude e exame da oposición.*

1. Cando se presentasen oposicións ou observacións de terceiro ou do exame realizado pola Oficina Española de Patentes e Marcas resulte que a solicitude incorre, para a totalidade ou parte dos produtos ou servizos solicitados, nalgunha das prohibicións ou defectos a que se refire o artigo 20.1, decretarase a suspensión do expediente e comunicaranse ao solicitante as oposicións ou observacións formuladas e os reparos sinalados de oficio para que, no prazo que regulamentariamente se determine, presente as súas alegacións.

2. Na contestación ao suspenso, o solicitante poderá retirar, limitar, modificar ou dividir a solicitude conforme o previsto nos artigos 23 e 24. Se o motivo do suspenso se funda en que a marca solicitada contén elementos incursos nas prohibicións das letras b), c) ou d) do artigo 5.1, o solicitante poderá presentar unha declaración en que exclúa os ditos elementos da protección solicitada.

3. Por instancia do solicitante, o titular da marca anterior que formulase oposición achegará a proba de que, no curso dos cinco anos anteriores á data de presentación ou data de prioridade da marca posterior, a marca anterior foi obxecto dun uso efectivo, conforme o previsto no artigo 39, ou de que existiron causas xustificativas para a súa falta de uso, sempre que na dita data de presentación ou prioridade da marca posterior a marca anterior leve rexistrada ao menos cinco anos, conforme o previsto no artigo 39. Na falta da dita proba, desestimarase a oposición.

4. No suposto recollido no número anterior, e se se cumpren os requisitos previstos nel, a Oficina Española de Patentes e Marcas dará traslado da petición ao opoñente para que, no prazo que regulamentariamente se determine, presente a correspondente proba de uso. A Oficina, así mesmo, dará traslado ao solicitante da proba presentada para que, no prazo que regulamentariamente se estableza, presente as súas alegacións.

5. Se a marca anterior se utilizou soamente para unha parte dos produtos ou dos servizos para os que estivo rexistrada, para efectos do exame da oposición formulada, considerarase rexistrada soamente para a dita parte dos produtos ou servizos.

6. Os números 3, 4 e 5 do presente artigo serán tamén de aplicación cando a marca anterior sexa unha marca da Unión. En tal caso, o uso efectivo dunha marca da Unión determinarase de acordo co establecido no artigo 18 do Regulamento (UE) n.º 2017/1001.

7. Mediante real decreto o Goberno levará a cabo o desenvolvemento regulamentario do previsto neste artigo.»

Once. Modifícanse os números 1 e 4 do artigo 22, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. Unha vez transcorrido o prazo fixado para a contestación ao suspenso ou, se é o caso, os prazos previstos no artigo 21.4, contestasen ou non os interesados, a Oficina Española de Patentes e Marcas acordará a concesión ou denegación do rexistro da marca, especificando sucintamente os motivos en que se funda a dita resolución.»

«4. Unha vez concedido o rexistro da marca, a Oficina Española de Patentes e Marcas, na forma que se estableza regulamentariamente, procederá á súa

publicación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» e a expedir o título de rexistro da marca. Este título poderá expedirse por medios electrónicos.»

Doce. Modifícase o número 3 do artigo 23, que queda redactado da seguinte forma:

«3. A limitación e modificación da solicitude, cando a efectúe de modo espontáneo o solicitante e non como consecuencia dun suspenso decretado de oficio, dará lugar ao pagamento da taxa correspondente.»

Trece. Modifícanse as letras a) e b) do artigo 26, que quedan redactadas da seguinte forma:

«a) Cando a oposición se funde nunha solicitude anterior, até o momento en que se produza o rexistro definitivo da dita solicitude ou recaia unha resolución firme sobre ela.

b) Por instancia do solicitante que presentase contra o signo anterior opoñente unha solicitude ou unha demanda reconvenicional de nulidade ou de caducidade ou unha acción reivindicatoria, até que recaia unha resolución ou sentenza firme, todo isto sen prexuízo de que a suspensión poida ser decretada xudicialmente.»

Catorce. Modifícase o número 3 do artigo 27, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Fronte á concesión dunha marca a Oficina Española de Patentes e Marcas non poderá exercer de oficio ou por instancia de parte a potestade revisora prevista no artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a nulidade da marca se funda nalgunha das causas previstas nos artigos 51 e 52 da presente lei. As ditas causas de nulidade só se poderán facer valer nos procedementos previstos nos ditos artigos.»

Quince. Modifícase o número 4 do artigo 29, que queda redactado da seguinte forma:

«4. Aqueles que sexan parte nun procedemento ante a Oficina Española de Patentes e Marcas en que actúen por si mesmos e non teñan domicilio nin sede en España deberán, para efectos de notificacións, designar un enderezo postal en España ou no Espazo Económico Europeo ou, no seu lugar, poderán indicar que as notificacións lles sexan dirixidas por calquera outro medio técnico de comunicación de que dispoña a Oficina. Todo isto, sen prexuízo do previsto no número 2 do artigo 175 da Lei 24/2015, do 24 de xullo, de patentes.»

Dezaseis. Introdúcese un novo número 8 no artigo 32, coa seguinte redacción:

«8. A Oficina Española de Patentes e Marcas poderá establecer que, nos casos de renovación total da marca, o pagamento da taxa de renovación se poida considerar que constitúe unha solicitude de renovación. Regulamentariamente estableceranse as condicións que se deben cumprir nesta modalidade de renovación.»

Dezasete. Modifícase o artigo 34, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 34. *Dereitos conferidos pola marca.*

1. O rexistro dunha marca conferirá ao seu titular un dereito exclusivo sobre ela.

2. Sen prexuízo dos dereitos adquiridos polos titulares antes da data de presentación da solicitude de rexistro ou da data de prioridade da marca rexistrada, o titular da dita marca rexistrada estará facultado para prohibir a calquera terceiro o uso, sen o seu consentimento, no tráfico económico, de calquera signo en relación con produtos ou servizos, cando:

a) O signo sexa idéntico á marca e se utilice para produtos ou servizos idénticos a aqueles para os cales a marca estea rexistrada.

b) O signo sexa idéntico ou similar á marca e se utilice para produtos ou servizos idénticos ou similares aos produtos ou servizos para os cales estea rexistrada a marca, se existe un risco de confusión por parte do público; o risco de confusión inclúe o risco de asociación entre o signo e a marca.

c) O signo sexa idéntico ou similar á marca, independentemente de se se utiliza para produtos ou servizos que sexan idénticos ou sexan ou non similares a aqueles para os que estea rexistrada a marca, cando esta goce de renome en España e, co uso do signo realizado sen causa xusta, se obteña unha vantaxe desleal do carácter distintivo ou do renome da marca ou o dito uso sexa prexudicial para o dito carácter distintivo ou o dito renome.

3. Cando se cumpran as condicións enunciadas no número 2, poderá prohibirse en particular:

a) Colocar o signo nos produtos ou na súa embalaxe.

b) Ofrecer os produtos, comercializalos ou almacenalos cos ditos fins ou ofrecer ou prestar servizos co signo.

c) Importar ou exportar os produtos co signo.

d) Utilizar o signo como nome comercial ou denominación social, ou como parte dun nome comercial ou unha denominación social.

e) Utilizar o signo nos documentos mercantís e a publicidade.

f) Usar o signo en redes de comunicación telemáticas e como nome de dominio.

g) Utilizar o signo na publicidade comparativa de maneira que vulnere a Directiva 2006/114/CE.

4. Cando exista o risco de que a embalaxe, as etiquetas, os rótulos, os elementos de seguridade ou dispositivos de autenticidade ou outros soportes en que se coloca a marca poidan ser utilizados en relación con determinados produtos ou servizos e ese uso constitúa unha violación dos dereitos do titular da marca en virtude dos números 2 e 3, o titular desa marca terá dereito a prohibir os seguintes actos no tráfico económico:

a) A colocación dun signo idéntico ou similar á marca na embalaxe, as etiquetas, os rótulos, os elementos de seguridade ou dispositivos de autenticidade ou outros soportes en que se poida colocar a marca.

b) A oferta ou comercialización, ou o almacenamento para tales fins, ou ben a importación ou exportación de embalaxes, etiquetas, rótulos, elementos de seguridade ou dispositivos de autenticidade, ou outros soportes en que estea colocada a marca.

5. Sen prexuízo dos dereitos dos titulares adquiridos antes da data de presentación da solicitude ou da data da prioridade da marca rexistrada, o titular desa marca rexistrada tamén terá dereito a impedir que, no tráfico económico, terceiros introduzan produtos en España, sen que sexan despachados a libre práctica, cando se trate de produtos, incluída a súa embalaxe, que proveñan de terceiros países e que leven sen autorización unha marca idéntica á marca rexistrada para eses produtos, ou que non se poida distinguir nos seus aspectos esenciais da dita marca.

Este dereito conferido ao titular da marca rexistrada extinguirase se durante o procedemento para determinar se se violou a marca rexistrada, iniciado de conformidade co Regulamento (UE) n.º 608/2013, o declarante ou o titular dos produtos acredita que o titular da marca rexistrada non ten dereito a prohibir a comercialización dos produtos no país de destino final.

6. O titular dunha marca rexistrada poderá impedir que os comerciantes ou distribuidores supriman a dita marca sen o seu expreso consentimento, ben que non poderá impedir que engadan por separado marcas ou signos distintivos propios, sempre que isto non menoscabe a distintividade da marca principal.

7. As disposicións deste artigo aplicaranse á marca non rexistrada «notoriamente coñecida» en España no sentido do artigo 6 bis do Convenio de París, salvo o previsto na letra c) do número 2.»

Dezaioito. Modifícase o artigo 35, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 35. *Reproducción da marca en dicionarios.*

Se a reprodución dunha marca nun dicionario, unha enciclopedia ou unha obra de consulta similar, en formato impreso ou electrónico, dá a impresión de que constitúe o termo xenérico dos produtos ou servizos para os que está rexistrada a marca, o editor da obra, por petición do titular da marca, velará por que a reprodución desta vaia acompañada sen demora, e no caso de obras en formato impreso, como máis tarde na seguinte edición da obra, da indicación de que se trata dunha marca rexistrada.»

Dezanove. Modifícase o artigo 37, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 37. *Limitacións do dereito de marca.*

1. Unha marca non permitirá ao seu titular prohibir a un terceiro facer uso no tráfico económico:

- a) Do seu nome ou enderezo, cando o terceiro sexa unha persoa física.
- b) De signos ou indicacións carentes de carácter distintivo ou relativos á especie, á calidade, á cantidade, ao destino, ao valor, á procedencia xeográfica, á época de produción do produto ou da prestación do servizo ou a outras características do produto ou servizo.
- c) Da marca, para efectos de designar produtos ou servizos como correspondentes ao titular desa marca ou de facer referencia a eles, en particular cando o uso desa marca sexa necesario para indicar o destino dun produto ou dun servizo, en particular como accesorios ou pezas de recambio.

2. O número 1 só se aplicará se a utilización polo terceiro é conforme coas prácticas leais en materia industrial ou comercial.

3. O dereito de marca non se poderá invocar para eximir o seu titular de responder fronte ás accións dirixidas contra el por violación doutros dereitos de propiedade industrial ou intelectual que teñan unha data de prioridade anterior.»

Vinte. Modifícase o artigo 39, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 39. *Uso da marca.*

1. Se no prazo de cinco anos contados desde a data do seu rexistro, a marca non fose obxecto, por parte do seu titular, dun uso efectivo en España para os produtos ou servizos para os cales estea rexistrada, ou se tal uso fose suspendido durante un prazo ininterrompido de cinco anos, a marca quedará sometida aos límites e ás sancións previstos no artigo 21, números 3 e 5, no artigo 41, número 2, no artigo 54, número 1, letra a), e no artigo 59, números 4 e 5, salvo que existan causas que xustifiquen a falta de uso.

2. A data de cinco anos a que se refire o número anterior iniciárase a partir do día en que o rexistro da marca sexa firme. Esta data anotarase no Rexistro de Marcas.

3. Serán igualmente considerados como uso para efectos do disposto no número 1:

a) o uso da marca nunha forma que difira en elementos que non alteren o carácter distintivo da marca na forma baixo a cal esta fose rexistrada, con independencia de se a marca está ou non rexistrada, así mesmo, a nome do titular na forma en que se use.

b) pór a marca nos produtos ou na súa presentación con fins exclusivamente de exportación.

4. O uso da marca con consentimento do titular considerárase feito polo titular.

5. Recoñeceranse como causas xustificativas da falta de uso da marca as circunstancias obstativas que sexan independentes da vontade do seu titular, como as restricións á importación ou outros requisitos oficiais impostos aos produtos ou servizos para os que estea rexistrada.»

Vinte e un. Modifícase o número 2 do artigo 41, que queda redactado da seguinte forma:

«2. O titular dunha marca poderá prohibir a utilización dun signo só na medida en que os dereitos do titular non poidan ser obxecto dunha declaración de caducidade conforme o artigo 54, número 1, letra a) no momento de interpor a acción por violación. Se o demandado o solicita, o titular da marca acreditará que, durante o período de cinco anos anterior á data de presentación da acción, a marca se usou efectivamente conforme o previsto no artigo 39 para os produtos ou servizos para os cales está rexistrada e en que se fundamenta a acción, ou que existen causas xustificativas para a súa falta de uso, sempre que o rexistro definitivo da marca se producise polo menos cinco anos antes da data de presentación da acción.»

Vinte e dous. Introdúcese un novo artigo 41 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 41 bis. *Protección do dereito do titular dunha marca posterior nos procesos por violación de marca.*

1. Nas accións por violación, o titular dunha marca non poderá prohibir a utilización dunha marca rexistrada posterior se esta última non se puidese declarar nula conforme o artigo 52, número 2, o artigo 53 ou o artigo 59, número 5.

2. Nas accións por violación, o titular dunha marca non poderá prohibir a utilización dunha marca da Unión rexistrada posterior se esta última non se puidese declarar nula conforme o artigo 60, números 1, 3 ou 4, o artigo 61, números 1 e 2, ou o artigo 64, número 2, do Regulamento (UE) n.º 2017/1001.

3. Cando o titular dunha marca non teña dereito a prohibir a utilización dunha marca rexistrada posterior en virtude dos números 1 ou 2, o titular desta marca posterior non poderá prohibir a utilización da marca anterior nunha acción por violación, aínda que o dereito da dita marca anterior non poida xa invocarse fronte á marca posterior.»

Vinte e tres. Modifícase o artigo 42, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 42. *Orzamentos da indemnización de danos e perdas.*

1. Os que, sen consentimento do titular da marca, realicen algún dos actos previstos na letra a) do número 3 e no número 4 do artigo 34, así como os responsables da primeira comercialización dos produtos ou servizos ilicitamente

marcados, estarán obrigados en todo caso a responder dos danos e perdas causados.

2. Todos aqueles que realicen calquera outro acto de violación da marca rexistrada só estarán obrigados a indemnizar os danos e perdas causados se foron advertidos suficientemente polo titular da marca ou, se for o caso, pola persoa lexitimada para exercer a acción acerca da existencia desta, convenientemente identificada, e da súa violación, co requirimento de que cesen nela, ou cando na súa actuación mediou culpa ou negligencia ou a marca en cuestión foi renomeada.»

Vinte e catro. Modifícanse os números 2 e 3 do artigo 43, que quedan redactados da seguinte forma:

«2. Para fixar a indemnización por danos e perdas terase en conta, a elección do prexudicado:

a) As consecuencias económicas negativas, entre elas os beneficios que o titular obtería mediante o uso da marca se non tivese lugar a violación ou, alternativamente, os beneficios que obtivo o infractor como consecuencia da violación.

b) Unha cantidade a prezo global que ao menos comprenda a cantidade que o infractor debería ter pagado ao titular da marca pola concesión dunha licenza que lle permitise levar a cabo a súa utilización conforme dereito.

No caso de dano moral, procederá a súa indemnización, aínda non probada a existencia do prexuízo económico.

3. Para a fixación da indemnización terase en conta, entre outras circunstancias, o renome e prestixio da marca e o número e clase de licenzas concedidas no momento en que comezou a violación. No caso de dano no prestixio da marca atenderase, ademais, ás circunstancias da infracción, gravidade da lesión e grao de difusión no mercado.»

Vinte e cinco. Modifícase o número 1 do artigo 47, que queda redactado da seguinte forma:

«1. A transmisión da empresa na súa totalidade implicará a cesión da marca, a non ser que exista acordo en contrario ou que as circunstancias determinen claramente o contrario. Esta disposición será aplicable á obrigação contractual de transmitir a empresa.»

Vinte e seis. Introdúcense dous novos números 7 e 8 no artigo 48, coa seguinte redacción:

«7. Sen prexuízo do estipulado no contrato de licenza, o licenciario só poderá exercer accións relativas á violación dunha marca co consentimento do titular desta. Porén, o titular dunha licenza exclusiva poderá exercer tal acción cando o titular da marca, tendo sido requirido, non exercese por si mesmo a acción por violación. Para estes efectos, será de aplicación ao licenciario exclusivo da marca o disposto no artigo 117.3 e 4 da Lei 24/2015, do 24 de xullo, de patentes.

8. No procedemento por violación de marca interposto polo titular da marca poderá intervir calquera licenciario co fin de obter reparación do prexuízo que se lle causase.»

Vinte e sete. Modifícase o título VI, que queda redactado da seguinte forma:

«TÍTULO VI

Nulidade e caducidade da marca

CAPÍTULO I

Nulidade

Artigo 51. *Causas de nulidade absoluta.*

1. O rexistro da marca poderase declarar nulo mediante solicitude presentada ante a Oficina Española de Patentes e Marcas ou mediante demanda reconvenicional nunha acción por violación de marca:

- a) Cando contraveña o disposto no artigo 5 da presente lei.
- b) Cando ao presentar a solicitude de marca o solicitante actuase de mala fe.

2. A acción para pedir a nulidade absoluta dunha marca rexistrada é imprescritible.

3. Non poderá ser declarada a nulidade dunha marca cando, téndose rexistrado contravindo o artigo 5, número 1, letras b), c) ou d), a dita marca adquirise, antes da data de presentación da solicitude de nulidade ou demanda reconvenicional de nulidade, un carácter distintivo para os produtos ou servizos para os cales esta rexistrada polo uso que fixese dela o seu titular ou co seu consentimento.

4. Se a causa de nulidade soamente existe para unha parte dos produtos ou servizos para os cales esta rexistrada a marca, a súa declaración só se estenderá aos produtos ou servizos afectados.

Artigo 52. *Causas de nulidade relativa.*

1. O rexistro da marca poderase declarar nulo mediante solicitude presentada ante a Oficina Española de Patentes e Marcas ou mediante demanda reconvenicional nunha acción por violación de marca cando contraveña o disposto nos artigos 6, 7, 8, 9 e 10.

2. O titular dun dereito anterior dos recollidos nos artigos 6, 7, 8 e 9.1 que tolerase o uso dunha marca posterior rexistrada durante un período de cinco anos consecutivos con coñecemento do dito uso, non poderá solicitar no sucesivo a nulidade da marca posterior baseándose no devandito dereito anterior para os produtos ou os servizos para os cales se utilizase a marca posterior, salvo que a solicitude desta se efectuase de mala fe. No suposto recollido neste número, o titular da marca posterior non se poderá opor ao uso do dereito anterior malia que ese dereito xa non se poida invocar contra a marca posterior.

3. Non se poderá declarar nula unha marca cando, antes da presentación da solicitude de nulidade ou da demanda de reconvenición, o titular dun dos dereitos recollidos nos artigos citados no número 1 dese expresamente o seu consentimento ao rexistro desa marca.

4. O titular dalgún dos dereitos recollidos nos artigos citados no número 1 que solicitase previamente a nulidade dunha marca ou presentase demanda de reconvenición nunha acción por violación de marca, non poderá presentar outra solicitude de nulidade nin unha demanda de reconvenición fundada sobre outro deses dereitos que puidese ter alegado en apoio da primeira demanda.

5. Será de aplicación o previsto no número 4 do artigo 51.

Artigo 53. *Ausencia de carácter distintivo ou de renome dunha marca anterior que impide declarar a nulidade dunha marca rexistrada posterior.*

Unha solicitude de nulidade baseada nunha marca anterior non prosperará se non prosperou na data de presentación ou na data de prioridade da marca rexistrada posterior por algún dos seguintes motivos:

a) Que a marca anterior, susceptible de ser declarada nula en virtude do artigo 5, número 1, letras b), c) ou d), aínda non adquirise carácter distintivo a teor do artigo 51, número 3.

b) Que a solicitude de nulidade se basee no artigo 6, número 1, letra b), e a marca anterior aínda non adquirise un carácter suficientemente distintivo para fundamentar a existencia de risco de confusión, a teor do citado artigo 6, número 1, letra b).

c) Que a solicitude de nulidade se basee no artigo 8, número 1, e a marca anterior aínda non adquirise renome a teor do devandito artigo 8, número 1.

CAPÍTULO II

Caducidade

Artigo 54. *Caducidade.*

1. Declararase a caducidade da marca mediante solicitude presentada ante a Oficina Española de Patentes e Marcas ou mediante unha demanda de reconvención nunha acción por violación de marca:

a) Cando non fose usada conforme o artigo 39 desta lei.

b) Cando no comercio se convertese, pola actividade ou inactividade do seu titular, na designación usual dun produto ou dun servizo para o que estea rexistrada.

c) Cando como consecuencia do uso que dela fixese o titular da marca, ou que se fixese co seu consentimento, para os produtos ou servizos para os que estea rexistrada, a marca poida inducir o público a erro, especialmente acerca da natureza, a calidade ou a procedencia xeográfica destes produtos ou servizos.

2. Se a causa de caducidade soamente existe para unha parte dos produtos ou servizos para os cales estea rexistrada a marca, a súa declaración só se estenderá aos produtos ou servizos afectados.

3. Así mesmo, a Oficina Española de Patentes e Marcas declarará a caducidade da marca:

a) Cando non fose renovada conforme o previsto no artigo 32 da presente lei.

b) Cando fose obxecto de renuncia polo seu titular.

Artigo 55. *Caducidade por falta de renovación.*

1. Cando existan embargos inscritos sobre unha marca ou unha acción reivindicatoria en curso e o seu titular non a renovase, non caducará a dita marca até o levantamento do embargo ou a desestimación definitiva da acción reivindicatoria. Se, como consecuencia destes procedementos, se produce un cambio na titularidade da marca, o novo titular poderá renovala no prazo de dous meses contados desde a data en que a sentenza sobre a acción reivindicatoria gane firmeza ou desde que a autoridade ou tribunal competente notifique á Oficina Española de Patentes e Marcas a adxudicación definitiva da marca embargada. Transcorrido este prazo, a marca caducará se non foi renovada.

2. Tampouco caducará unha marca por falta de renovación cando se encontre inscrita no Rexistro de Marcas unha hipoteca mobiliaria sobre ela. O titular hipotecario, se o propietario da marca non o realizou, poderá solicitar a renovación

en nome deste último no prazo de dous meses contados desde a finalización do prazo de demora previsto no artigo 32.3 desta lei. O titular hipotecario tamén poderá aboar as taxas de renovación no prazo de dous meses desde a finalización do prazo en que deberon ser pagadas polo propietario. A inactividade do titular hipotecario nos prazos previstos determinará a caducidade da marca, o que se comunicará en forma telemática ao Rexistro de Bens Mobles na forma establecida no artigo 46.2 desta lei.

Artigo 56. *Renuncia da marca.*

1. O titular poderá renunciar a toda a marca ou a parte dos produtos ou servizos para os cales estea rexistrada.

2. A renuncia deberá presentarse ante a Oficina Española de Patentes e Marcas ou os órganos a que se refire o artigo 11, por escrito e só terá efectos unha vez inscrita no Rexistro de Marcas. Se a solicitude se presenta ante un órgano distinto da Oficina Española de Patentes e Marcas, o órgano que a reciba remitirá a aquela, xunto coa documentación que a acompañe, no prazo de cinco días seguintes á súa recepción.

3. Non se poderá admitir a renuncia do titular dunha marca sobre a que existan dereitos reais, opcións de compra, embargos ou licenzas inscritos no Rexistro de Marcas, sen que conste o consentimento dos titulares deses dereitos. Tampouco se admitirá a renuncia se existe en curso unha acción reivindicatoria sobre a marca e non consta o consentimento do demandante.

Artigo 57. *Caducidade por falta de uso da marca.*

Na solicitude ou demanda reconvenional de caducidade por falta de uso da marca corresponderá ao seu titular demostrar que foi usada conforme o artigo 39 ou que existen causas xustificativas da falta de uso. Non se poderá declarar a caducidade da marca se, no intervalo entre a expiración do período de cinco anos a que se refire o artigo 39 e a presentación da solicitude ou demanda reconvenional de caducidade, se iniciase ou reiniciase un uso efectivo da marca; non obstante, o comezo ou o reinicio do uso nun prazo de tres meses anterior á presentación da solicitude ou demanda reconvenional de caducidade, prazo que empezará a correr en data non anterior á de expiración do período ininterrompido de cinco anos de non utilización, non se tomará en conta se os preparativos para o inicio ou o reinicio do uso se produciron despois de ter coñecido o titular que a solicitude ou demanda reconvenional de caducidade podería ser presentada.

CAPÍTULO III

Disposicións comúns

Artigo 58. *Solicitude de nulidade ou caducidade.*

1. Poderán presentar ante a Oficina Española de Patentes e Marcas unha solicitude de nulidade ou caducidade do rexistro da marca:

a) Nos casos previstos nos artigos 51 e 54.1. a), b) e c), calquera persoa física ou xurídica, así como as agrupacións ou organismos que representen fabricantes, produtores, prestadores de servizos ou comerciantes e as asociacións de consumidores e usuarios, legalmente constituídas e inscritas conforme a lexislación estatal ou autonómica que lles resulte de aplicación, que se consideren prexudicados e teñan capacidade procesual.

b) Nos casos previstos no artigo 52, as persoas recollidas nas letras b) a e) do artigo 19, número 1.

2. A solicitude deberase formular mediante escrito motivado e debidamente documentado e só se terá por presentada unha vez que se pague a taxa correspondente.

3. Poderase dirixir unha solicitude de caducidade ou de nulidade contra a totalidade ou unha parte dos produtos ou servizos para os que estea rexistrada a marca impugnada.

4. Poderase presentar unha solicitude de nulidade sobre a base dun ou máis dereitos anteriores sempre que pertencen todos ao mesmo titular.

Artigo 59. *Exame da solicitude de nulidade e caducidade.*

1. Unha vez recibida a solicitude de nulidade ou caducidade, a Oficina Española de Patentes e Marcas dará traslado dela ao titular da marca impugnada para que, no prazo que regulamentariamente se determine, presente as súas alegacións e probas. No curso do exame da solicitude de nulidade ou caducidade, a Oficina poderá requirir as partes, tantas veces considere necesario, para que, no prazo que regulamentariamente se estableza, contesten as alegacións ou probas presentadas pola outra parte.

2. Por instancia do titular da marca impugnada, o titular da marca anterior que sexa parte no procedemento de nulidade achegará proba de que, no curso dos cinco anos anteriores á solicitude de nulidade, a marca anterior foi obxecto dun uso efectivo, tal como establece o artigo 39, para os produtos ou os servizos para os cales estea rexistrada, e nos cales se basea a solicitude de nulidade, ou de que existiron causas xustificativas para a falta de uso, coa condición de que o procedemento de rexistro da marca anterior finalizase polo menos cinco anos antes da data de presentación da solicitude de nulidade.

3. Se na data de presentación da solicitude ou na data de prioridade da marca impugnada, expírase o prazo de cinco anos durante o cal a marca anterior debía ter sido obxecto dun uso efectivo conforme o previsto no artigo 39, o titular da marca anterior, ademais da proba exixida en virtude do número 2 do presente artigo, achegará a proba de que, no curso dos cinco anos anteriores á data de presentación da solicitude ou á data de prioridade da marca impugnada, a marca anterior foi obxecto dun uso efectivo, ou de que existiron causas xustificativas para a súa falta de uso.

4. No suposto recollido no número 2, e se se cumpren os requisitos previstos nel, a Oficina Española de Patentes e Marcas dará traslado da petición ao titular da marca anterior para que, no prazo que regulamentariamente se determine, presente a correspondente proba de uso conforme o previsto nos números 2 e 3. A Oficina tamén dará traslado ao titular da marca impugnada da proba presentada para que, no prazo que regulamentariamente se estableza, presente as súas alegacións.

5. A falta das probas a que se refiren os números 2 e 3, a solicitude de nulidade baseada nunha marca anterior desestimarase.

6. Se a marca anterior se utilizou conforme o disposto no artigo 39, soamente para unha parte dos produtos ou servizos para os que estivese rexistrada, para efectos do exame da solicitude de nulidade, considerarase rexistrada soamente para a dita parte dos produtos ou servizos.

7. Os números 2 a 6 deste artigo serán de aplicación tamén cando a marca anterior sexa unha marca da Unión. En tal caso, o uso efectivo dunha marca da Unión determinarase de acordo co establecido no artigo 18 do Regulamento (UE) n.º 2017/1001.

Artigo 60. *Efectos da caducidade e da nulidade.*

1. A marca rexistrada considerarase que non tivo, a partir da data da solicitude de caducidade ou da demanda de reconvención, os efectos sinalados na presente lei na medida en que se declarase a caducidade dos dereitos do titular. Por instancia

de parte poderá fixarse na resolución sobre a solicitude ou demanda de caducidade unha data anterior en que se producise algunha das causas de caducidade.

2. A marca rexistrada considerarase que non tivo, desde o principio, os efectos sinalados na presente lei na medida en que se declarase a nulidade da marca.

3. Sen prexuízo da indemnización de danos e perdas a que dese lugar cando o titular da marca actuase de mala fe, o efecto retroactivo da nulidade ou caducidade non afectará:

a) As resolucións sobre violación da marca que adquirisen forza de cousa xulgada e fosen executadas antes da declaración de nulidade ou caducidade.

b) Os contratos concluídos antes da declaración de nulidade ou caducidade na medida en que fosen executados con anterioridade a esa declaración. Malia isto, por razóns de equidade, e na medida en que o xustifiquen as circunstancias, será posible reclamar a restitución de sumas pagadas en virtude do contrato.

4. Cando se declare a caducidade ou nulidade dunha marca, o acreedor hipotecario poderá dar por vencida a obrigación garantida.

Artigo 61. *Firmeza das resolucións xudiciais e administrativas.*

1. Os tribunais desestimarán toda demanda de reconvenção por nulidade ou caducidade se a Oficina Española de Patentes e marcas xa se pronunciase con anterioridade, mediante resolución xa firme, sobre unha solicitude co mesmo obxecto e coa mesma causa, entre as mesmas partes.

2. A Oficina Española de Patentes e Marcas non admitirá unha solicitude de nulidade ou caducidade cando un tribunal ou a propia oficina resolvesen entre as mesmas partes unha demanda reconvenicional ou unha solicitude co mesmo obxecto e a mesma causa e esa sentenza ou resolución adquirise firmeza.

3. Non poderá solicitar ante a Oficina Española de Patentes e Marcas ou demandar ante a xurisdición civil a nulidade dunha marca, invocando a mesma causa de nulidade que fose xa obxecto de pronunciamento, en canto ao fondo da cuestión, en sentenza firme ditada en recurso contencioso-administrativo, quen fose parte nel.

Artigo 61 bis. *Normas en materia de conexión de causas.*

1. A non ser que existan razóns especiais para proseguir o procedemento, o tribunal ante o que se formulase unha demanda reconvenicional por nulidade ou caducidade de marca, suspenderá a súa decisión de oficio, logo de audiencia das partes, ou por instancia de parte e logo de audiencia das demais, se a validez da marca xa estivese impugnada ante outro tribunal ou ante a Oficina Española de Patentes e Marcas.

2. A non ser que existan razóns especiais para proseguir o procedemento, a Oficina Española de Patentes e Marcas suspenderá de oficio a resolución dunha solicitude de nulidade ou caducidade de marca, logo de audiencia das partes, ou por instancia de parte e logo de audiencia das demais, se a validez da marca está xa impugnada mediante demanda de reconvenção ante un tribunal.

3. Cando un tribunal teña que resolver sobre unha violación de marca e a dita marca estivese pendente dunha demanda ou solicitude de nulidade ou caducidade ante outro tribunal ou ante a Oficina Española de Patentes e Marcas, o tribunal, por petición de ambas as partes ou dunha delas, oída a contraria, poderá, mediante auto, decretar a suspensión do proceso, até que o outro tribunal ou a Oficina diten resolución firme sobre a nulidade ou caducidade formuladas.

4. A pendencia ou litispendencia, con todos os seus efectos procedementais ou procesuais, producirase desde a presentación da solicitude ou demanda, sempre que estas sexan admitidas.

5. Unha vez interposta unha demanda por violación de marca ante un tribunal, o demandado non poderá formular como defensa unha solicitude de nulidade ou caducidade da dita marca ante a Oficina Española de Patentes e Marcas, senón que deberá interpor a correspondente demanda de reconvención ante o devandito tribunal.

6. A acción negatoria non se poderá interpor xunto coa acción de nulidade ou caducidade da marca.

Artigo 61 ter. *Anotacións rexistras e comunicacións entre órganos.*

1. A Oficina Española de Patentes e Marcas anotará no Rexistro de Marcas a interposición de toda solicitude ou demanda de nulidade ou caducidade de marca, así como toda resolución ou sentenza firmes que recaesen sobre elas.

2. O tribunal ante o que se presentase unha demanda de reconvención por nulidade ou caducidade dunha marca comunicará de oficio á Oficina a súa data de interposición. A Oficina, se a dita marca tivese pendente de resolución unha solicitude de nulidade ou caducidade, informará disto o tribunal, así como da ausencia, se for o caso, da dita circunstancia.

3. Se ante a Oficina estivese pendente de resolución unha solicitude de caducidade ou de nulidade da marca de data de presentación anterior á de interposición da demanda de reconvención, o tribunal, unha vez informado conforme o número anterior, suspenderá a decisión de conformidade co artigo 61 bis, número 1, até que a resolución sobre a solicitude sexa firme. A Oficina comunicará esta resolución firme ao tribunal.

4. O tribunal que ditase unha sentenza sobre unha demanda de reconvención por nulidade ou caducidade, que adquirise firmeza, comunicará de oficio a dita sentenza á Oficina Española de Patentes e Marcas para que proceda conforme o previsto no número 1 e, se for o caso, no número 5.

5. Unha vez firme a resolución ou sentenza que declare a nulidade ou caducidade da marca, a Oficina Española de Patentes e Marcas procederá inmediatamente á cancelación da inscrición do rexistro e á súa publicación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial». No caso de que a marca cancelada tivese inscrita unha hipoteca mobiliaria vixente, a cancelación notificarase telematicamente ao Rexistro de Bens Móbiles.»

Vinte e oito. Modifícase o artigo 62, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 62. *Concepto e titularidade.*

1. Entenderase por marca colectiva todo signo que, cumprindo os requisitos previstos no artigo 4, sirva para distinguir os produtos ou servizos dos membros da asociación titular da marca dos produtos ou servizos doutras empresas.

2. Só poderán solicitar marcas colectivas as asociacións de fabricantes, produtores, prestadores de servizos ou comerciantes que teñan capacidade, no seu propio nome, para seren titulares de dereitos e obrigacións, subscribiren contratos ou realizaren outros actos xurídicos, e que teñan capacidade procesual, así como as persoas xurídicas de dereito público.

3. Non obstante o disposto no artigo 5.1.c), poderanse rexistrar como marcas colectivas os signos ou indicacións que poidan servir no comercio para sinalar a procedencia xeográfica dos produtos ou dos servizos. O dereito conferido pola marca colectiva non permitirá ao seu titular prohibir a un terceiro o uso no comercio de tales signos ou indicacións, sempre que o devandito uso se realice conforme prácticas leais en materia industrial ou comercial; en particular, a dita marca non poderá oporse a un terceiro autorizado a utilizar unha denominación xeográfica.»

Vinte e nove. Modifícase o artigo 66, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 66. *Causas de nulidade.*

Ademais de polas causas de nulidade previstas nos artigos 51 e 52, declararase a nulidade do rexistro dunha marca colectiva, mediante solicitude presentada ante a Oficina Española de Patentes e Marcas ou mediante unha demanda de reconvenção nunha acción por violación, cando fose rexistrada contravindo o disposto no artigo 64, salvo que o titular da marca, por unha modificación do regulamento de uso, cumprise as prescricións das citadas disposicións.»

Trinta. Modifícase o artigo 67, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 67. *Causas de caducidade.*

Ademais de polas causas de caducidade sinaladas no artigo 54, declararanse caducados os dereitos do titular dunha marca colectiva, mediante solicitude presentada ante a Oficina Española de Patentes e Marcas ou mediante unha demanda de reconvenção nunha acción por violación:

a) Cando o titular non adopte medidas razoables para previr calquera uso da marca que non sexa compatible coas condicións de uso estipuladas polo regulamento de uso, incluída calquera modificación deste que fose inscrita no rexistro.

b) Cando como consecuencia do uso da marca realizado por persoas autorizadas, esta poida inducir o público a erro conforme o previsto no artigo 64, número 2.

c) Cando a modificación do regulamento de uso da marca se inscriba no rexistro contravindo o disposto no artigo 65, número 1, salvo se o titular da marca, mediante unha nova modificación do regulamento de uso, se axusta aos requisitos fixados no devandito artigo.

Trinta e un. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 68, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. Entenderase por marca de garantía todo signo que, cumprindo os requisitos previstos no artigo 4, sirva para distinguir os produtos ou servizos que o titular da marca certifica respecto dos materiais, o modo de fabricación dos produtos ou de prestación dos servizos, a orixe xeográfica, a calidade, a precisión ou outras características dos produtos e servizos que non posúan esa certificación.

2. Toda persoa física ou xurídica, incluídas as institucións, autoridades e organismos de dereito público, poderá solicitar marcas de garantía, coa condición de que as ditas persoas non desenvolvan unha actividade empresarial que implique a subministración de produtos ou a prestación de servizos do tipo que se certifica.»

Trinta e dous. Modifícase o artigo 72, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 72. *Causas de nulidade.*

Ademais de polas causas de nulidade previstas nos artigos 51 e 52, declararase a nulidade do rexistro dunha marca de garantía, mediante solicitude presentada ante a Oficina Española de Patentes e Marcas ou mediante unha demanda de reconvenção nunha acción por violación, cando fose rexistrada contravindo o disposto no artigo 70, salvo que o titular da marca, por unha modificación do regulamento de uso, cumprise as prescricións das citadas disposicións.»

Trinta e tres. Modifícase o artigo 73, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 73. *Causas de caducidade.*

Ademais de polas causas de caducidade sinaladas no artigo 54, declararanse caducados os dereitos do titular dunha marca de garantía, mediante solicitude presentada ante a Oficina Española de Patentes e Marcas ou mediante unha demanda de reconvencción nunha acción por violación:

a) Cando o titular deixe de cumprir os requisitos establecidos no artigo 68, número 2.

b) Cando o titular non adopte medidas razoables para previr calquera uso da marca que non sexa compatible coas condicións de uso estipuladas polo regulamento de uso, incluída calquera modificación deste que fose inscrita no rexistro.

c) Cando como consecuencia do uso permitido polo titular da marca, esta poida inducir ao público a erro conforme o previsto en artigo 70, número 2.

d) Cando a modificación do regulamento de uso da marca se inscriba no rexistro contravindo as disposicións do artigo 71, número 1, salvo se o titular da marca, mediante unha nova modificación do regulamento de uso, se axusta aos requisitos fixados polas ditas disposicións.»

Trinta e catro. Modifícase o artigo 76, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 76. *Exercicio da acción por violación de marca.*

1. As disposicións do artigo 48, números 7 e 8, relativas aos dereitos dos licenciatarios, aplicaranse, así mesmo, a toda persoa facultada para utilizar unha marca colectiva.

2. No caso das marcas de garantía, unicamente o seu titular ou persoa especificamente autorizada por este poderá exercer unha acción por violación de marca.

3. O titular dunha marca colectiva ou de garantía poderá reclamar, en nome das persoas facultadas para utilizar a marca, a reparación do dano que estas sufrisen polo uso non autorizado da marca.»

Trinta e cinco. Modifícase o artigo 77, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 77. *Cesión das marcas colectivas ou de garantía.*

As marcas colectivas ou de garantías só se poderán ceder, respectivamente, a unha persoa que cumpra os requisitos do artigo 62, número 2, ou do artigo 68, número 2.»

Trinta e seis. Modifícase a letra d) do número 2 do artigo 83, que queda redactada como segue:

«d) Designar un domicilio para efectos de notificacións, de conformidade co artigo 29.4.»

Trinta e sete. Modifícase o título IX, que queda redactado da seguinte forma:

«TÍTULO IX

Marcas da Unión Europea

«Artigo 84. *Presentación dunha solicitude de marca da Unión.*

A presentación dunha solicitude de marca da Unión efectuarase na Oficina da Propiedade Intelectual da Unión Europea, de conformidade co previsto no artigo 30

do Regulamento (UE) n.º 2017/1001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017, sobre a marca da Unión Europea.

Artigo 85. *Declaración posterior da caducidade ou nulidade.*

Cando unha marca da Unión se beneficie da antigüidade dunha marca anterior con efectos en España, poderase declarar a caducidade ou nulidade desta marca anterior, aínda que esta xa estivese extinguida pola falta de renovación, renuncia do titular ou impago das taxas de mantemento, se for o caso, sempre que a caducidade ou nulidade se puidese declarar no momento da renuncia ou extinción. Neste caso a antigüidade deixará de producir efecto.»

Artigo 86. *Transformación da marca da Unión.*

1. O procedemento de transformación dunha solicitude ou dunha marca da Unión en solicitude de marca nacional iniciarase coa recepción pola Oficina Española de Patentes e Marcas da petición de transformación que lle transmita a Oficina da Propiedade Intelectual da Unión Europea.

2. No prazo que regulamentariamente se estableza desde a recepción da petición de transformación pola Oficina Española de Patentes e Marcas, o solicitante deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Aboar as taxas establecidas no artigo 12.2 desta lei.
- b) Presentar unha tradución para o castelán da petición de transformación e dos documentos que a acompañan cando non estean redactados neste idioma.
- c) Designar un domicilio para efectos de notificacións, de conformidade co artigo 29.4.
- d) Subministrar catro reproducións da marca se esta fose gráfica ou contivese elementos gráficos.

3. Se no prazo previsto no número anterior non se cumpren os requisitos exixidos nel, a solicitude de transformación terase por desistida. Se os requisitos son cumpridos, a Oficina Española de Patentes e Marcas resolverá sobre a admisibilidade da transformación solicitada conforme o previsto nos artigos 139.2 e 141.1 Regulamento (UE) n.º 2017/1001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017, sobre a marca da Unión Europea.»

4. A solicitude de transformación considerarase presentada na data de presentación que se lle outorgase como solicitude de marca da Unión e, se tiña prioridade ou antigüidade reivindicada, gozará destes dereitos. Polo demais, a solicitude de transformación tramitarase como unha solicitude de marca nacional. Non obstante, se a solicitude de transformación se refirire a unha marca da Unión xa rexistrada, acordarase sen máis trámite a súa concesión como marca nacional, e aplicaráselle as disposicións do artigo 22.4, salvo que, debido á renuncia, falta de renovación ou calquera outra causa provocada polo seu titular, quedase pendente de pronunciamento en canto ao fondo algún motivo de nulidade ou caducidade capaz de afectar a protección da marca en España, caso en que se tramitará como unha solicitude de marca nacional. Contra o acordo de concesión directa previsto neste número non se poderá formular recurso baseado na concorrencia de prohibicións absolutas ou relativas, pero si se poderá fundar no incumprimento dos requisitos exixidos para a válida transformación ou concesión directa da marca da Unión solicitada.

5. Para os efectos do previsto nos artigos 31 e 32 da presente lei, considerarase como data de presentación a do día en que a solicitude de transformación sexa recibida pola Oficina Española de Patentes e Marcas.»

Trinta e oito. Modifícase a disposición adicional primeira, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional primeira. *Xurisdición e normas procesuais.*

1. As normas vixentes contidas no título XII da Lei 24/2015, do 24 de xullo, de patentes, serán de aplicación ás distintas modalidades de signos distintivos regulados na presente lei en todo aquilo que non sexa incompatible coa súa propia natureza ou contrario ao previsto nela, todo isto sen prexuízo do disposto nos seguintes números.

2. A competencia para declarar a nulidade e caducidade dos signos distintivos regulados na presente lei corresponderá por vía directa á Oficina Española de Patentes e Marcas e por vía de reconvencción á xurisdición civil, de acordo co previsto nos artigos 51, 52 e 54.

3. Os xulgados do mercantil que, conforme a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, teñen atribuídas as funcións de xulgados de marcas da Unión en aplicación do Regulamento (UE) n.º 2017/1001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017, sobre a marca da Unión Europea, serán competentes para coñecer dos litixios civís que deriven da presente lei cando se exerzan de maneira acumulada accións concernentes a marcas da Unión e nacionais ou internacionais idénticas ou similares; ou se existe calquera outra conexión entre as pretensións e ao menos unha delas estea baseada nun rexistro ou solicitude de marca da Unión. Nestes casos a competencia corresponderá en exclusiva aos xulgados de marca comunitaria.»

Trinta e nove. Modifícase a disposición adicional décimo cuarta, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional décimo cuarta. *Prohibición de outorgamento de denominacións de persoas xurídicas que poidan orixinar confusión cunha marca ou nome comercial renomeados.*

Os órganos rexistrals competentes para o outorgamento ou verificación de denominacións de persoas xurídicas denegarán o nome ou razón social solicitado se coincide ou pode orixinar confusión cunha marca ou nome comercial renomeados nos termos que resultan desta lei, salvo autorización do titular da marca ou nome comercial. »

Corenta. Modifícase a tarifa primeira do anexo, que queda redactada da seguinte forma:

- a) Queda suprimida a letra d) da tarifa 1.1.
- b) Na tarifa primeira engádese unha nova epígrafe 1.12, coa seguinte redacción:

«Nulidade ou caducidade: pola presentación dunha solicitude de nulidade ou caducidade: 200 euros.»

TÍTULO II

Transposición de directiva da Unión Europea en materia de transporte ferroviario**Artigo segundo.** *Modificación da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario.*

A Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, queda modificada nos seguintes termos:

Un. O artigo 3 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 3. *A infraestrutura ferroviaria.*

1. Para os efectos desta lei, entenderanse por infraestrutura ferroviaria as estacións de transporte de viaxeiros e terminais de transporte de mercadorías e a totalidade dos elementos que formen parte das vías principais e das de servizo e os ramais de desviación para particulares, con excepción das vías situadas dentro dos talleres de reparación de material rodante e dos depósitos ou garaxes de máquinas de tracción.

2. No número 1 do anexo IV detállanse os elementos das estacións de transporte de viaxeiros e terminais de transporte de mercadorías.

3. Ademais, terán a consideración de infraestrutura ferroviaria os elementos que se enumeran no número 2 do anexo IV desta lei.»

Dous. O artigo 19.1 queda redactado nos seguintes termos:

«1. A administración das infraestruturas ferroviarias integradas na rede ferroviaria de interese xeral ten por obxecto o mantemento, a explotación e a renovación daquelas, así como tamén a xestión do seu sistema de control, de circulación e de seguridade.

En todo caso, o administrador de infraestruturas é responsable da explotación, do mantemento e da renovación dunha rede e correspóndelle o desenvolvemento das infraestruturas ferroviarias da dita rede, de conformidade coa normativa aplicable.»

Tres. Suprímese o último parágrafo do artigo 19.4.

Catro. A denominación do artigo 20 queda redactada nos seguintes termos:

«Artigo 20. *Paquete de acceso mínimo á infraestrutura ferroviaria e mecanismos de coordinación e cooperación.*»

Cinco. Engádesse un número 2 ao artigo 20, coa seguinte redacción:

«2. Os administradores de infraestruturas establecerán os mecanismos necesarios para coordinarse cos explotadores de instalacións de servizo e cargadores, empresas ferroviarias, así como candidatos autorizados. Cando proceda, invitaranse a participar representantes dos usuarios dos servizos de transporte ferroviario de mercadorías e viaxeiros e as administracións do Estado, das comunidades autónomas e entidades locais.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia velará pola efectiva coordinación prevista neste punto e poderá participar como observadora nas reunións de coordinación que se celebrarán ao menos unha vez ao ano.

A coordinación referirase, entre outros aspectos, ás necesidades dos candidatos en relación co mantemento e desenvolvemento da capacidade das infraestruturas, co contido dos obxectivos de rendemento orientados ao usuario que se poidan establecer nos acordos de cooperación previstos no número 4 do artigo 32 desta lei, contido e aplicación da declaración sobre a rede, cuestións de intermodalidade e interoperabilidade, e calquera outra relacionada coas condicións de acceso á infraestrutura e a calidade dos servizos prestados.

Os administradores de infraestruturas ferroviarias publicarán na súa declaración sobre a rede os mecanismos de coordinación postos en marcha e elaborarán e publicarán directrices para a coordinación logo de consulta coas partes interesadas e publicarán na súa páxina web un informe anual recapitulativo das actividades de coordinación emprendidas.

Os mecanismos de coordinación que se establezan non afectarán o dereito das partes interesadas de presentaren reclamacións ante a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia nin as actuacións de oficio desta.»

Seis. Engádesse un número 3 ao artigo 20, coa seguinte redacción:

«3. Co fin de facilitar a prestación de servizos ferroviarios eficaces e eficientes na Unión Europea, os principais administradores de infraestruturas ferroviarias participarán e cooperarán nunha rede, que celebre reunións a intervalos regulares para desenvolver as infraestruturas ferroviarias da Unión, apoiar a execución puntual e eficaz do espazo ferroviario europeo único, intercambiar boas prácticas, supervisar e comparar resultados, contribuír ás actividades de supervisión do mercado que corresponden á Comisión, combater os colos de botella transfronteirizos e debater a aplicación dos sistemas de canons e adxudicación de capacidade.

A coordinación que se estableza, de acordo con este número, non afectará o dereito das partes interesadas de presentaren reclamacións ante a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia nin as actuacións de oficio de esta.»

Sete. O artigo 21 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 21. *Independencia e imparcialidade do administrador de infraestruturas ferroviarias. Transparencia financeira e externalización das súas funcións.*

1. O administrador de infraestruturas deberá ser unha entidade xurídica distinta de calquera empresa ferroviaria e, no caso das empresas integradas verticalmente, de calquera outra entidade xurídica encadrada nelas. Para tales efectos, deberanse cumprir os seguintes requisitos:

a) Os membros dos órganos superiores de goberno e administración dos administradores de infraestruturas deberán ser imparciais, actuarán de maneira non discriminatoria e non poderán verse afectados por ningún conflito de interese.

b) Será incompatible o exercicio das funcións:

1.º) De administrador ou membro do órgano de administración dun administrador de infraestruturas ferroviarias e do órgano de administración dunha empresa ferroviaria;

2.º) De responsable da toma de decisións sobre as funcións esenciais e membro do órgano de administración dunha empresa ferroviaria;

3.º) Cando exista un órgano supervisor, membro do órgano de supervisión dun administrador de infraestruturas ferroviarias e como membro do órgano de supervisión dunha empresa ferroviaria;

4.º) Membro do órgano de supervisión dunha empresa que forme parte dunha empresa integrada verticalmente e que controle, pola súa vez, unha empresa ferroviaria e un administrador de infraestruturas e como membro do órgano de administración do devandito administrador de infraestruturas.

c) No caso de empresas integradas verticalmente, o administrador ou os membros do órgano de administración do administrador de infraestruturas ferroviarias e as persoas responsables da toma de decisións sobre as funcións esenciais non deben recibir ningunha remuneración baseada nos resultados da empresa de ningunha outra entidade xurídica que forme parte da empresa integrada verticalmente nin deben recibir primas relacionadas principalmente cos resultados

financeiros de empresas ferroviarias en particular. Porén, poden ofrecérselles incentivos relacionados cos resultados globais do sistema ferroviario.

d) No caso de que os sistemas de información sexan comúns a diferentes entidades dentro dunha empresa integrada verticalmente, o acceso a información sensible relacionada con funcións esenciais restrinxirase ao persoal autorizado do administrador de infraestruturas. A información sensible non poderá ser transmitida a outras entidades que formen parte dunha empresa integrada verticalmente.

2. En relación coas funcións esenciais dos administradores xerais de infraestruturas, o administrador de infraestruturas é independente desde o punto de vista organizativo e de toma de decisións. Estas funcións esenciais só se poderán encomendar a outras empresas ou organismos cando teñan forma xurídica, organización e toma de decisións independente de calquera empresa ferroviaria. Para a debida aplicación disto, deberase observar:

a) Ningunha empresa ferroviaria nin ningunha outra entidade xurídica exercerá unha influencia decisiva sobre o administrador de infraestruturas en relación coas funcións esenciais, sen prexuízo do que respecta á definición do marco estatal normativo de fixación dos canons e do marco de adxudicación da capacidade, así como das normas específicas de fixación de canons.

b) Ningunha empresa ferroviaria nin ningunha outra entidade xurídica que forme parte dunha empresa integrada verticalmente poderá ter unha influencia decisiva nas decisións tomadas polo administrador de infraestruturas en relación coas funcións esenciais.

c) Ningunha empresa ferroviaria nin ningunha outra entidade xurídica que forme parte dunha empresa integrada verticalmente poderá ter influencia decisiva nos nomeamentos e destitucións de persoas responsables da toma de decisións sobre funcións esenciais. Non poderá haber conflitos de intereses debidos á mobilidade das persoas responsables das funcións esenciais.

3. Os administradores de infraestruturas só poderán empregar os ingresos procedentes das actividades de xestión da rede de infraestruturas, incluídos os fondos públicos, para financiar a súa propia actividade, incluídos os pagamentos dos seus créditos e, se for o caso, de dividendos aos accionistas, excluindo as empresas que formen parte dunha empresa integrada verticalmente e que controlen tanto unha empresa ferroviaria como o devandito administrador de infraestruturas.

4. No exercicio da actividade comercial e financeira os administradores de infraestruturas terán que observar as seguintes regras:

a) En ningún caso poderán conceder préstamos a empresas ferroviarias nin estas a aqueles, xa sexa de forma directa ou indirecta.

b) Os préstamos entre entidades xurídicas dunha empresa integrada verticalmente só se concederán, desembolsarán e reembolsarán aos tipos e condicións de mercado que reflectan o perfil de risco individual da entidade en cuestión.

c) Os préstamos entre entidades xurídicas dunha empresa integrada verticalmente concedidos antes do 24 de decembro de 2016 manteranse até o seu vencemento, sempre e cando fosen pactados a tipos de mercado e realmente sexan desembolsados e reembolsados.

d) Calquera servizo ofrecido por outras entidades xurídicas dunha empresa integrada verticalmente ao administrador de infraestruturas ferroviarias se baseará en contratos e se pagará ou ben a prezos de mercado ou ben a prezos que reflectan o custo de produción, máis unha marxe de beneficio razoable.

e) As débedas atribuídas ao administrador de infraestruturas ferroviarias separaranse claramente das atribuídas ás outras entidades xurídicas das empresas integradas verticalmente. Estas débedas reembolsaranse por separado. Isto non impide que o pagamento final das débedas se realice a través dunha empresa que

forme parte dunha empresa integrada verticalmente e que controle, pola súa vez, unha empresa ferroviaria e un administrador de infraestruturas e como membros do consello de administración do devandito administrador de infraestruturas, ou a través doutra entidade dentro da empresa.

f) A contabilidade do administrador de infraestruturas ferroviarias e a das outras entidades xurídicas dentro dunha empresa integrada verticalmente levarase de forma que se garanta o cumprimento do presente artigo e permita unha contabilidade separada e un circuíto financeiro transparente dentro da empresa.

g) Dentro das empresas integradas verticalmente, o administrador de infraestruturas manterá rexistros detallados de calquera relación comercial ou financeira coas outras entidades xurídicas da dita empresa.

5. O administrador de infraestruturas ferroviarias exercerá as funcións de xestión do tráfico e planificación do mantemento de maneira transparente e non discriminatoria e garantirase que as persoas responsables da toma desas decisións non estean afectadas por ningún conflito de intereses. En particular:

a) No que respecta á xestión do tráfico, deberase asegurar que as empresas ferroviarias, en casos de interrupcións que as afecten, dispoñen dun acceso pleno e puntual á información pertinente. Cando o administrador de infraestruturas ferroviarias conceda un acceso máis avanzado ao proceso de xestión do tráfico, deberá facelo para as empresas ferroviarias afectadas de forma transparente e non discriminatoria.

b) No que respecta á planificación a longo prazo de mantemento e/ou renovación de gran calado das infraestruturas ferroviarias, o administrador de infraestruturas ferroviarias consultará os candidatos e terá en conta, na maior medida posible, as preocupacións manifestadas.

Os administradores de infraestruturas levarán a cabo a programación dos traballos de mantemento de maneira non discriminatoria.

6. O administrador de infraestruturas ferroviarias, sempre que non xere conflitos de intereses e que se garanta a confidencialidade da información sensible para efectos comerciais, poderá externalizar:

a) Funcións a unha entidade diferente, coa condición de que esta última non sexa unha empresa ferroviaria, non controle unha empresa ferroviaria nin estea controlada por unha empresa ferroviaria. Dentro dunha empresa integrada verticalmente, as funcións esenciais non se externalizarán a ningunha outra entidade da empresa integrada verticalmente, a menos que a dita entidade realice exclusivamente funcións esenciais.

b) A execución de traballos e tarefas relacionadas en relación co desenvolvemento, o mantemento e a renovación das infraestruturas ferroviarias a empresas ferroviarias ou sociedades que controlen a empresa ferroviaria ou estean controladas pola empresa ferroviaria.

O administrador de infraestruturas ferroviarias manterá o poder de supervisión e será responsable en última instancia do exercicio das funcións descritas no número 21 do anexo I.

Calquera entidade que asuma funcións esenciais deberá respectar todas as normas que garantan a independencia do administrador da infraestrutura, a independencia das funcións esenciais, a imparcialidade e a transparencia.»

Oito. O artigo 22 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 22. *Administración xeral das infraestruturas da rede ferroviaria de interese xeral.*

1. A administración das infraestruturas ferroviarias e a súa construción corresponderán, dentro do ámbito de competencia estatal, a unha ou varias entidades públicas empresariais adscritas ao Ministerio de Fomento ou vinculadas ou dependentes doutro organismo público adscrito ao citado ministerio.

Os administradores de infraestruturas terán personalidade xurídica propia, plena capacidade de obrar e patrimonio propio e rexeranse polo establecido nesta lei, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nos seus propios estatutos e nas demais normas que lles sexan de aplicación.

As referencias que nesta lei se efectúan aos administradores xerais de infraestruturas ferroviarias entenderanse referidas ás entidades públicas empresariais previstas neste artigo.

2. Mediante un acordo do Consello de Ministros, adoptado por proposta do ministro de Fomento, poderase decidir que calquera elemento da infraestrutura ferroviaria xa existente e integrado na rede ferroviaria de interese xeral, que estea sendo administrado por un dos administradores de infraestruturas previstos no número 1 deste artigo, pase a ser administrado por outra entidade distinta, das que están recollidas no número 4 do artigo 19, sempre que cumpran os requisitos do artigo 21.

O cambio na entidade administradora implicará as modificacións de titularidade ou de réxime xurídico que sexan precisas, conforme o establecido nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, así como nas demais normas que sexan de aplicación e no contrato a que fai referencia o número 4 do artigo 19. O devandito cambio materializarase por acordo de Consello de Ministros, por proposta do ministro de Fomento.

As transmisións que se efectúen en aplicación deste artigo quedarán en todo caso exentas de calquera tributo estatal, autonómico ou local, incluídos os tributos cedidos ás comunidades autónomas, sen que resulte aplicable a estas o previsto no artigo 9.2 do texto refundido de Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

As indicadas transmisións, actos ou operacións gozarán igualmente de exención de aranceis ou honorarios pola intervención de fedatarios públicos e rexistradores da propiedade e mercantís.»

Novo. O artigo 23.1.d) queda redactado nos seguintes termos:

«d) A prestación do paquete de acceso mínimo á infraestrutura ferroviaria e a realización dos mecanismos de coordinación, recollidos no artigo 20.2.»

Dez. O artigo 23.1.i) queda redactado nos seguintes termos:

«i) A prestación, se for o caso, dos servizos básicos, complementarios e auxiliares ao servizo de transporte ferroviario.»

Once. O artigo 23.1.j) queda redactado nos seguintes termos:

«j) A aprobación e o cobramento dos prezos privados pola prestación dos servizos básicos, complementarios e auxiliares ao servizo de transporte ferroviario.»

Doce. O artigo 23.1.l) queda redactado nos seguintes termos:

«l) A cooperación cos organismos que noutros Estados membros da Unión Europea administren as infraestruturas ferroviarias, prevista no artigo 20.3, para establecer e adxudicar capacidade de infraestrutura que abarque máis dunha rede

nacional, así como a participación e cooperación na Rede Europea de Administradores de Infraestruturas.»

Trece. Engádesse un número 5 ao artigo 23, coa seguinte redacción:

«5. Os administradores xerais de infraestrutura non poderán encomendar a terceiros a realización de funcións inherentes á xestión do sistema de control, de circulación e de seguridade.»

Catorce. Engádesse un número 4 ao artigo 32, coa seguinte redacción:

«4. Suxeito á supervisión da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia un administrador de infraestruturas ferroviarias poderá subscribir acordos de cooperación cunha ou máis empresas ferroviarias de forma non discriminatoria e con vistas a ofrecer vantaxes aos clientes, como prezos reducidos ou unha mellora do funcionamento na parte da rede cuberta polo acordo.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia supervisará a execución dos acordos en cuestión e poderá, en casos debidamente xustificadas, aconsellar a súa rescisión.»

Quince. Engádesse un número 5 ao artigo 32, coa seguinte redacción:

«5. A declaración de rede conterá os criterios que se terán en conta para determinar cando se dá a falta de uso de franxas horarias que, téndose adjudicado, non se utilicen.»

Dezaseis. Engádesse un novo parágrafo ao artigo 37.1, coa seguinte redacción:

«No devandito plan de contingencias enumeraranse os diversos organismos que deben ser informados en caso de incidente importante ou de perturbación grave do tráfico ferroviario.»

Dezasete. Engádesse un número 4 ao artigo 37, coa seguinte redacción:

«4. En caso de que a perturbación poida ter consecuencias sobre o tráfico transfronteirizo, o administrador de infraestruturas compartirá a información pertinente cos demais administradores de infraestruturas cuxa rede e tráfico poidan verse afectados pola perturbación e cooperará con eles para restablecer o tráfico transfronteirizo.»

Dezaoito. O artigo 42.1.h) queda redactado nos seguintes termos:

«h) As instalacións de protección e socorro.»

Dezanove. O artigo 42.1.i) queda redactado nos seguintes termos:

«i) As instalacións de aprovisionamento e subministración de combustible nas ditas instalacións; as cantidades aboadas por estes conceptos mostraranse por separado nas facturas.»

Vinte. Engádesse un parágrafo ao final do artigo 42.1, coa seguinte redacción:

«Son básicos os servizos que se prestan en calquera das instalacións de servizo enumeradas neste número.»

Vinte e un. O primeiro parágrafo do artigo 42.2 queda redactado nos seguintes termos:

«As disposicións deste título aplicaranse a aquelas instalacións referidas no número anterior que ofrezan servizos relacionados co transporte ferroviario na rede ferroviaria de interese xeral, con independencia de quen sexa o titular da instalación ou o explotador dos servizos prestados ás empresas.»

Vinte e dous. O primeiro parágrafo do artigo 42.3 queda redactado nos seguintes termos:

«Se o explotador dalgunha das instalacións de servizo relacionadas nas letras a), b), c), d), g) e i) do número 1 se encontra baixo o control directo ou indirecto dun organismo ou dunha empresa que preste servizos de transporte ferroviario para os cales se use a instalación e teña neles unha posición dominante, organizarase de tal maneira que sexa independente deste organismo ou empresa no que se refire á súa organización e decisións. A dita independencia poderase conseguir mediante a organización de distintas divisións dentro dunha mesma persoa xurídica.»

Vinte e tres. O artigo 43.3 queda redactado nos seguintes termos:

«3. Cando o explotador dunha instalación de servizo reciba simultaneamente solicitudes de diferentes empresas ferroviarias intentará atendela todas coa maior eficiencia posible.

Se non se dispón de ningunha alternativa viable e non se pode dar satisfacción a todas as solicitudes de capacidade correspondentes á instalación en cuestión baseándose nas necesidades demostradas, o candidato poderá reclamar ante a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, que examinará o caso e tomará medidas segundo conveña para garantir que unha parte adecuada da capacidade se concede ao devandito candidato.»

Vinte e catro. O primeiro parágrafo do artigo 46.1 queda redactado nos seguintes termos:

«A explotación das instalacións de servizo situadas nos portos de interese xeral e a prestación de servizos básicos, complementarios e auxiliares nelas axustaranse ao disposto na lexislación portuaria. Para tal efecto, os servizos de acceso á infraestrutura e os servizos básicos, complementarios e auxiliares terán a consideración de servizo xeral e servizos ou actividades comerciais, respectivamente.»

Vinte e cinco. Engádese un novo parágrafo ao artigo 47.2, coa seguinte redacción:

«Sen prexuízo do disposto no Regulamento (CE) 1370/2007, as empresas ferroviarias, en condicións equitativas, non discriminatorias e transparentes, terán dereito de acceso ás infraestruturas ferroviarias para a explotación de servizos de transporte de viaxeiros por ferrocarril. As empresas ferroviarias poderán recoller viaxeiros en calquera estación e deixalos en calquera outra. O devandito dereito incluírá o acceso a infraestruturas que conecten as instalacións de servizo.»

Vinte e seis. O segundo parágrafo do artigo 49.2 queda redactado nos seguintes termos:

«A Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria está obrigada a ditar resolución expresa que será comunicada sen demora á empresa solicitante.»

Vinte e sete. O artigo 49.4 queda redactado nos seguintes termos:

«4. As licenzas de empresa ferroviaria outorgadas polos demais Estados da Unión Europea producirán todos os seus efectos en España.»

Vinte e oito. O artigo 50.3.d) queda redactado nos seguintes termos:

«d) As sancionadas ou condenadas, mediante resolución ou sentenza firmes, por infraccións moi graves, infraccións graves ou reiteradas cometidas no ámbito da lexislación específica de transportes ou por infraccións moi graves, infraccións graves ou reiteradas das obrigacións derivadas das normas sociais ou laborais e

resultantes de convenios colectivos vinculantes, en particular da lexislación sobre seguridade e saúde no traballo, no prazo de cinco anos desde a firmeza da resolución sancionadora.»

Vinte e nove. O artigo 50.3.e) queda redactado nos seguintes termos:

«e) As que, prestando servizos de transporte transfronteirizo de mercadorías suxeitos a trámites alfandegueiros, fosen sancionadas por infraccións moi graves ou graves ou reiteradas por incumpriren as normas que regulen o réxime alfandegueiro, no prazo de cinco anos desde a firmeza da resolución sancionadora.»

Trinta. O artigo 51.4 queda redactado nos seguintes termos:

«4. Considerarase, en todo caso, que a entidade solicitante non dispón da suficiente capacidade financeira cando deba, como resultado da súa actividade ferroviaria, atrasos considerables ou recorrentes en concepto de impostos ou cotizacións sociais ou non se encontre ao día no cumprimento das súas obrigacións tributarias, nos termos establecidos na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e nas normas ditadas para seu desenvolvemento, ou das súas obrigacións coa Seguridade Social.»

Trinta e un. Engádese un novo parágrafo ao artigo 56.2, coa seguinte redacción:

«Cando se trate de iniciar actividades, a empresa ferroviaria poderá solicitar que se estableza un prazo máis longo, tendo en conta o carácter específico dos servizos prestados.»

Trinta e dous. Engádese un número 5 ao artigo 58, coa seguinte redacción:

«5. O ministro de Fomento poderá exixir que as empresas ferroviarias que exploten servizos nacionais de transporte de viaxeiros participen no establecemento de sistemas comúns de información e de integración da oferta de billetes, billetes combinados e reservas. Estes sistemas non poderán distorsionar o mercado nin discriminar entre as distintas empresas ferroviarias e deberán ser xestionados por unha persoa xurídica pública ou privada ou unha asociación integrada por todas as empresas ferroviarias que exploten servizos de transporte de viaxeiros.»

Trinta e tres. Engádese un número 6 ao artigo 58, coa seguinte redacción:

«6. As empresas ferroviarias que exploten servizos de transporte de viaxeiros establecerán plans de emerxencia e aseguraranse de que os ditos plans están debidamente coordinados para que, en caso de perturbación grave dos servizos, se preste aos viaxeiros a asistencia que recolle o artigo 18 do Regulamento (CE) 1371/2007.»

Trinta e catro. O artigo 59.2 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Para a prestación de servizos ferroviarios suxeitos a obrigacións de servizo público, as empresas ferroviarias deberán dispor dunha autorización que será outorgada polo Ministerio de Fomento, logo do informe favorable dos ministerios de Economía e Empresa e de Facenda e logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, a través dun procedemento de licitación que se axustará aos principios de publicidade, transparencia e non discriminación.

Poderán ser obxecto de adxudicación directa os servizos ferroviarios suxeitos a obrigacións de servizo público nos casos e supostos permitidos no Regulamento 1370/2007 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, sobre os servizos públicos de transporte de viaxeiros por ferrocarril e estrada.

Nos supostos de adjudicación directa, a correspondente autorización deberá recoller a necesidade de que, mediante os mecanismos oportunos, a empresa prestadora do servizo cumpra cos principios de eficiencia e boa xestión empresarial.

A resolución que acorde a adjudicación directa da autorización deberá acreditar expresamente as causas que a xustifican.

As autorizacións definirán os dereitos e obrigacións das empresas prestadoras, entre as que figurarán as destinadas a garantir a continuidade dos servizos, e determinarán, se for o caso, as compensacións que teñan dereito a percibir pola explotación dos servizos nas condicións establecidas polas obrigacións de servizo público, e calculadas conforme o disposto no Regulamento (CE) 1370/2007 do Parlamento Europeo e do Consello do 23 de outubro de 2007, sobre os servizos públicos de transporte de viaxeiros por ferrocarril e estrada.»

Trinta e cinco. O artigo 59.7 queda redactado nos seguintes termos:

«7. O dereito a recoller viaxeiros en calquera estación e deixalos en calquera outra poderá limitarse cando un servizo con obrigacións de servizo público cubra o mesmo itinerario ou outro alternativo e o exercicio daquel dereito poña en perigo o equilibrio económico do servizo con obrigacións de servizo público e así o acorde a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Para estes efectos, o candidato que desexe solicitar capacidade de infraestrutura co fin de explotar un servizo de transporte de viaxeiros coincidente cun con obrigacións de servizo público deberá informar os administradores de infraestruturas ferroviarias e a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia cunha antelación mínima de 18 meses respecto á entrada en vigor do horario de servizo a que corresponda a solicitude de capacidade. Para poder avaliar os posibles efectos económicos nos servizos existentes, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia velará por que sexan informadas sen demora e, en todo caso, nun prazo de dez días, as autoridades competentes que puidesen autorizar o servizo no itinerario de que se trate, así como calquera empresa ferroviaria que estea executando o servizo afectado. Poderán solicitar que se pronuncie a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, a autoridade que autorizase o servizo, calquera outra con competencia sobre el, o administrador da infraestrutura e a empresa ferroviaria que preste o servizo afectado.

Se a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia determina que o equilibrio económico dun contrato de servizo público pode verse en perigo por causa do servizo de transporte de viaxeiros que pretenda explotar o candidato, indicará os cambios posibles que se deban introducir no servizo que aseguren a concesión do dereito de acceso previsto no artigo 47.2, parágrafo segundo.

Para determinar se está en perigo o equilibrio económico do servizo, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia levará a cabo unha análise económica obxectiva e tomará a súa decisión, no prazo de seis semanas, a partir da recepción de toda a información pertinente.

Esta decisión tomaráa cando algunhas das entidades mencionadas no parágrafo segundo deste artigo así llo soliciten dentro do mes seguinte á recepción da información pertinente. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia exporá os motivos da súa decisión e as ditas entidades poderán solicitar a súa revisión dentro do mes seguinte á súa notificación.

Co fin de desenvolver o mercado de transporte de viaxeiros de alta velocidade fomentando a súa competitividade, cando se trate destes servizos de transporte, o dereito de acceso só poderá estar suxeito aos requisitos establecidos pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia conforme o disposto nesta lei. Cando a dita comisión determine que o servizo de transporte compromete o equilibrio económico dun servizo con obrigacións de servizo público que cobre a mesma ruta ou unha alternativa, indicará posibles cambios no servizo que aseguren que se cumpren as condicións para conceder o dereito de acceso. Estes cambios poderán incluír unha modificación do servizo previsto.»

Trinta e seis. O artigo 64.5 queda redactado nos seguintes termos:

«5. Sen prexuízo do disposto no número anterior, as entidades encargadas de mantemento e todos os demais axentes que teñan unha posible incidencia na seguridade da explotación do sistema ferroviario, incluídos fabricantes, prestadores de servizos de mantemento, posuidores, provedores de servizos, entidades adxudicadoras, transportistas, expedidores, destinatarios, cargadores, descargadores, enchedores e descargadores de cisternas, aplicarán as medidas necesarias de control de riscos, se for o caso, cooperando con outros axentes e velarán por que os subsistemas, accesorios, equipamentos e servizos que presten sexan conformes cos requisitos e as condicións de utilización previstas co fin de que a empresa ferroviaria ou o administrador de infraestruturas ferroviarias de que se trate poida utilizalos de maneira segura.»

Trinta e sete. As letras b) e c) do artigo 65.1 quedan redactadas nos seguintes termos:

«b) Autorizar a entrada ou posta en servizo dos subsistemas fixos control-mando e sinalización nas vías, enerxía e infraestrutura do sistema ferroviario e autorizar a posta no mercado dos vehículos que por el circulan, cando a súa área de uso estea comprendida integramente no Estado español e inclúa a rede ferroviaria de interese xeral ou unha parte dela, así como comprobar que manteñen os seus requisitos.

c) Expedir, renovar, modificar ou revogar os certificados de seguridade das empresas ferroviarias, cando o seu ámbito de operación se circunscriba á rede ferroviaria de interese xeral, e as autorizacións de seguridade dos administradores de infraestrutura, así como supervisalos posteriormente.»

Trinta e oito. Engádese unha nova letra i) ao artigo 65.1, pasando a actual a ser a j), coa seguinte redacción:

«i) Supervisar o cumprimento dos requisitos esenciais por parte dos compoñentes de interoperabilidade.

j) As demais funcións que se lle asignen mediante norma legal ou regulamentaria.»

Trinta e nove. A denominación do capítulo II do título VI queda redactada nos seguintes termos:

«Prezos privados polos servizos básicos e os complementarios e auxiliares prestados nas instalacións de servizo.»

Corenta. O artigo 101 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 101. *Réxime xeral.*

1. Os prezos dos servizos básicos non poderán superar o custo da súa prestación máis un beneficio razoable.

2. Os servizos complementarios e auxiliares prestados nas instalacións de servizo estarán suxeitos a prezos libremente acordados entre as partes. Non obstante, cando tales servizos sexan prestados por un só provedor, os prezos que este aplique non poderán superar o custo da súa prestación máis un beneficio razoable.

3. Non se devindicarán tarifas nin prezos polas actividades e servizos suxeitos ao pagamento dos canons ferroviarios regulados neste título.»

Corenta e un. O artigo 102 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 102. *Publicación dos prezos e condicións de acceso.*

1. Os prezos pola utilización das instalacións de servizo aboaranse ao explotador da instalación de servizo e empregaranse para financiar a súa actividade.
2. Os prezos de referencia pola prestación dos servizos básicos, complementarios e auxiliares prestados por todos os explotadores nas instalacións de servizo, a que se refire o número 20 do anexo I, débense comunicar ao administrador de infraestruturas, que os publicará na declaración sobre a rede ou nun sitio web en que a dita información se poida obter gratuitamente en formato electrónico.
3. As condicións de acceso aos servizos básicos, complementarios e auxiliares prestados por todos os explotadores nas instalacións de servizo, a que se refire o número 20 do anexo I, incluídos horarios de apertura e peche, débense comunicar ao administrador de infraestruturas, que os publicará na declaración sobre a rede ou nun sitio web en que a dita información poida obterse gratuitamente en formato electrónico.»

Corenta e dous. O número 1.14 do artigo 107.un.1 queda redactado nos seguintes termos:

«1.14. O incumprimento das normas de seguridade por parte do persoal que teña encomendadas funcións relacionadas coa seguridade na circulación sempre que non teña a consideración de infracción moi grave, así como as condutas descritas no punto 1.14 do número 1 do artigo anterior cando non concorran circunstancias de perigo para a seguridade do tráfico ferroviario nin se poñan en risco persoas ou mercadorías.»

Corenta e tres. Engádesse un novo parágrafo ao artigo 109.4, coa seguinte redacción:

«En caso dunha sanción firme por infracción moi grave derivada da cesión do dereito de uso de capacidade de infraestrutura ou a subscrición de calquera outro negocio xurídico sobre a capacidade de infraestrutura adxudicada, conforme o disposto no artigo 106.2.4 desta lei, a sanción comportará a imposibilidade de obtención de nova capacidade por un período máximo dun ano.»

Corenta e catro. O segundo parágrafo do número 1 da disposición adicional cuarta queda redactado nos seguintes termos:

«As normas establecidas nesta disposición serán de aplicación até a apertura á libre competencia do transporte de viaxeiros por ferrocarril, nos termos previstos no número 3 da disposición transitoria primeira desta lei.»

Corenta e cinco. O número 7 da disposición adicional sétima queda redactado nos seguintes termos:

«7. Naqueles portos de interese xeral en cuxas zonas de servizo existan infraestruturas ferroviarias conectadas á rede ferroviaria de interese xeral, as autoridades portuarias disporán dun sistema de xestión da seguridade adaptado ao carácter, magnitude e outras condicións da actividade ferroviaria dentro da zona de servizo portuario que garanta o control dos riscos creados por ela, e do pertinente plan de autoprotección das súas instalacións, sen que lles sexa exigible a autorización de seguridade a que se refire o artigo 67. O sistema de xestión da seguridade, incluídas as súas revisións e modificacións posteriores, aprobarao a autoridade portuaria correspondente, e deberá ser comunicado á Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria unha vez asinado o convenio de conexión a que se refire o artigo 39.3. En todo caso, a Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria, no exercicio das súas competencias sobre a rede ferroviaria de interese xeral, poderá exixir que se revise o sistema de xestión da seguridade dunha autoridade portuaria.»

Corenta e seis. A disposición adicional décimo cuarta queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional décimo cuarta. *Colaboración entre a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e a Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria.*

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e a Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria, esta última como autoridade nacional de seguridade ferroviaria e autoridade outorgante de licenzas, deberán desenvolver conxuntamente un marco de intercambio de información e colaboración con vistas a previr posibles efectos negativos para a competencia ou a seguridade do mercado ferroviario. Este marco incluírá un mecanismo que permita, por unha parte, á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia transmitir á Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria recomendacións sobre cuestións que poidan afectar a competencia e, por outro lado, á Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria transmitir recomendacións á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia sobre cuestións que poidan afectar a seguridade e a concesión de licenzas. Sen prexuízo da independencia de cada organismo no marco das súas respectivas competencias, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e a Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria examinarán recomendacións recibidas antes de adoptaren unha decisión e deberán motivar a súa decisión se deciden apartarse delas.»

Corenta e sete. Suprímese a disposición adicional décimo quinta, que queda sen contido.

Corenta e oito. A disposición adicional décimo sexta queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional décimo sexta. *Alugamento e mantemento de material ferroviario.*

1. Renfe Alquiler de Material Ferroviario, S.A. facilitará o acceso dos operadores a parte do seu material, de forma transparente, obxectiva e non discriminatoria, e dará publicidade á súa oferta de tal forma que o seu contido poida ser coñecido por todas aquelas empresas ferroviarias que estean interesadas.

A entidade pública empresarial Renfe-Operadora asegurará a independencia dos membros do consello de administración de Renfe Alquiler de Material Ferroviario, S.A. respecto dos operadores ferroviarios públicos ou privados.

2. Renfe Fabricación y Mantenimiento, S.A. prestará, así mesmo, os servizos de forma transparente, obxectiva e non discriminatoria.

A entidade pública empresarial Renfe-Operadora asegurará a independencia dos membros do consello de administración de Renfe Fabricación y Mantenimiento, S.A. respecto dos operadores ferroviarios públicos ou privados.

3. A entidade pública empresarial Renfe-Operadora asegurará que Renfe Alquiler de Material Ferroviario, S.A. e Renfe Fabricación y Mantenimiento, S.A. garden a debida confidencialidade no manexo da información relevante relativa ao negocio de terceiros a que, se for o caso, teñan acceso no exercicio da súa actividade.

4. Regulamentariamente estableceranse as condicións en que Renfe Alquiler de Material Ferroviario, S.A. e Renfe Fabricación y Mantenimiento, S.A. prestarán os seus servizos a operadores que non pertencen ao grupo Renfe.»

Corenta e nove. Engádesse unha disposición adicional décimo oitava co seguinte contido:

«Disposición adicional décimo oitava. *Garantía de responsabilidade civil.*

Os organismos avaliadores da conformidade, os organismos avaliadores da seguridade, as entidades encargadas de mantemento de material rodante, os centros homologados de mantemento, os centros homologados de formación de

persoal ferroviario así como os centros homologados de recoñecemento médico de persoal ferroviario deberán ter ou comprometerse a ter, no momento de inicio das actividades para que os faculte a homologación ou autorización e a manter durante seu exercicio, suficientemente garantida, a responsabilidade civil en que poida incurrir no cumprimento das súas actividades, a través da subscripción dun seguro, aval, ou garantía financeira equivalente.

Regulamentariamente estableceranse o importe e as condicións de cobertura de responsabilidade civil, en función das actividades que se van realizar.»

Cincuenta. Engádesse unha disposición adicional décimo novena co seguinte contido:

«Disposición adicional décimo novena. *Criterios para introducir adicións aos canons ferroviarios.*

1. Os administradores de infraestruturas ferroviarias, na súa proposta de establecemento dunha adición ao canon, de conformidade co artigo 97.5.2.º da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, non deben excluír a utilización das infraestruturas por parte de segmentos do mercado que poidan pagar ao menos o custo directamente imputable á explotación do servizo ferroviario, máis un índice de rendibilidade que poida asumir o mercado.

2. Os administradores de infraestruturas ferroviarias avaliarán a importancia da proposta da adición de canon no segmento de mercado de que se trate, aplicable ao conxunto da rede ferroviaria de interese xeral, considerando ao menos as parellas de criterios enumeradas no número 3 desta disposición e tendo en conta as que sexan pertinentes.

3. Cando o administrador de infraestruturas ferroviarias defina unha lista dos segmentos de mercado de cara a introducir adicións no sistema de canons terá en conta, ao menos, as seguintes parellas de características:

- a) Servizos de transporte de viaxeiros fronte a servizos de transporte de mercadorías.
- b) Trens que transportan mercadorías perigosas fronte a trens que transportan outras mercadorías.
- c) Servizos nacionais fronte a servizos internacionais.
- d) Transporte combinado fronte a trens directos.
- e) Servizos de transporte de viaxeiros urbanos ou rexionais fronte a servizos de transporte de viaxeiros interurbanos.
- f) Trens bloque fronte a trens por vagóns completos.
- g) Servizos ferroviarios regulares fronte a servizos ocasionais.

Os administradores de infraestruturas ferroviarias poderán establecer, ademais, unha distinción entre segmentos de mercado en función das mercadorías ou viaxeiros transportados.

4. A lista de segmentos do mercado definidos polos administradores de infraestrutura incluírá ao menos os tres segmentos seguintes: servizos de mercadorías, servizos de viaxeiros no marco dun contrato de servizo público, e outros servizos de viaxeiros.

5. Deberán definirse tamén os segmentos de mercado en que as empresas ferroviarias non operan na actualidade, pero nos cales durante o período de validez do sistema de canons poderían prestar os seus servizos. O administrador de infraestruturas ferroviarias non deberá incluír adicións no sistema de canons destes segmentos de mercado.

6. A lista de segmentos de mercado publicárase na declaración sobre a rede e revisárase, ao menos, cada cinco anos. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia controlará a dita lista de acordo coas funcións recoñecidas para este organismo na Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.»

Cincuenta e un. Engádesse unha disposición adicional vixésima co seguinte contido:

«Disposición adicional vixésima. *Publicación da modificación de adicións aos canons.*

Se o administrador de infraestruturas ferroviarias, de conformidade co artigo 97.5.2.º da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, ten a intención de modificar os elementos esenciais do sistema de adicións aos canons faraos públicos cunha antelación de ao menos tres meses respecto da data límite para a publicación da declaración sobre a rede.»

Cincuenta e dous. A disposición transitoria primeira queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición transitoria primeira. *Xestión do transporte ferroviario de viaxeiros.*

1. A apertura á libre competencia do transporte de viaxeiros por ferrocarril, prevista no número 2 do artigo 47 desta lei, aplicarase a partir do 1 de xaneiro de 2019, a tempo para o acceso á infraestrutura no horario de servizo que se inicie o 14 de decembro de 2020.

2. O transporte ferroviario de viaxeiros con finalidade prioritariamente turística seguirase prestando en réxime de libre competencia até o 13 de decembro de 2020, de conformidade co previsto na Orde FOM/1403/2013, do 19 de xullo, sobre servizos de transporte ferroviario de viaxeiros con finalidade prioritariamente turística.

A partir do 1 de xaneiro de 2019, a tempo para o acceso á infraestrutura no horario de servizo que se inicie o 14 de decembro de 2020, o transporte ferroviario de viaxeiros con finalidade prioritariamente turística prestarase segundo o establecido no artigo 47.2 desta lei.

3. As normas sobre servizos internacionais de viaxeiros establecidas na disposición adicional cuarta aplicaranse até o 13 de decembro de 2020.

Aos expedientes sobre servizos internacionais de transporte de viaxeiros iniciados antes do 14 de decembro de 2020 seralles de aplicación o previsto nesa disposición.»

Cincuenta e tres. Suprímense os parágrafos segundo e terceiro da disposición transitoria segunda.

Cincuenta e catro. O número 18 do anexo I queda redactado nos seguintes termos:

«18. Servizos complementarios: os servizos complementarios, a que se refire o artigo 44.2, poderán ser os seguintes:

- a) Subministración de corrente de tracción, as cantidades aboadas por este concepto mostraranse nas facturas por separado dos canons aplicados polo uso das infraestruturas ferroviarias de alimentación de enerxía eléctrica.
- b) Prequecemento de trens de viaxeiros.
- c) Contratos personalizados para:

Control do transporte de mercadorías perigosas.
Asistencia á circulación de convois especiais.»

Cincuenta e cinco. Suprímese a letra f) do número 19 do anexo I.

Cincuenta e seis. O número 20 do anexo I queda redactado nos seguintes termos:

«20. Explotador da instalación de servizo: a entidade privada ou pública responsable da xestión dunha ou varias das instalacións de servizo especificadas no artigo 42, ou da prestación a empresas ferroviarias dun ou varios dos servizos a que están destinados as ditas instalacións e dos complementarios e auxiliares definidos neste anexo.»

Cincuenta e sete. Engádense novas definicións ao anexo I, a continuación do número 20, coa seguinte redacción:

«21. Administrador de infraestruturas: todo organismo ou empresa responsable da explotación, mantemento e renovación das infraestruturas ferroviarias nunha rede, e igualmente responsable de participar no seu desenvolvemento conforme as normas que estableza o Ministerio de Fomento dentro do marco da súa política xeral en materia de desenvolvemento e financiamento de infraestruturas.

22. Desenvolvemento da infraestrutura ferroviaria: a planificación da rede, a planificación financeira e dos investimentos e a construción e mellora da infraestrutura.

23. Explotación da infraestrutura ferroviaria: adxudicación de sucos ferroviarios, xestión do tráfico e fixación de canons polo uso da infraestrutura.

24. Mantemento da infraestrutura ferroviaria: traballos destinados a manter as condicións e a capacidade da infraestrutura existente.

25. Renovación das infraestruturas ferroviarias: traballos de substitución de gran calado nas infraestruturas existentes que non modifican o seu rendemento xeral.

26. Mellora das infraestruturas ferroviarias: traballos de modificación de gran calado nas infraestruturas existentes que melloran o seu rendemento xeral.

27. Funcións esenciais da xestión das infraestruturas: toma de decisións sobre a adxudicación de capacidade de infraestrutura ferroviaria, que inclúe tanto a definición e a avaliación da dispoñibilidade e a adxudicación de sucos ferroviarios individuais, como a fixación de canons polo uso das infraestruturas, o establecemento e o cobramento dos canons, de conformidade co marco dos canons e o marco de adxudicación de capacidades establecido nesta lei.

28. Empresa integrada verticalmente: unha empresa en que, no sentido do Regulamento (CE) 139/2004 do Consello, do 20 de xaneiro, sobre o control das concentracións entre empresas:

a) un administrador de infraestruturas ferroviarias é controlado por unha empresa que, ao mesmo tempo, controla unha ou varias empresas ferroviarias que explotan servizos ferroviarios na rede do administrador de infraestruturas ferroviarias, ou

b) un administrador de infraestruturas ferroviarias é controlado por unha ou varias empresas ferroviarias que explotan servizos ferroviarios na rede do administrador de infraestruturas ferroviarias, ou

c) unha ou varias empresas ferroviarias que explotan servizos ferroviarios na rede do administrador de infraestrutura ferroviaria son controladas por un administrador de infraestrutura ferroviaria.

Tamén significa unha empresa formada por distintos departamentos, entre eles un administrador de infraestruturas ferroviarias e un ou varios departamentos dedicados á prestación de servizos de transporte que non posúan unha personalidade xurídica diferente.

Cando un administrador de infraestruturas ferroviarias e unha empresa ferroviaria sexan plenamente independentes entre si, pero ambos estean controlados directamente por unha Administración pública sen unha entidade intermediaria, non se considerará que constitúan unha empresa integrada verticalmente para efectos desta lei.

29. Asociación público-privada: acordo vinculante entre organismos públicos e unha ou máis empresas distintas ao administrador de infraestruturas ferroviarias principal, en virtude do cal as empresas constrúen total ou parcialmente ou financian a infraestrutura ferroviaria e/ou adquiren o dereito a exercer calquera das funcións do administrador da infraestrutura durante un período de tempo predeterminado.

30. Servizos de transporte de viaxeiros de alta velocidade: servizos ferroviarios de transporte de pasaxeiros sen paradas intermedias entre dous puntos separados ao menos por unha distancia superior a 200 quilómetros que circulan sobre vías construídas especialmente para a alta velocidade equipadas para velocidades xeralmente iguais ou superiores a 250 quilómetros por hora e que circulan de media a estas velocidades.

Esta definición faise para os efectos da aplicación do parágrafo sexto do artigo 59.7 desta lei.

31. Itinerario alternativo: itinerario distinto entre a mesma orixe e o mesmo destino sempre que se poidan substituír ambos os itinerarios para a explotación, por parte da empresa ferroviaria, do servizo de transporte de viaxeiros ou mercadorías en cuestión.

32. Beneficio razoable: un índice de remuneración do capital propio que teña en conta o risco, incluído o risco que afecta os ingresos, ou a súa inexistencia, soportado polo explotador da instalación de servizo, e que estea en consonancia co índice medio rexistrado no sector durante os últimos anos.

33. Consello de administración: órgano superior dunha empresa que exerce funcións executivas e administrativas, responsable e que debe render contas da xestión diaria da empresa.

34. Órgano de supervisión: máximo órgano dunha empresa que leva a cabo tarefas de supervisión, por exemplo o exercicio do control do consello de administración e das decisións estratéxicas xerais relativas á empresa.

35. Billete combinado: billete ou billetes que constitúen un contrato para servizos de transporte ferroviario sucesivos explotados por unha ou varias empresas ferroviarias.»

Cincuenta e oito. O número 2 do anexo III queda redactado nos seguintes termos:

«2. Un capítulo dedicado aos canons e principios dos canons, que exporá co debido detalle tanto o sistema de canons como información suficiente sobre os canons, así como outra información importante sobre o acceso aplicable aos servizos a que se refiren o artigo 20 e o título III, que preste un só provedor. Incluirá a metodoloxía, regulamentacións e, cando sexan de aplicación, os baremos empregados para aplicar o sistema dos canons ferroviarios e os prezos por prestación de servizos, no referente tanto a custos como a canons e prezos. Ademais, conterà información sobre calquera cambio xa decidido ou previsto con relación aos canons, nos cinco anos seguintes, se está dispoñible.»

Cincuenta e nove. O número 5 do anexo III queda redactado nos seguintes termos:

«5. Un capítulo sobre información acerca dos procedementos de resolución de conflitos e de recurso con respecto a cuestións de acceso á infraestrutura e servizos ferroviarios e ao sistema de incentivos recollido no artigo 96. En caso de se utilizar este procedemento, o administrador de infraestrutura deberá resolver os conflitos de adjudicación de capacidade mediante unha decisión que adoptará no prazo máximo de dez días hábiles.»

Sesenta. O número 6 do anexo III queda redactado nos seguintes termos:

«6. Un capítulo con información acerca do acceso á infraestrutura, os canons ferroviarios e os prezos polo uso das instalacións de servizo reguladas no título III. Os explotadores de instalacións de servizo que non estean controladas polo administrador de infraestruturas facilitarán información sobre os prezos para o acceso á instalación e para a prestación de servizos, así como información sobre as condicións de acceso técnico para a súa inclusión na declaración sobre a rede, ou indicarán un sitio web no cal a dita información se poida obter gratuitamente en formato electrónico.»

Sesenta e un. Engádese un anexo IV, coa seguinte redacción:

«ANEXO IV

Lista doutros elementos da infraestrutura ferroviaria a que se refiren os números 2 e 3 do artigo 3

De acordo co establecido no artigo 3:

1. Enténdese por infraestrutura ferroviaria as estacións de transportes de viaxeiros e terminais de transporte de mercadorías, que estarán constituídas:

- a) Polas vías principais e de servizo, cos terreos sobre os que se asentan e todos os seus elementos e instalacións auxiliares precisas para o seu funcionamento.
- b) Polas plataformas de viaxeiros e de mercadorías.
- c) Polas calzadas dos patios de viaxeiros e mercadorías, comprendidos os accesos por estrada e para pasaxeiros que cheguen ou partan a pé.
- d) Polos edificios utilizados polo servizo de infraestruturas.
- e) Polas instalacións destinadas á recadación das tarifas de transporte, así como as destinadas a atender as necesidades dos viaxeiros.

Non terán a consideración de estacións de transporte de viaxeiros e terminais de transporte de mercadorías as áreas dedicadas a outras actividades exclusivamente comerciais, loxísticas ou industriais, aínda que se sitúen no ámbito daquelas.

2. Terán a consideración de infraestruturas ferroviarias, por estaren vinculados á prestación dun servizo ferroviario, os elementos que se enumeran, a continuación:

Terreos.

Obras de explotación e plataformas da vía, especialmente terrapléns, trincheiras, drenaxes, reservas, redes de sumidoiro de albanelaría, acuedutos, muros de revestimento, plantacións de protección de noiros, etc.; paseos e vías; muros de peche, sebes e valos; bandas protectoras contra o lume; dispositivos para o quecemento dos aparellos de vía; paraneves.

Obras civís: pontes, bueiros e outros pasos superiores, túneles, trincheiras cubertas e demais pasos inferiores; muros de sostemento e obras de protección contra avalanchas e desprendementos, etc.

Pasos a nivel, incluídas as instalacións destinadas a garantir a seguridade da circulación por estrada.

Superestruturas, especialmente: carrís, carrís de garganta e contra-carrís; travesas e longarinas, material diverso de suxeición, balastro, incluída a grava e a area; aparellos de vía; placas xiratorias e carros transbordadores (con excepción dos exclusivamente reservados ás máquinas de tracción).

Instalacións de seguridade, de sinalización e de telecomunicación da vía, de estación e de estación de manobras, incluídas as instalacións de produción, de transformación e distribución de corrente eléctrica para o servizo da sinalización e as telecomunicacións; edificios asignados ás ditas instalacións; freos de vía.

Instalacións de iluminación destinadas a asegurar a circulación dos vehículos e a seguridade da dita circulación.

Instalacións de transformación e condución de corrente eléctrica para a tracción dos trens: estacións, liñas de subministración entre as estacións e tomas de contacto, catenarias e soportes; terceiro carril e soportes.»

Artigo terceiro. *Modificación da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

A Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, queda modificada nos seguintes termos:

Un. O artigo 11 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 11. *Supervisión e control no sector ferroviario.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia supervisará e controlará o correcto funcionamento do sector ferroviario e a situación da competencia nos mercados de servizos ferroviarios, tamén, e especialmente, no mercado de transporte de viaxeiros en alta velocidade. En particular, exercerá, ben por iniciativa propia ben a solicitude das autoridades competentes ou partes interesadas, as seguintes funcións:

a) Salvagardar a pluralidade da oferta na prestación dos servizos sobre a rede ferroviaria de interese xeral e as súas zonas de servizo ferroviario, así como velar por que estes sexan prestados en condicións obxectivas, transparentes e non discriminatorias.

b) Garantir a igualdade entre empresas, así como entre calquera candidato, nas condicións de acceso ao mercado dos servizos ferroviarios.

c) Determinar, a petición das autoridades competentes ou das empresas ferroviarias ou candidatos interesados, que o obxecto principal dun servizo internacional de transporte ferroviario de viaxeiros é transportar viaxeiros entre estacións españolas e as doutros Estados membros da Unión Europea.

d) Determinar, por petición das autoridades competentes, do administrador da infraestrutura, das empresas ferroviarias ou dos candidatos interesados, se está en perigo o equilibrio económico dun servizo de transporte suxeito a obrigacións de servizo público pola asignación de capacidade para realizar servizos de transporte ferroviario de viaxeiros total ou parcialmente coincidentes. En caso de que decida que o equilibrio económico pode verse en perigo por causa do servizo de transporte de viaxeiros que pretenda explotar o candidato, indicará os cambios posibles que deban introducirse no servizo que aseguren as condicións para a concesión do dereito de acceso á infraestrutura.

e) Solicitar aos administradores de infraestrutura, a xestores de instalacións de servizo, a empresas ferroviarias e candidatos, así como a outras empresas involucradas en asuntos que deben ser verificados ou comprobados pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, toda a información necesaria para o exercicio das súas funcións, en particular, coa resolución de reclamacións, supervisión do mercado ferroviario, fins estatísticos e observación do mercado. O prazo non poderá exceder un mes salvo que, en circunstancias excepcionais, o órgano petionario acorde e autorice unha prórroga limitada que non poderá exceder dúas semanas, sempre de conformidade co disposto pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

f) Solicitar á Comisión Europea que examine as medidas específicas adoptadas polas autoridades nacionais en relación co acceso á infraestrutura e aos servizos ferroviarios, a concesión de licenzas, os canons ou a adxudicación de capacidade.

g) Realizar calquera outra función que lle sexa atribuída por lei ou por norma regulamentaria.

h) Comprobar o cumprimento das disposicións contables aplicables e as disposicións sobre transparencia financeira establecidas nos números 3 e 4 do artigo 21 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, no marco da normativa ferroviaria, para o cal poderá realizar ou encargar a realización de auditorías aos administradores de infraestruturas, aos explotadores de instalacións

de servizo e, se for o caso, ás empresas ferroviarias. No caso de empresas integradas verticalmente, estas facultades estenderanse a todas as persoas xurídicas.

Ademais, poderá tamén sacar conclusións das contas respecto das cuestións das axudas estatais, do que informará as autoridades competentes.

2. Igualmente, no marco das funcións recollidas no número anterior, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia supervisará e controlará, por iniciativa propia, as actividades dos administradores de infraestruturas ferroviarias e, cando proceda, as dos explotadores de instalacións de servizo e empresas ferroviarias, en relación cos seguintes asuntos:

a) A declaración sobre a rede, nas súas versións provisional e definitiva, así como os criterios establecidos nela e, en particular, comprobará se contén cláusulas discriminatorias ou outorga poderes discrecionais ao administrador de infraestruturas que este poida utilizar para discriminar os candidatos;

b) O sistema, a contía ou estrutura de canons, tarifas e prezos pola utilización de infraestruturas e servizos;

c) Autorizar o administrador de infraestruturas ferroviarias á continuidade do cobramento de canons no caso dunha infraestructura declarada conxestionada en que as medidas definidas no plan de aumento de capacidade non avanza, ben por razóns alleas ao control do administrador de infraestruturas ou ben porque as opcións posibles non son viables desde o punto de vista económico ou financeiro;

d) O proceso de consulta previo á fixación de canons e tarifas entre empresas ferroviarias ou candidatos e os administradores de infraestruturas e intervir cando preveña que o resultado do devandito proceso pode contravir as disposicións vixentes;

e) As disposicións sobre acceso á infraestructura e aos servizos ferroviarios, así como o procedemento de adxudicación e os seus resultados;

f) Xestión do tráfico;

g) Planificación da renovación e mantemento programado ou non programado;

h) Cumprimento dos requisitos do administrador de infraestruturas ferroviarias, incluídos os relativos aos conflitos de intereses, independencia das súas funcións esenciais, imparcialidade do administrador das infraestruturas ferroviarias respecto á xestión do tráfico e á planificación do mantemento, así como a externalización e compartición das funcións do administrador das infraestruturas ferroviarias.

3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia estudará todas as denuncias e, se for o caso, solicitará información pertinente e iniciará un proceso de consulta a todas as partes interesadas no prazo dun mes desde da recepción da denuncia. Resolverá acerca de calquera denuncia, tomará medidas para remediar a situación e comunicará ás partes interesadas a súa decisión motivada nun prazo de tempo prudencial previamente fixado e, en calquera caso, nun prazo de seis semanas a partir da recepción de toda a información pertinente. Sen prexuízo das facultades das autoridades de competencia nacionais en materia de protección da competencia nos mercados de servizos ferroviarios, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia decidirá por iniciativa propia, cando corresponda, as medidas adecuadas para corrixir discriminacións en prexuízo dos candidatos, distorsións do mercado e outras situacións indesexables nestes mercados, en particular respecto ao disposto nos ordinais 1.º a 9.º do número 1.f) do artigo 12.

4. No exercicio da función de cooperación, co fin de supervisar a competencia no mercado e coordinar os servizos de transporte ferroviario internacional, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia levará a cabo, entre outras, as seguintes tarefas:

a) Participará e colaborará nunha rede de reguladores ferroviarios coordinada pola Comisión Europea;

b) Cooperará estreitamente co resto de organismos reguladores, mediante acordos de traballo, con fins de asistencia mutua nas súas tarefas de supervisión do mercado e tratamento de reclamacións ou investigacións;

c) Cooperará co resto de organismos reguladores para elaborar principios e prácticas comúns, incluídas disposicións, para a toma das decisións en relación coas funcións recollidas neste artigo, así como para a resolución dos conflitos que xurdan nos servizos internacionais;

d) Intercambiará información co resto de organismos reguladores acerca do seu traballo e dos seus motivos e prácticas na toma de decisións e, en particular, sobre os principais aspectos dos procedementos e os problemas de interpretación da lexislación da Unión no ámbito ferroviario incorporada aos ordenamentos nacionais, e cooperarán doutras maneiras co fin de coordinar as súas tomas de decisións no conxunto da Unión;

e) Cooperará, no marco das súas funcións recoñecidas neste artigo, con outros organismos reguladores afectados sobre cuestións relacionadas con servizos internacionais, co fin de preparar as súas respectivas decisións e chegar a adoptar unha resolución sobre a cuestión;

f) Cooperará e consultará os organismos reguladores de todos os Estados membros, se procede, a Comisión Europea, no caso de reclamacións ou de investigacións por iniciativa propia, sobre cuestións de acceso ou tarifación relacionadas cunha franxa internacional, así como en relación coa supervisión da competencia no mercado dos servizos de transporte ferroviario internacional, e pedirá toda a información necesaria antes de tomar a súa decisión. Pola súa vez, cando a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia sexa consultada para efectos do tratamento dunha reclamación ou investigación nunha franxa internacional deberá achegar toda a información que teña dereito a solicitar, pola súa vez, en virtude do ordenamento xurídico español;

g) En caso de que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia reciba unha reclamación, ou efectúe unha investigación por iniciativa propia, transmitirá a información pertinente ao organismo regulador competente;

h) Poderá revisar as decisións e prácticas das asociacións de administradores de infraestruturas en materia de canons ou adxudicación de capacidade en relación co transporte ferroviario internacional.

i) Cooperará cos reguladores ferroviarios doutros estados da Unión Europea en relación coas infraestruturas de titularidade compartida, cando os Estados concernidos así o acorden, co fin de unificar as consecuencias das súas decisións.

5. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia consultará de forma periódica, e en calquera caso ao menos unha vez cada dous anos, os representantes dos usuarios dos servizos de transporte ferroviario de mercadorías e viaxeiros para ter en conta os seus puntos de vista sobre o mercado ferroviario no desenvolvemento das súas funcións.»

Dous. O número 1.f) do artigo 12 queda redactado nos seguintes termos:

«f) No sector ferroviario, corresponde á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia en exclusiva coñecer e resolver as reclamacións que presenten as empresas ferroviarias e os restantes candidatos en relación coa actuación do administrador de infraestruturas ferroviarias, os explotadores de instalacións de servizo ou prestadores dos servizos, así como as empresas ferroviarias e restantes candidatos, e que versen, en particular, sobre:

- 1.º O contido e a aplicación das declaracións sobre a rede.
- 2.º Os procedementos de adxudicación de capacidade e os seus resultados.
- 3.º A contía, a estrutura ou a aplicación dos canons, tarifas e prezos que se lles exigan ou poidan exixírselles.

4.º Calquera trato discriminatorio no acceso ás infraestruturas ou ás instalacións de servizo, e en relación cos servizos que nelas se levan a cabo.

5.º A prestación de servizos nos corredores ferroviarios internacionais de transporte de mercadorías.

6.º As reclamacións ou investigacións relacionadas cunha franxa internacional cando a ela lle proceda coñecer e resolver e, nos demais casos, cooperará cos órganos reguladores do mercado ferroviario dos demais Estados membros da Unión Europea competentes coa franxa internacional.

7.º A xestión do tráfico.

8.º A planificación da renovación e mantemento programado ou non programado.

9.º O cumprimento dos requisitos do administrador de infraestruturas ferroviarias, incluídos os relativos aos conflitos de intereses, independencia das súas funcións esenciais, imparcialidade do administrador das infraestruturas ferroviarias respecto á xestión do tráfico e á planificación do mantemento, así como a externalización e compartición das funcións do administrador das infraestruturas ferroviarias.

As reclamacións deberán presentarse no prazo dun mes desde que se produza o feito ou a decisión correspondente. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia solicitará a información relevante e iniciará as consultas con todas as partes implicadas dentro do prazo dun mes a partir do recibo da reclamación. En caso dunha reclamación contra a negativa de outorgar capacidade de infraestrutura, ou contra os termos en que esta se outorga, resolverá para confirmar a decisión do administrador da infraestrutura ou da instalación de servizo, ou ben para requirir a modificación desa decisión de conformidade coas instrucións específicas que se consideren apropiadas.»

TÍTULO III

Transposición de directiva da Unión Europea en materia de viaxes combinadas e servizos de viaxe vinculados

Artigo cuarto. *Modificación do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro.*

O texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, queda modificado como segue:

Un. Modifícase a letra g) do artigo 93, que queda redactada como segue:

«g) Aos contratos relativos ás viaxes combinadas do artigo 151.1.b), excepto os números 2 e 6 do artigo 98.»

Dous. Modifícase o libro cuarto, que queda redactado nos seguintes termos:

«LIBRO CUARTO

Viaxes combinadas e servizos de viaxe vinculados

TÍTULO I

Disposicións xerais

CAPÍTULO I

Ámbito de aplicación e definicións

Artigo 150. *Ámbito de aplicación.*

1. Este libro será de aplicación, nos termos establecidos nel, á oferta, contratación e execución das viaxes combinadas e dos servizos de viaxe vinculados, definidos no artigo seguinte.

2. A regulación establecida neste libro non será de aplicación:

a) Ás viaxes combinadas e aos servizos de viaxe vinculados de duración inferior a vinte e catro horas, a menos que se inclúa o aloxamento.

b) Ás viaxes combinadas que se ofrezan e aos servizos de viaxe vinculados que se faciliten, de maneira ocasional e sen ánimo de lucro, unicamente a un grupo limitado de viaxeiros.

c) Ás viaxes combinadas e aos servizos de viaxe vinculados contratados sobre a base dun convenio xeral para a organización de viaxes de negocios entre un empresario e outra persoa física ou xurídica que actúe con fins relacionados coa súa actividade comercial, negocio, oficio ou profesión.

3. Non quedarán eximidos das obrigacións establecidas neste libro os organizadores de viaxes combinadas ou, se for o caso, os retallistas, así como os empresarios que facilitan servizos de viaxe vinculados, aínda que declaren que actúan exclusivamente como prestadores dun servizo de viaxe, como intermediarios ou en calquera outra calidade, ou que os servizos que prestan non constitúen unha viaxe combinada ou servizos de viaxe vinculados.

Artigo 151. *Definicións.*

1. Para os efectos deste libro, entenderase por:

a) “Servizo de viaxe”:

1.º O transporte de pasaxeiros.

2.º O aloxamento cando non sexa parte integrante do transporte de pasaxeiros e non teña un fin residencial.

3.º O alugamento de turismos, doutros vehículos de motor no sentido do artigo 2.21 do Real decreto 750/2010, do 4 de xuño, polo que se regulan os procedementos de homologación de vehículos de motor e os seus remolques, máquinas autopropulsadas ou remolcadas, vehículos agrícolas, así como de sistemas, partes e pezas dos ditos vehículos, así como o alugamento de motocicletas que requiran un permiso de condución de categoría A, conforme o disposto no artigo 4.2.d) do Real decreto 818/2009, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de condutores.

4.º Calquera outro servizo turístico que non forme parte integrante dun servizo de viaxe dos definidos nos tres números anteriores.

b) “Viaxe combinada”: a combinación de, ao menos, dous tipos de servizos de viaxe para efectos da mesma viaxe ou vacación, se eses servizos:

1.º son combinados por un só empresario, mesmo a petición ou segundo a selección do viaxeiro, antes de que se celebre un único contrato pola totalidade dos servizos, ou

2.º con independencia da subscrición de contratos distintos con diferentes prestadores de servizos de viaxe, eses servizos:

i) son contratados nun único punto de venda e seleccionados antes de que o viaxeiro acepte pagar,

ii) son ofrecidos, vendidos ou facturados a un prezo a prezo global ou fixado,

iii) son anunciados ou vendidos como «viaxe combinada» ou baixo unha denominación similar,

iv) son combinados despois da subscrición dun contrato en virtude do cal o empresario permite ao viaxeiro elixir entre unha selección de distintos tipos de servizos de viaxe, ou

v) son contratados con distintos empresarios a través de procesos de reserva en liña conectados nos cales o nome do viaxeiro, os seus datos de pagamento e o seu enderezo de correo electrónico son transmitidos polo empresario con que se subscribe o primeiro contrato a outro ou outros empresarios cos que se celebra outro contrato, como máis tarde vinte e catro horas despois da confirmación da reserva do primeiro servizo de viaxe.

A combinación de servizos de viaxe en que se combine como máximo un dos tipos de servizos de viaxe a que se refiren os ordinais 1.º, 2.º ou 3.º da letra a) cun ou varios dos servizos turísticos a que se refire seu ordinal 4.º non se considerará unha viaxe combinada se estes servizos turísticos non representan unha proporción igual ou superior ao vinte e cinco por cento do valor da combinación e non se anuncian ou non constitúen por algunha outra razón unha característica esencial da combinación, ou se só foron seleccionados e contratados despois de que se iniciase a execución dun servizo de viaxe recollido nos mencionados ordinais 1.º, 2.º ou 3.º

c) “Contrato de viaxe combinada”: o contrato polo conxunto da viaxe combinada ou, se a devandita viaxe se realiza conforme contratos distintos, todos os contratos que regulen os servizos de viaxe incluídos nel.

d) “Inicio da viaxe combinada”: o comezo da execución dos servizos de viaxe incluídos na viaxe combinada.

e) “Servizos de viaxe vinculados”: ao menos dous tipos diferentes de servizos de viaxe adquiridos con obxecto da mesma viaxe ou vacación, que, sen constituíren unha viaxe combinada, dean lugar á subscrición de contratos distintos con cada un dos prestadores individuais de servizos de viaxe, se un empresario facilita:

1.º con ocasión dunha única visita ou contacto co seu punto de venda, a selección e o pagamento separado de cada servizo de viaxe por parte dos viaxeiros, ou

2.º de maneira específica, a contratación de ao menos un servizo de viaxe adicional con outro empresario, sempre que teña lugar, como máis tarde, vinte e catro horas despois da confirmación da reserva do primeiro servizo de viaxe.

Cando se adquira como máximo un dos servizos de viaxe a que se refiren os ordinais 1.º, 2.º ou 3.º da letra a) e un ou varios dos servizos turísticos a que se refire o seu ordinal 4.º, non constituirán servizos de viaxe vinculados se estes últimos non representan unha proporción igual ou superior ao vinte e cinco por cento do valor da combinación e non se anuncian ou non constitúen por algunha outra razón unha característica esencial da viaxe ou vacación.

f) “Viaxeiro”: toda persoa que ten a intención de subscribir un contrato ou ten dereito a viaxar en virtude dun contrato suscrito conforme este libro.

g) “Organizador”: un empresario que combina e vende ou oferta viaxes combinadas directamente, a través de ou xunto con outro empresario, ou o empresario que transmite os datos do viaxeiro a outro empresario para efectos do indicado no parágrafo b) 2.ºv).

h) “Retallista”: empresario distinto do organizador que vende ou oferta viaxes combinadas por un organizador.

i) “Establecemento”: o definido no artigo 3.5 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e seu exercicio.

j) “Circunstancias inevitables e extraordinarias”: unha situación fóra do control da parte que alega esta situación e cuxas consecuencias non terían podido evitarse mesmo se se adoptasen todas as medidas razoables.

k) “Falta de conformidade”: a non execución ou a execución incorrecta dos servizos de viaxe incluídos nunha viaxe combinada.

l) “Menor”: toda persoa menor de dezoito anos.

m) “Punto de venda”: toda instalación de venda polo miúdo, tanto moble como inmobile, ou un sitio web de venda polo miúdo ou un dispositivo similar de venda retallista en liña, mesmo cando estes sitios web ou dispositivos se presenten aos viaxeiros como un dispositivo único, incluído un servizo telefónico.

n) “Repatriación”: o regreso do viaxeiro ao lugar de saída ou a calquera outro lugar acordado polas partes contratantes.

2. Para os efectos do disposto neste libro, entenderase por empresario, sen prexuízo da definición establecida no artigo 4, aquel que atende os viaxeiros de maneira presencial ou en liña, tanto se actúa como organizador, retallista, empresario que facilita servizos de viaxe vinculados ou como prestador de servizos de viaxe.

CAPÍTULO II

Disposicións comúns en materia de responsabilidade

Artigo 152. *Responsabilidade por erros na reserva.*

O empresario será responsable dos erros debidos a defectos técnicos que se produzan no sistema de reservas que lle sexan atribuíbles, así como dos erros cometidos durante o proceso de reserva, cando o empresario aceptase xestionar a reserva dunha viaxe combinada ou de servizos de viaxe que formen parte de servizos de viaxe vinculados.

O empresario non será responsable dos erros de reserva atribuíbles ao viaxeiro ou causados por circunstancias inevitables e extraordinarias.

TÍTULO II

Viaxes combinadas

CAPÍTULO I

Obrigacións de información e contido do contrato de viaxe combinada

Artigo 153. *Información precontractual.*

1. Antes de que o viaxeiro quede obrigado por calquera contrato de viaxe combinada ou oferta correspondente, o organizador, e tamén o retallista, cando a viaxe combinada se venda a través deste último, proporcionarán ao viaxeiro o formulario coa información normalizada relativa á viaxe combinada que figura no

anexo II, A ou B, así como a seguinte información que resulte aplicable á viaxe combinada:

a) As principais características dos servizos de viaxe que se sinalan a continuación:

1.º O destino ou os destinos da viaxe, o itinerario e os períodos de estadía, coas súas datas e, cando se inclúa o aloxamento, o número de pernoitas incluídas.

2.º Os medios de transporte, as súas características e categorías, os puntos, datas e horas de saída e de regreso, a duración, os lugares das paradas intermedias e as conexións de transporte. Se a hora exacta está aínda por determinar, informarase o viaxeiro da hora aproximada de saída e de regreso.

3.º A localización, as principais características e, se procede, a categoría turística do aloxamento consonte as normas do correspondente país de destino.

4.º As comidas previstas.

5.º As visitas, excursións ou outros servizos incluídos no prezo total acordado da viaxe combinada.

6.º En caso de que esta información non se poida deducir do contexto, indicación de se algún dos servizos de viaxe se prestará ao viaxeiro como parte dun grupo e, en caso afirmativo, cando sexa posible, o tamaño aproximado do grupo.

7.º Se o disfrute doutros servizos turísticos depende da capacidade do viaxeiro para se comunicar verbalmente de maneira eficaz, o idioma en que se prestarán os ditos servizos.

8.º Por pedimento do viaxeiro, se a viaxe ou vacación é, en termos xerais, apta para persoas con mobilidade reducida, información precisa sobre a idoneidade da viaxe ou vacación en función das súas necesidades.

b) O nome comercial, o enderezo completo do organizador e, se for o caso, do retalista, así como o número de teléfono e o enderezo de correo electrónico de ambos.

c) O prezo total da viaxe combinada con todos os impostos incluídos e, se for o caso, todas as comisións, recargas e outros custos adicionais ou, se os ditos custos non se poden calcular razoablemente antes da subscripción do contrato, unha indicación do tipo de custos adicionais que o viaxeiro podería ter que soportar.

d) As modalidades de pagamento, incluído calquera importe ou porcentaxe do prezo que se deba aboar en concepto de anticipo e os prazos para aboar o saldo, ou as garantías financeiras que teña que pagar ou achegar o viaxeiro.

e) O número mínimo de persoas necesario para a realización da viaxe combinada e a data límite a que se refire o artigo 160.3.a), antes do inicio da viaxe combinada, para a posible cancelación do contrato se non se alcanza o devandito número.

f) Información xeral sobre os requisitos de pasaporte e visado, incluído o tempo aproximado para a obtención de visados, e información sobre os trámites sanitarios para a viaxe e a estadía no país de destino.

g) Indicación de que o viaxeiro pode resolver o contrato en calquera momento antes do inicio da viaxe combinada, a cambio do pagamento dunha penalización adecuada ou, se for o caso, da penalización tipo aplicada por este concepto polo organizador, de conformidade co artigo 160.1.

h) Información sobre a subscripción dun seguro facultativo que cubra os gastos orixinados en caso de que o viaxeiro decida pór fin ao contrato ou os gastos de asistencia, incluídos os de repatriación, en caso de accidente, enfermidade ou falecemento.

i) A información exixida pola normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Cando se trate de contratos subscritos por teléfono facilitarase ao viaxeiro a información normalizada tal como figura no anexo II.B e a información indicada nas letras a) a h), ambas inclusive, deste número.

2. Na contratación de viaxes combinadas, tal como se definen na letra b).2.ºv) do artigo 151.1, o organizador e o empresario a quen se transmiten os datos garantirán que cada un deles facilite, antes de que o viaxeiro estea obrigado por contrato ou por calquera oferta correspondente, a información indicada nas letras a) a h), ambas inclusive, do número anterior, na medida en que sexa pertinente para os respectivos servizos de viaxe que ofrezan. O organizador tamén facilitará, ao mesmo tempo, a información normalizada por medio do formulario que figura no anexo II.C.

3. A información a que se fai referencia nos números 1 e 2 deberase facilitar ao viaxeiro, ao menos, en castelán e de forma clara, comprensible e destacada, e cando se facilite por escrito deberá ser lexible.

Artigo 154. *Carácter vinculante da información precontractual.*

1. A información facilitada ao viaxeiro consonte as letras a), c), d), e) e g) do artigo 153.1 formará parte integrante do contrato de viaxe combinada e non se modificará salvo que as partes contratantes acorden expresamente o contrario. O organizador e, se for o caso, o retalista, antes da subscrición do contrato de viaxe combinada, comunicarán ao viaxeiro, de forma clara, comprensible e destacada, todos os cambios da información precontractual.

2. Se antes da subscrición do contrato o organizador e, se for o caso, o retalista non cumpren cos requisitos de información sobre comisións, recargas ou outros custos adicionais que establece o artigo 153.1.c), o viaxeiro non terá que soportalos.

Artigo 155. *Contido do contrato de viaxe combinada e documentos que se entregarán antes do inicio da viaxe.*

1. Os contratos de viaxe combinada deberán estar redactados nunha linguaxe clara e comprensible e, se están por escrito, deberán ser lexibles. No momento da subscrición do contrato ou posteriormente sen demora, o organizador ou, se for o caso, o retalista, proporcionará ao viaxeiro unha copia do contrato ou unha confirmación del nun soporte duradeiro. O viaxeiro terá dereito a reclamar unha copia do contrato en papel se este se subscribiu en presenza física de ambas as partes.

No caso de contratos subscritos fóra do establecemento, o viaxeiro deberá recibir unha copia do contrato de viaxe combinada ou da súa confirmación en soporte papel ou, se está de acordo, noutro soporte duradeiro.

2. O contrato ou a súa confirmación recollerá o contido íntegro do acordado, incluída toda a información mencionada no artigo 153.1, así como a información seguinte:

- a) Necesidades especiais do viaxeiro aceptadas polo organizador.
- b) Indicación de que o organizador e o retalista son responsables da correcta execución de todos os servizos de viaxe incluídos no contrato, de conformidade co artigo 161, e están obrigados a prestar asistencia se o viaxeiro se encontra en dificultades de conformidade co artigo 163.2.
- c) O nome da entidade garante en caso de insolvencia, o nome da entidade garante do cumprimento da execución do contrato de viaxe combinada, e os datos de contacto, incluído o seu enderezo completo, nun documento resumo ou certificado e, cando proceda, o nome da autoridade competente designada para tal fin e os seus datos de contacto.

d) O nome, enderezo completo, número de teléfono, enderezo de correo electrónico e, se procede, número de fax do representante local do organizador e, se for o caso, do retallista, dun punto de contacto ou doutro servizo que permita ao viaxeiro, á súa elección, pórse en contacto con calquera deles rapidamente e comunicarse con eles eficazmente, pedir asistencia cando teña dificultades ou presentar unha reclamación por calquera falta de conformidade advertida durante a execución da viaxe combinada.

e) Indicación de que o viaxeiro debe comunicar toda falta de conformidade advertida durante a execución da viaxe combinada de conformidade co artigo 161.2.

f) No caso de que viaxen menores que non estean acompañados por un familiar ou outro adulto autorizado, sempre que a viaxe combinada inclúa o aloxamento, información que permita o contacto directo co menor ou coa persoa responsable del no lugar de estadía deste.

g) Información sobre os procedementos internos de tramitación de reclamacións dispoñibles e sobre sistemas de resolución alternativa de litixios, de conformidade coa Lei 7/2017, do 2 de novembro, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/11/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2013, relativa á resolución alternativa de litixios en materia de consumo, e, se procede, sobre a entidade de resolución de litixios a que estea adherida o empresario e sobre a plataforma a que se refire o Regulamento (UE) n.º 524/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2013, sobre resolución de litixios en liña en materia de consumo e polo que se modifican o Regulamento (CE) n.º 2006/2004 e a Directiva 2009/22/CE.

h) Información de que o viaxeiro ten dereito a ceder o contrato a outro viaxeiro, de conformidade co artigo 157.

3. Nos contratos de viaxes combinadas, tal como se definen no parágrafo b).2.ºv) do artigo 151.1, o empresario a quen se remiten os datos informará o organizador da subscrición do contrato que dea lugar á constitución da viaxe combinada. O empresario facilitará ao organizador a información necesaria para que este cumpra coas súas obrigacións.

Tan axiña como o organizador fose informado de que se constituíu a viaxe combinada facilitará ao viaxeiro nun soporte duradeiro toda a información a que se refire o número 2 anterior.

4. A información mencionada nos números 2 e 3 proporcionarase de forma clara, comprensible e destacada.

5. Con suficiente antelación ao inicio da viaxe combinada, o organizador ou, se for o caso, o retallista proporcionará ao viaxeiro os recibos, vales e billetes necesarios, a información acerca da hora de saída programada e, se procede, a hora límite para facturar, así como a hora programada das escalas, conexións de transporte e chegada.

Artigo 156. *Carga da proba.*

A carga da proba en relación co cumprimento dos requisitos de información establecidos neste capítulo recaerá no empresario.

CAPÍTULO II

Modificacións do contrato antes do inicio da viaxe combinada

Artigo 157. *Cesión do contrato de viaxe combinada a outro viaxeiro.*

1. O viaxeiro poderá ceder o contrato de viaxe combinada a unha persoa que reúna todas as condicións aplicables a ese contrato.

2. A cesión deberá ser comunicada previamente ao organizador ou, se for o caso, ao retallista, nun soporte duradeiro, cunha antelación razoable de, ao menos, sete días naturais ao inicio da viaxe combinada.

3. O cedente do contrato e o cesionario responderán solidariamente da cantidade pendente de pagamento do prezo acordado, así como de calquera comisión, recarga ou outros custos adicionais derivados da cesión. O organizador ou, se for o caso, o retallista informará o cedente acerca dos custos efectivos da cesión. Tales custos deberán ser razoables e, en todo caso, non superarán os custos efectivamente soportados polo organizador e o retallista a causa da cesión.

4. O organizador e, se for o caso, o retallista proporcionarán ao cedente as probas das comisións, recargas ou outros custos adicionais derivados da cesión do contrato.

Artigo 158. *Modificación do prezo.*

1. Despois da subscripción do contrato, os prezos unicamente poderán incrementarse se nel se reserva expresamente esa posibilidade e se establece que o viaxeiro ten dereito a unha redución do prezo conforme o número 4. En tal caso, o contrato indicará o modo en que se deben calcular as revisións do prezo.

O incremento dos prezos só será posible como consecuencia directa de cambios:

a) No prezo do transporte de pasaxeiros derivado do custo do combustible ou doutras fontes de enerxía,

b) No nivel dos impostos ou taxas sobre os servizos de viaxe incluídos no contrato, exixidos por terceiros que non están directamente involucrados na execución da viaxe combinada, incluídas as taxas, impostos e recargas turísticos, de aterraxe e de embarque ou desembarque en portos e aeroportos, ou

c) Nos tipos de cambio de divisa aplicables á viaxe combinada.

2. Se o aumento de prezo mencionado no número anterior excede o oito por cento do prezo total da viaxe combinada, aplicarase o disposto nos números do 2 ao 5 do artigo 159.

3. Con independencia da súa contía, só será posible un aumento de prezo se o organizador ou, se for o caso, o retallista o notifican ao viaxeiro de forma clara e comprensible, cunha xustificación deste incremento, e lle proporcionan o seu cálculo nun soporte duradeiro como máis tarde vinte días naturais antes do inicio da viaxe combinada.

4. Se o contrato estipula a posibilidade de aumentar os prezos, o viaxeiro terá dereito a unha redución do prezo correspondente a toda diminución dos custos a que se fai referencia nas letras a), b) e c) do número 1 que se produza no período comprendido entre a subscripción do contrato e o inicio da viaxe combinada.

5. Cando se produza unha diminución do prezo, o organizador e, se for o caso, o retallista terán dereito a deducir os gastos administrativos reais do reembolso debido ao viaxeiro. Se o viaxeiro o solicita, o organizador e, se for o caso, o retallista deberá achegar a proba destes gastos administrativos.

Artigo 159. *Alteración doutras cláusulas do contrato.*

1. O organizador non poderá modificar unilateralmente as cláusulas do contrato antes do inicio da viaxe combinada, con excepción do prezo de conformidade co artigo 158, salvo que se reservase este dereito no contrato, que o cambio sexa insignificante e que o propio organizador ou, se for o caso, o retallista informen o viaxeiro de forma clara, comprensible e destacada nun soporte duradeiro.

2. Se antes do inicio da viaxe combinada o organizador se ve obrigado a modificar substancialmente algunha das principais características dos servizos de viaxe a que se refire o artigo 153.1.a), non pode cumprir con algún dos requisitos

especiais a que se refire o artigo 155.2.a) ou propón aumentar o prezo da viaxe en máis do oito por cento de conformidade co artigo 158.2, o viaxeiro poderá, nun prazo razoable especificado polo organizador, aceptar o cambio proposto ou resolver o contrato sen pagar penalización.

O viaxeiro que resolva o contrato de viaxe combinada poderá aceptar unha viaxe combinada substitutiva que lle ofrezca o organizador ou, se for o caso, o retallista, de ser posible de calidade equivalente ou superior.

3. O organizador ou, se for o caso, o retallista deberá comunicar sen demora ao viaxeiro, de forma clara, comprensible e destacada e nun soporte duradeiro:

a) As modificacións propostas recollidas no número 2 e, cando proceda de conformidade co número 4, a súa repercusión no prezo da viaxe combinada.

b) Un prazo razoable en que o viaxeiro deberá informar da súa decisión conforme o número 2.

c) A indicación de que, no suposto de que o viaxeiro non notifique a súa decisión no prazo indicado na letra b), se entenderá que opta por resolver o contrato sen penalización ningunha.

d) Se é o caso, a viaxe combinada substitutiva ofrecida e o seu prezo.

4. Cando as modificacións do contrato de viaxe combinada ou a viaxe combinada substitutiva dean lugar a unha viaxe combinada de calidade ou custo inferior, o viaxeiro terá dereito a unha redución adecuada do prezo.

5. En caso de resolución polo viaxeiro do contrato de viaxe combinada antes do seu inicio, en virtude do número 2, sen pagamento de penalización ou non aceptación por parte do viaxeiro dunha viaxe combinada substitutiva, o organizador ou, se for o caso, o retallista reembolsarán sen demora indebida todos os pagamentos realizados polo viaxeiro ou por un terceiro no seu nome e, en calquera caso, nun prazo non superior a catorce días naturais a partir da data de resolución do contrato. Para estes efectos, aplicarase o disposto nos números 2 a 5 do artigo 162.

CAPÍTULO III

Terminación do contrato de viaxe combinada

Artigo 160. *Resolución, cancelación e dereito de desistencia antes do inicio da viaxe.*

1. En calquera momento anterior ao inicio da viaxe combinada o viaxeiro poderá resolver o contrato, caso en que o organizador ou, se for o caso, o retallista poderá exixirle que pague unha penalización que sexa adecuada e xustificable. O contrato poderá especificar unha penalización tipo que sexa razoable baseada na antelación da resolución do contrato con respecto ao inicio da viaxe combinada e no aforro de custos e ingresos esperados pola utilización alternativa dos servizos de viaxe. En ausencia dunha penalización tipo, o importe da penalización pola resolución do contrato equivalerá ao prezo da viaxe combinada menos o aforro de custos e os ingresos derivados da utilización alternativa dos servizos de viaxe. O organizador ou, se for o caso, o retallista deberá facilitar ao viaxeiro que o solicite unha xustificación do importe da penalización.

2. Non obstante o disposto no número anterior, cando concorran circunstancias inevitables e extraordinarias no lugar de destino ou nas inmediacións que afecten de forma significativa a execución da viaxe combinada ou ao transporte de pasaxeiros ao lugar de destino, o viaxeiro terá dereito a resolver o contrato antes do seu inicio sen pagar ningunha penalización. Neste caso, o viaxeiro terá dereito ao reembolso completo de calquera pagamento realizado, pero non a unha compensación adicional.

3. O organizador e, se for o caso, o retallista poderá cancelar o contrato e reembolsar ao viaxeiro a totalidade dos pagamentos que este realizase, pero non serán responsables de compensación adicional ningunha se:

a) O número de persoas inscritas para a viaxe combinada é inferior ao número mínimo especificado no contrato e o organizador ou, se for o caso, o retallista notifica ao viaxeiro a cancelación dentro do prazo fixado nel, que, como máis tarde, será:

1.º De vinte días naturais antes do inicio da viaxe combinada no caso das viaxes de máis de seis días de duración,

2.º De sete días naturais antes do inicio da viaxe combinada no caso das viaxes de entre dous e seis días de duración,

3.º De corenta e oito horas antes do inicio da viaxe combinada no caso de viaxes de menos de dous días de duración, ou

b) O organizador se ve na imposibilidade de executar o contrato por circunstancias inevitables e extraordinarias e se notifica a cancelación ao viaxeiro sen demora indebida antes do inicio da viaxe combinada.

4. O organizador ou, se for o caso, o retallista, proporcionará os reembolsos exixidos nos números 2 e 3 ou, con respecto ao número 1, reembolsará calquera pagamento realizado polo viaxeiro ou no seu nome pola viaxe combinada, menos a penalización correspondente. Os ditos reembolsos ou devolucións realizaranse ao viaxeiro sen demora indebida e, en calquera caso, nun prazo non superior a catorce días naturais despois da terminación do contrato de viaxe combinada.

5. No caso dos contratos de viaxe combinada subscritos fóra do establecemento, o viaxeiro disporá dun prazo de catorce días para exercer o seu dereito de desistencia do contrato de viaxe combinada, sen necesidade de xustificación.

CAPÍTULO IV

Execución da viaxe combinada

Artigo 161. *Responsabilidade pola execución da viaxe combinada e dereito de rescamento.*

1. Os organizadores e os retallistas de viaxes combinadas responderán de forma solidaria fronte ao viaxeiro do correcto cumprimento dos servizos de viaxe incluídos no contrato, con independencia de que estes servizos os deban executar eles mesmos ou outros prestadores.

Quen responda ante o viaxeiro terá o dereito de repetición fronte ao empresario a que lle sexa imputable o incumprimento ou cumprimento defectuoso do contrato en función do seu respectivo ámbito de xestión da viaxe combinada.

Cando un organizador ou un retallista aboe unha compensación, conceda unha redución do prezo ou cumpra as demais obrigacións que impón esta lei, poderá solicitar o rescamento a terceiros que contribuísen a que se producise o feito que deu lugar á compensación, á redución do prezo ou a outras obrigacións.

2. O viaxeiro deberá informar o organizador ou, se for o caso, o retallista sen demora indebida, tendo en conta as circunstancias de cada caso, de calquera falta de conformidade que observe durante a execución dun servizo de viaxe incluído no contrato.

3. Se calquera dos servizos incluídos na viaxe non se executa de conformidade co contrato, o organizador e, se for o caso, o retallista deberán emendar a falta de conformidade, salvo que resulte imposible ou se isto entraña un custo desproporcionado, tendo en conta a gravidade da falta de conformidade e o valor

dos servizos de viaxe afectados. En caso de que, conforme este número, non se emende a falta de conformidade, será de aplicación o disposto no artigo 162.

4. Sen prexuízo das excepcións previstas no número anterior, se o organizador ou o retallista non emenda a falta de conformidade nun prazo razoable establecido polo viaxeiro, o propio viaxeiro poderá facelo e solicitar o reembolso dos gastos necesarios. Non será preciso que o viaxeiro especifique un prazo límite se o organizador ou, se for o caso, o retallista se negan a emendar a falta de conformidade ou se se require unha solución inmediata.

5. Cando unha proporción significativa dos servizos de viaxe non se poida prestar segundo o convido no contrato de viaxe combinada, o organizador ou, se for o caso, o retallista, ofrecerá, sen custo adicional ningún para o viaxeiro, fórmulas alternativas adecuadas, de ser posible de calidade equivalente ou superior ás especificadas no contrato, para a continuación da viaxe combinada, tamén cando o regreso do viaxeiro ao lugar de saída non se efectúe segundo o acordado.

Se as fórmulas alternativas propostas dan lugar a unha viaxe combinada de menor calidade que a especificada no contrato, o organizador ou, se for o caso, o retallista aplicarán ao viaxeiro unha redución adecuada do prezo.

O viaxeiro só poderá rexeitar as fórmulas alternativas propostas se non son comparables co acordado no contrato de viaxe combinada ou se a redución do prezo concedida é inadecuada.

6. Cando unha falta de conformidade afecte substancialmente a execución da viaxe e o organizador ou, se for o caso, o retallista non a emendasen nun prazo razoable establecido polo viaxeiro, este poderá pór fin ao contrato sen pagar ningunha penalización e solicitar, se for o caso, tanto unha redución do prezo como unha indemnización polos danos e perdas causados, de conformidade co artigo 162.

Se non é posible encontrar fórmulas de viaxe alternativas ou o viaxeiro rexeita as propostas, de conformidade co número 5, parágrafo 3, terá dereito, se for o caso, tanto a unha redución de prezo como a unha indemnización por danos e perdas de conformidade co artigo 162, sen que se poña fin ao contrato de viaxe combinada.

Se a viaxe combinada inclúe o transporte de pasaxeiros, o organizador e, se for o caso, o retallista, nos casos indicados nos dous parágrafos anteriores, repatriará ademais o viaxeiro nun transporte equivalente sen dilacións indebidas e sen custo adicional.

7. Se é imposible garantir o retorno do viaxeiro segundo o convido no contrato debido a circunstancias inevitables e extraordinarias, o organizador ou, se for o caso, o retallista asumirá o custo do aloxamento que sexa necesario, de ser posible de categoría equivalente, por un período non superior a tres noites por viaxeiro. Cando a normativa europea sobre dereitos dos pasaxeiros, aplicable aos correspondentes medios de transporte para o regreso do viaxeiro, estableza períodos máis longos, aplicaranse os ditos períodos.

8. A limitación de custos a que se refire o número anterior non se aplicará ás persoas con discapacidade ou mobilidade reducida, tal como se definen no artigo 2.a) do Regulamento (CE) n.º 1107/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, sobre os dereitos das persoas con discapacidade ou mobilidade reducida no transporte aéreo, nin aos seus acompañantes, mulleres embarazadas e menores non acompañados, así como ás persoas con necesidade de asistencia médica específica, se as súas necesidades particulares foron participadas ao organizador ou, se for o caso, ao retallista ao menos corenta e oito horas antes do inicio da viaxe. O organizador e o retallista non poderán invocar as circunstancias inevitables e extraordinarias para efectos da limitación de responsabilidade, conforme o número 7, se o transportista non pode acollerse a estas circunstancias en virtude da normativa europea.

Artigo 162. *Redución do prezo e indemnización por danos e perdas.*

1. O viaxeiro terá dereito a unha redución do prezo adecuada por calquera período durante o cal houbese falta de conformidade, a menos que o organizador ou o retallista demostre que a falta de conformidade é imputable ao viaxeiro.

2. O viaxeiro terá dereito a recibir unha indemnización adecuada do organizador ou, se for o caso, do retallista por calquera dano ou perda que sufra como consecuencia de calquera falta de conformidade. A indemnización aboarase sen demora indebida.

3. O viaxeiro non terá dereito a unha indemnización por danos e perdas se o organizador ou, se for o caso, o retallista demostran que a falta de conformidade é:

- a) imputable ao viaxeiro,
- b) imputable a un terceiro alleo á prestación dos servizos contratados e imprevisible ou inevitable, ou
- c) debida a circunstancias inevitables e extraordinarias.

4. Na medida en que os convenios internacionais que vinculan a Unión Europea limiten o alcance ou as condicións do pagamento de indemnizacións por parte de prestadores de servizos de viaxe incluídos nunha viaxe combinada, as mesmas limitacións aplicaranse aos organizadores e retallistas. Nos demais casos, o contrato poderá limitar a indemnización que debe pagar o organizador ou o retallista sempre que esa limitación non se aplique aos danos corporais ou perdas causados de forma intencionada ou por negligencia e que o seu importe non sexa inferior ao triplo do prezo total da viaxe.

5. Todo dereito a indemnización ou redución do prezo en virtude do establecido nesta lei non afectará os dereitos dos viaxeiros recollidos:

a) No Regulamento (CE) n.º 261/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de febreiro de 2004, polo que se establecen normas comúns sobre compensación e asistencia aos pasaxeiros aéreos en caso de denegación de embarque e de cancelación ou grande atraso dos voos, e se derroga o Regulamento (CEE) n.º 295/91.

b) No Regulamento (CE) n.º 1371/2007 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, sobre os dereitos e as obrigacións dos viaxeiros de ferrocarril.

c) No Regulamento (CE) n.º 392/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, sobre a responsabilidade dos transportistas de pasaxeiros por mar en caso de accidente.

d) No Regulamento (UE) n.º 1177/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, sobre os dereitos dos pasaxeiros que viaxan por mar e por vías navegables, e polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 2006/2004.

e) O Regulamento (UE) n.º 181/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de febreiro de 2011, sobre os dereitos dos viaxeiros de autobús e autocar, e polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 2006/2004.

f) Os convenios internacionais.

Os viaxeiros terán dereito a presentar reclamacións conforme esta lei, os ditos regulamentos e os convenios internacionais. A indemnización ou redución do prezo concedida en virtude desta lei e a concedida en virtude dos ditos regulamentos e convenios internacionais deduciranse a unha da outra para evitar o exceso de indemnización.

Artigo 163. *Posibilidade de pórse en contacto co organizador a través do retallista e obrigación de prestar asistencia.*

1. O viaxeiro poderá enviar mensaxes, peticións ou queixas en relación coa execución da viaxe combinada directamente ao retallista a través do cal foi adquirida. O retallista transmitirá as ditas mensaxes, peticións ou queixas ao organizador sen demora indebida. Para efectos do cumprimento dos termos ou prazos de prescrición, o xustificante de recepción polo retallista das mensaxes, peticións ou queixas considerárase xustificante de recepción polo organizador.

2. O organizador e o retallista deberán proporcionar asistencia adecuada e sen demora indebida ao viaxeiro en dificultades, en especial en caso de circunstancias inevitables e extraordinarias, en particular mediante:

- a) A subministración de información adecuada sobre os servizos sanitarios, as autoridades locais e a asistencia consular, e
- b) A asistencia ao viaxeiro para establecer comunicacións a distancia e a axuda para encontrar fórmulas de viaxe alternativas.

O organizador e, se for o caso, o retallista poderán facturar unha recarga razoable pola dita asistencia se a dificultade se orixinou intencionadamente ou por negligencia do viaxeiro. A devandita recarga non superará en ningún caso os custos reais en que incorrese o organizador ou o retallista.

CAPÍTULO V

Garantías

Artigo 164. *Efectividade e alcance da garantía fronte á insolvencia.*

1. Os organizadores e os retallistas de viaxes combinadas establecidos en España terán a obrigación de constituiren unha garantía e adaptala cando sexa necesario. A dita garantía poderase constituír mediante a creación dun fondo de garantía, a contratación dun seguro, un aval ou outra garantía financeira, nos termos que determine a Administración competente. Se o transporte de pasaxeiros está incluído no contrato de viaxe combinada constituirase unha garantía para a repatriación dos viaxeiros, podendo ofrecerse a continuación da viaxe combinada. A existencia desta garantía quedará suxeita en todo caso ao establecido na Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado.

Os organizadores e os retallistas non establecidos nun Estado membro da Unión Europea que vendan ou ofrezan viaxes combinadas en España, ou que por calquera medio dirixan as ditas actividades a España, estarán tamén obrigados a prestar a dita garantía.

2. A garantía deberá ser efectiva e cubrir os custos que sexan previsibles de maneira razoable. Cubrirá o importe dos pagamentos realizados directamente polos viaxeiros, ou por un terceiro no seu nome, en relación con viaxes combinadas en temporada alta, tendo en conta o período comprendido entre os pagamentos anticipados e os pagamentos finais e a finalización das viaxes combinadas, así como o custo estimado das repatriacións en caso de insolvencia. A cobertura necesaria poderase calcular a partir dos datos comerciais máis recentes, como é o volume de negocios en concepto de viaxes combinadas realizado no exercicio anterior, pero deberá adaptarse en caso de que aumenten os riscos, especialmente debido a un incremento importante da venda destas viaxes.

3. A insolvencia entenderase producida tan axiña como sexa evidente que pola falta de liquidez dos organizadores ou dos retallistas, os servizos de viaxe deixen de executarse, non se vaian executar ou vaian executarse só en parte, ou cando os prestadores de servizos requiran aos viaxeiros pagar por eles. Unha vez producida a insolvencia, a garantía deberá estar dispoñible e o viaxeiro deberá poder acceder

facilmente á protección garantida, sen prexuízo de que se lle ofrezca a continuación da viaxe combinada. Os reembolsos correspondentes a servizos de viaxe non executados efectuaranse sen demora indebida logo de solicitude do viaxeiro.

4. A protección fronte á insolvencia do organizador e do retallista beneficiará os viaxeiros sen ter en conta o seu lugar de residencia, o lugar de saída, o lugar onde se vendese a viaxe combinada ou o Estado membro en que estea situada a entidade garante en caso de insolvencia.

5. Cando a execución da viaxe combinada se vexa afectada pola insolvencia do organizador ou do retallista, a garantía activarase gratuitamente para as repatriacións e, en caso necesario, para o financiamento do aloxamento previo á repatriación, sen implicar ningún adianto de pagamento para o viaxeiro.

Artigo 165. Garantía da responsabilidade contractual.

Os organizadores e os retallistas de viaxes combinadas terán a obrigaición de constituíren unha garantía que responderá, con carácter xeral, do cumprimento das obrigaicións derivadas da prestación dos seus servizos fronte aos contratantes dunha viaxe combinada. En todo caso, os viaxeiros poderán reclamar esta garantía directamente ao sistema de cobertura constituído.

Artigo 166. Recoñecemento mutuo da protección fronte á insolvencia e cooperación administrativa.

1. Para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos exixidos por esta lei en canto á protección fronte á insolvencia, as autoridades autonómicas competentes aceptarán toda protección constituída por un organizador e, se for o caso, por un retallista, cando proceda conforme as medidas adoptadas pola normativa do Estado membro do seu establecemento. Así mesmo, as autoridades autonómicas competentes nesta materia aceptarán toda protección constituída por un organizador e, se for o caso, por un retallista, cando proceda conforme as medidas adoptadas segundo a normativa da comunidade autónoma do seu establecemento.

2. O Ministerio de Industria, Comercio e Turismo actuará como punto de contacto central para facilitar a cooperación administrativa europea e nacional. As autoridades autonómicas competentes nesta materia levarán a cabo o control dos organizadores e, se for o caso, dos retallistas que operen nas súas correspondentes comunidades autónomas e notificarán os seus datos a través do punto de contacto central aos demais Estados membros e á Comisión.

3. O Ministerio de Industria, Comercio e Turismo facilitará reciprocamente aos puntos de contacto centrais dos outros Estados membros toda a información necesaria sobre os requisitos do réxime nacional de protección fronte á insolvencia, así como a identidade da entidade ou entidades garantes que ofrezan a dita protección a un determinado organizador ou retallista establecido en territorio español. As comunidades autónomas facilitarán ao Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, como punto de contacto central, toda a información necesaria sobre os requisitos do réxime de protección fronte á insolvencia, así como a identidade da entidade ou entidades garantes que ofrezan a dita protección a un determinado organizador ou retallista establecido no seu territorio. En todo caso, remitirán unha primeira resposta nun prazo máximo de quince días hábiles desde a recepción da solicitude do punto de contacto central.

4. Os puntos de contacto centrais dos outros Estados membros poderán acceder libremente á listaxe dos organizadores e retallistas que cumpran as súas obrigaicións de protección fronte á insolvencia xestionada polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo. Esta listaxe será de acceso público, incluído o acceso en liña.

5. Cando existan dúbidas sobre a protección fronte á insolvencia dun organizador ou dun retallista que non estea establecido en España, o Ministerio de

Industria, Comercio e Turismo deberá pedir aclaracións ao Estado membro de establecemento do empresario. Respecto aos empresarios establecidos en España, o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo responderá ás solicitudes doutros Estados membros o antes posible, tendo en conta a urxencia e a complexidade do asunto. En todo caso, remitirase unha primeira resposta antes de quince días hábiles desde a recepción da solicitude.

TÍTULO III

Servizos de viaxe vinculados

Artigo 167. *Requisitos de protección fronte á insolvencia.*

1. Os empresarios que faciliten servizos de viaxe vinculados deberán constituír unha garantía para o reembolso de todos os pagamentos que reciban dos viaxeiros na medida en que un dos servizos de viaxe que estean incluídos non se execute como consecuencia da súa insolvencia. Se os ditos empresarios son a parte responsable do transporte de pasaxeiros, a garantía cubrirá tamén a repatriación dos viaxeiros. A garantía poderá constituírse mediante a creación dun fondo de garantía, a contratación dun seguro, un aval ou outra garantía financeira, nos termos que determine a Administración competente. A exixencia desta garantía quedará suxeita en todo caso ao establecido na Lei 20/2013, do 9 de decembro.

Os empresarios non establecidos nun Estado membro da Unión Europea que faciliten servizos de viaxe vinculados en España, ou que por calquera medio dirixan as ditas actividades a España, estarán tamén obrigados a prestar a dita garantía.

2. A garantía que se constituía deberá cumprir co disposto nos artigos 164 e 166.

3. A insolvencia entenderase producida tan pronto como sexa evidente que pola falta de liquidez dos empresarios os servizos de viaxe deixen de executarse, non se vaian executar ou se vaian executar só en parte, ou cando os prestadores de servizos requiran aos viaxeiros pagar por eles. Unha vez producida a insolvencia, a garantía deberá estar dispoñible e o viaxeiro poderá acceder facilmente á protección garantida. Os reembolsos correspondentes a servizos de viaxe non executados efectuaranse sen demora indebida logo de solicitude do viaxeiro.

Artigo 168. *Requisitos de información.*

1. Antes de que o viaxeiro quede obrigado por calquera contrato que dea lugar a servizos de viaxe vinculados ou por calquera oferta correspondente, o empresario que facilite estes servizos, incluídos os casos en que o empresario non estea establecido nun Estado membro pero por calquera medio dirixa tales actividades a España, indicará, de forma clara, comprensible e destacada:

a) Que o viaxeiro non se poderá acoller a ningún dos dereitos que se aplican exclusivamente ás viaxes combinadas, conforme o previsto nesta lei, e que cada prestador de servizos será o único responsable da correcta prestación contractual do seu servizo, e

b) que o viaxeiro gozará da protección fronte á insolvencia recollida no artigo 167.

Co fin de cumprir co disposto no presente número, o empresario que facilite uns servizos de viaxe vinculados proporcionará ao viaxeiro a dita información mediante o formulario normalizado correspondente que figura no anexo III. Cando o carácter especial dos servizos de viaxe vinculados non estea recollido por ningún dos formularios que figuran no devandito anexo proporcionará a información contida nel.

2. Se o empresario que facilite servizos de viaxe vinculados non cumpriu cos requisitos establecidos no artigo 167 e no número 1 deste artigo, aplicaranse os

dereitos e obrigacións establecidos nos artigos 157 e 160 e no capítulo IV do título II deste libro en relación cos servizos de viaxe que forman parte dos servizos de viaxe vinculados.

3. Cando uns servizos de viaxe vinculados sexan o resultado da subscrición dun contrato entre un viaxeiro e un empresario que non facilita os ditos servizos, este último informará o empresario que os facilita da subscrición do correspondente contrato.

TÍTULO IV

Da prescrición das reclamacións e réxime sancionador

Artigo 169. *Prescrición das reclamacións.*

O prazo de prescrición para presentar reclamacións conforme este libro será de dous anos.

Artigo 170. *Réxime sancionador.*

Ao disposto neste libro non lle é de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no libro primeiro, título IV, capítulo II, senón que lle é de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na lexislación específica sobre o asunto ditado polas administracións públicas competentes en materia de turismo ou por aquelas que en cada caso teñan atribuída a competencia por razón da materia. As sancións que se establezan deberán ser efectivas, proporcionadas e disuasorias.»

Tres. O anexo do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias enumérase como anexo I e engádense os anexos II e III co seguinte contido:

«ANEXO II

A. *Formulario de información normalizada para contratos de viaxe combinada en que sexa posible utilizar hiperligazóns*

A combinación de servizos de viaxe que se lle ofrece é unha viaxe combinada no sentido do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro.

Polo tanto, vostede gozará de todos os dereitos que se aplican no marco da UE ás viaxes combinadas. A(s) empresa(s) XY será(n) plenamente responsable(s) da correcta execución da viaxe combinada no seu conxunto.

Ademais, como exige a lexislación, a(s) empresa(s) XY está(n) cuberta(s) por unha garantía para reembolsarlle os pagamentos realizados e, se o transporte está incluído na viaxe, asegurar a súa repatriación en caso de que incorra(n) en insolvencia.

Máis información sobre os seus principais dereitos conforme o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro (que se proporcionará mediante unha hiperligazón).

Seguindo a hiperligazón, o viaxeiro recibirá a seguinte información:

Principais dereitos en virtude do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro:

- Os viaxeiros recibirán toda a información esencial sobre a viaxe combinada antes de subscribir o contrato.
- Sempre haberá como mínimo un empresario responsable da correcta execución de todos os servizos de viaxe incluídos no contrato.
- Proporcionarase aos viaxeiros un número de teléfono de emerxencia ou os datos dun punto de contacto onde poidan contactar co organizador ou o retallista.
- Os viaxeiros poderán ceder a viaxe combinada a outra persoa, cun aviso previo razoable e, se for o caso, con suxeición ao pagamento de gastos adicionais.
- O prezo da viaxe combinada só se poderá aumentar se se producen gastos específicos (por exemplo, nos prezos de combustible) e está expresamente estipulado no contrato, e en ningún caso nos últimos vinte días anteriores ao inicio da viaxe combinada. Se o aumento de prezo excede o oito por cento do prezo da viaxe combinada, o viaxeiro poderá pór fin ao contrato. Se o organizador reserva para si o dereito de aumentar o prezo, o viaxeiro terá dereito a unha redución do prezo se diminúen os gastos correspondentes.
- Os viaxeiros poderán pór fin ao contrato sen pagar ningunha penalización e obter o reembolso completo de todos os pagamentos realizados se se modifica significativamente algún dos elementos esenciais da viaxe combinada que non sexa o prezo. Se o empresario responsable da viaxe combinada a cancela antes do seu inicio, os viaxeiros terán dereito ao reembolso dos pagamentos realizados e, cando proceda, a unha compensación.
- En circunstancias excepcionais, por exemplo en caso de que no lugar de destino existan graves problemas de seguridade que poidan afectar a viaxe combinada, os viaxeiros poderán pór fin ao contrato antes do inicio da viaxe combinada sen pagar ningunha penalización.
- Ademais, os viaxeiros poderán pór fin ao contrato en calquera momento antes do inicio da viaxe combinada mediante o pagamento dunha penalización por terminación, que sexa adecuada e xustificable.
- Se, despois do inicio da viaxe combinada, non se poden prestar elementos significativos deste, deberán ofrecerse ao viaxeiro fórmulas alternativas adecuadas, sen custo adicional. Os viaxeiros poderán pór fin ao contrato sen pagar ningunha penalización en caso de non execución dos servizos cando isto afecte substancialmente a execución da viaxe combinada e o organizador ou, se for o caso, o retallista non consegue solucionar o problema.
- Os viaxeiros tamén terán dereito a unha redución do prezo e/ou a unha indemnización por danos e perdas en caso de non execución ou execución incorrecta dos servizos de viaxe.
- O organizador e o retallista deberán proporcionar asistencia ao viaxeiro en caso de que este se encontre en dificultades.
- Se o organizador ou o retallista incorre en insolvencia, procederase ao reembolso dos pagamentos. En caso de que o organizador ou, se for o caso, o retallista incorra en insolvencia despois do inicio da viaxe combinada e esta inclúe o transporte, garantirase a repatriación dos viaxeiros. XY subscribiu unha garantía de protección fronte á insolvencia con YZ [a entidade garante en caso de insolvencia –por exemplo, un fondo de garantía ou unha compañía de seguros–]. Se se denegan servizos debido á insolvencia de XY, os viaxeiros poderán pórse en contacto coa dita entidade ou, se for o caso, coa autoridade competente (datos de contacto, entre outros, nome, enderezo completo, correo electrónico e número de teléfono).

Texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro (hiperligazón).

B. Formulario de información normalizada para contratos de viaxe combinada en supostos distintos dos recollidos na parte A

A combinación de servizos de viaxe que se lle ofrece é unha viaxe combinada no sentido do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro.

Polo tanto, vostede gozará de todos os dereitos que se aplican no marco da Unión Europea ás viaxes combinadas. A(s) empresa(s) XY será(n) plenamente responsable(s) da correcta execución da viaxe combinada no seu conxunto.

Ademais, como exige a lexislación, a(s) empresa(s) XY está(n) cuberta(s) por unha garantía para reembolsarlle os pagamentos realizados e, se o transporte está incluído na viaxe, asegurar a súa repatriación en caso de que incorra(n) en insolvencia.

Principais dereitos en virtude do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro:

– Os viaxeiros recibirán toda a información esencial sobre a viaxe combinada antes de subscribir o contrato de viaxe combinada.

– Sempre haberá, como mínimo, un empresario responsable da correcta execución de todos os servizos de viaxe incluídos no contrato.

– Proporcionarase aos viaxeiros un número de teléfono de emerxencia ou os datos dun punto de contacto onde poidan contactar co organizador e, se for o caso, co retalista.

– Os viaxeiros poderán ceder a viaxe combinada a outra persoa, cun aviso previo razoable e, se for o caso, con suxeición ao pagamento de gastos adicionais.

– O prezo da viaxe combinada só se poderá aumentar se se producen gastos específicos (por exemplo, nos prezos de combustible) e está expresamente estipulado no contrato, e en ningún caso nos últimos vinte días anteriores ao inicio da viaxe combinada. Se o aumento de prezo excede o oito por cento do prezo da viaxe combinada, o viaxeiro poderá pór fin ao contrato. Se o organizador reserva para si o dereito de aumentar o prezo, o viaxeiro terá dereito a unha redución do prezo se diminúen os gastos correspondentes.

– Os viaxeiros poderán pór fin ao contrato sen pagar ningunha penalización e obter o reembolso completo de todos os pagamentos realizados se se modifica significativamente algún dos elementos esenciais da viaxe combinada que non sexa o prezo. Se o empresario responsable da viaxe combinada a cancela antes do seu inicio, os viaxeiros terán dereito ao reembolso dos pagamentos realizados e, cando proceda, a unha compensación.

– En circunstancias excepcionais, por exemplo en caso de que no lugar de destino existan graves problemas de seguridade que poidan afectar a viaxe combinada, os viaxeiros poderán pór fin ao contrato antes do inicio da viaxe combinada, sen pagar ningunha penalización.

– Ademais, os viaxeiros poderán pór fin ao contrato en calquera momento antes do inicio da viaxe combinada mediante o pagamento dunha penalización por terminación que sexa adecuada e xustificable.

– Se, despois do inicio da viaxe combinada, non poden prestarse elementos significativos desta, deberán ofrecerse ao viaxeiro fórmulas alternativas adecuadas, sen custo adicional. Os viaxeiros poderán pór fin ao contrato sen pagar ningunha penalización en caso de non execución dos servizos cando isto afecte

substancialmente a execución da viaxe combinada e o organizador e, se for o caso, o retallista non conseguen solucionar o problema.

– Os viaxeiros tamén terán dereito a unha redución do prezo e/ou a unha indemnización por danos e perdas en caso de non execución ou execución incorrecta dos servizos de viaxe.

– O organizador e o retallista deberán proporcionar asistencia ao viaxeiro en caso de que este se encontre en dificultades.

– Se o organizador ou o retallista incorre en insolvencia procederáse ao reembolso dos pagamentos. En caso de que o organizador ou, se for o caso, o retallista incorra en insolvencia despois do inicio da viaxe combinada e esta inclúe o transporte, garantirase a repatriación dos viaxeiros. XY subscribiu unha garantía de protección fronte á insolvencia con YZ [a entidade garante en caso de insolvencia –por exemplo, un fondo de garantía ou unha compañía de seguros–]. Se se denegan servizos debido á insolvencia de XY, os viaxeiros poderán pórse en contacto coa dita entidade ou, se for o caso, coa autoridade competente (datos de contacto, entre outros, nome, enderezo completo, correo electrónico e número de teléfono).

Texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro (hiperligazón).

C. Formulario de información normalizada en caso de transmisión de datos por parte dun organizador a outro empresario de conformidade co artigo 151.1.b).2.º v)

Se vostede asina un contrato coa empresa AB antes de que se cumpran vinte e catro horas da recepción da confirmación da reserva enviada pola empresa XY, o servizo de viaxe ofrecido por XY e AB constituirá unha viaxe combinada no sentido do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro.

Polo tanto, vostede gozará de todos os dereitos que se aplican no marco da UE ás viaxes combinadas. A empresa XY será plenamente responsable da correcta execución da viaxe combinada no seu conxunto.

Ademais, como exige a lexislación, a empresa XY está cuberta por unha garantía para reembolsarlle os pagamentos realizados e, se o transporte está incluído na viaxe, asegurar a súa repatriación en caso de que incorra en insolvencia.

Máis información sobre dereitos principais conforme o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro (que se proporcionará mediante unha hiperligazón).

Seguindo a hiperligazón o viaxeiro recibirá a seguinte información:

Principais dereitos en virtude do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro:

– Os viaxeiros recibirán toda a información esencial sobre os servizos de viaxe antes de subscribir o contrato de viaxe combinada.

– Sempre haberá como mínimo un empresario responsable da correcta execución de todos os servizos de viaxe incluídos no contrato.

– Proporcionarase aos viaxeiros un número de teléfono de emerxencia ou os datos dun punto de contacto onde poidan contactar co organizador e, se for o caso, co retallista.

– Os viaxeiros poderán ceder a viaxe combinada a outra persoa, cun aviso previo razoable e, se for o caso, con suxeición ao pagamento de gastos adicionais.

– O prezo da viaxe combinada só se poderá aumentar se se producen gastos específicos (por exemplo, nos prezos de combustible) e está expresamente estipulado no contrato, e en ningún caso nos últimos vinte días anteriores ao inicio da viaxe combinada. Se o aumento de prezo excede o oito por cento do prezo da viaxe combinada, o viaxeiro poderá pór fin ao contrato. Se o organizador reserva para si o dereito de aumentar o prezo, o viaxeiro terá dereito a unha redución do prezo se diminúen os gastos correspondentes.

– Os viaxeiros poderán pór fin ao contrato sen pagar ningunha penalización e obter o reembolso completo de todos os pagamentos realizados se se modifica significativamente algún dos elementos esenciais da viaxe combinada que non sexa o prezo. Se o empresario responsable da viaxe combinada a cancela antes do seu inicio, os viaxeiros terán dereito ao reembolso dos pagamentos realizados e, cando proceda, a unha compensación.

– En circunstancias excepcionais, por exemplo en caso de que no lugar de destino existan graves problemas de seguridade que poidan afectar a viaxe combinada, os viaxeiros poderán pór fin ao contrato antes do inicio da viaxe combinada sen pagar ningunha penalización.

– Ademais, os viaxeiros poderán pór fin ao contrato en calquera momento antes do inicio da viaxe combinada mediante o pagamento dunha penalización por terminación que sexa adecuada e xustificable.

– Se, despois do inicio da viaxe combinada, non se poden prestar elementos significativos dela, deberán ofrecerse ao viaxeiro fórmulas alternativas adecuadas, sen custo adicional. Os viaxeiros poderán pór fin ao contrato sen pagar ningunha penalización en caso de non execución dos servizos cando isto afecte substancialmente a execución da viaxe combinada e o organizador e, se for o caso, o retallista non conseguen solucionar o problema.

– Os viaxeiros tamén terán dereito a unha redución do prezo e/ou indemnización por danos e perdas en caso de non execución ou execución incorrecta dos servizos de viaxe.

– O organizador e o retallista deberán proporcionar asistencia ao viaxeiro en caso de que este se encontre en dificultades.

– Se o organizador ou o retallista incorre en insolvencia, procederáse ao reembolso dos pagamentos. En caso de que o organizador ou, se for o caso, o retallista incorran en insolvencia despois do inicio da viaxe combinada e esta inclúe o transporte, garantirase a repatriación dos viaxeiros. XY subscribiu unha garantía de protección fronte á insolvencia con YZ [a entidade garante en caso de insolvencia –por exemplo, un fondo de garantía ou unha compañía de seguros–]. Se se denegan servizos debido á insolvencia de XY, os viaxeiros poderán pórse en contacto coa dita entidade ou, se for o caso, coa autoridade competente (datos de contacto, entre outros, nome, enderezo completo, correo electrónico e número de teléfono).

Texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro (hiperligazón).

ANEXO III

A. Formulario de información normalizada en caso de que o empresario que facilita servizos de viaxe vinculados en liña no sentido do artigo 151.1.e).1.º sexa un transportista que vende un billete de ida e volta

Se, despois de ter seleccionado e pagado un servizo de viaxe, vostede reserva servizos de viaxe adicionais para a súa viaxe ou vacación a través da nosa empresa, XY, NON gozará dos dereitos que se aplican ás viaxes combinadas en virtude do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro.

Polo tanto, a nosa empresa, XY, non será responsable da correcta execución dos ditos servizos de viaxe adicionais. En caso de problemas, póñase en contacto co prestador de servizos correspondente.

Non obstante, se vostede reserva servizos de viaxe adicionais durante a mesma visita do sitio web de reservas da nosa empresa, XY, estes servizos formarán parte duns servizos de viaxe vinculados. Neste caso, tal e como exige o dereito da Unión Europea, a empresa XY subscribiu unha garantía de protección para reembolsarlle os pagamentos aboados a XY en concepto de servizos que non se executasen por insolvencia de XY e, en caso necesario, para a súa repatriación. Teña en conta que non se procederá ao reembolso en caso de insolvencia do prestador de servizos correspondente.

Máis información sobre protección fronte á insolvencia (que se proporcionará mediante unha hiperligazón).

Seguindo a hiperligazón o viaxeiro recibirá a seguinte información:

XY subscribiu unha garantía de protección fronte á insolvencia con YZ [a entidade garante en caso de insolvencia –por exemplo, un fondo de garantía ou unha compañía de seguros–].

Se se denegan servizos debido á insolvencia de XY, os viaxeiros poderán pórse en contacto coa dita entidade ou, se for o caso, coa autoridade competente (datos de contacto, entre outros, nome, enderezo completo, correo electrónico e número de teléfono).

Nota: A protección fronte á insolvencia non inclúe contratos con partes distintas de XY que se poidan executar malia a insolvencia de XY.

Texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro (hiperligazón).

B. Formulario de información normalizada en caso de que o empresario que facilita servizos de viaxe vinculados en liña no sentido do artigo 151.1.e).1.º sexa un empresario distinto do transportista que vende o billete de ida e volta

Se, despois de ter seleccionado e pagado un servizo de viaxe, vostede reserva servizos de viaxe adicionais para a súa viaxe ou vacación a través da nosa empresa, XY, NON gozará dos dereitos que se aplican ás viaxes combinadas en virtude do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro.

Polo tanto, a nosa empresa, XY, non será responsable da correcta execución dos distintos servizos de viaxe. En caso de problemas, póñase en contacto co prestador de servizos correspondente.

Non obstante, se vostede reserva servizos de viaxe adicionais durante a mesma visita do sitio web de reservas da nosa empresa, XY, estes servizos formarán parte duns servizos de viaxe vinculados. Neste caso, tal e como exige a normativa, a empresa XY subscribiu unha garantía de protección para reembolsarlle os pagamentos aboados a XY en concepto de servizos que non se executasen por insolvencia de XY. Teña en conta que non se procederá ao reembolso en caso de insolvencia do prestador de servizos correspondente.

Máis información sobre protección fronte á insolvencia (que se proporcionará mediante unha hiperligazón).

Seguindo a hiperligazón, o viaxeiro recibirá a seguinte información:

XY subscribiu unha garantía de protección fronte á insolvencia con YZ [a entidade garante en caso de insolvencia –por exemplo, un fondo de garantía ou unha compañía de seguros–].

Se se denegan servizos debido á insolvencia de XY, os viaxeiros poderán pórse en contacto coa dita entidade ou, se for o caso, coa autoridade competente (datos de contacto, entre outros, nome, enderezo completo, correo electrónico e número de teléfono).

Nota: A protección fronte á insolvencia non inclúe contratos con partes distintas de XY que se poidan executar malia a insolvencia de XY.

Texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro (hiperligazón).

C. Formulario de información normalizada en caso de servizos de viaxe vinculados no sentido do artigo 151.1.e).1.º, en que os contratos se subscriban en presenza física simultánea do empresario (distinto do transportista que vende un billete de ida e volta) e do viaxeiro

Se, despois de ter seleccionado e pagado un servizo de viaxe, vostede reserva servizos de viaxe adicionais para a súa viaxe ou vacación a través da nosa empresa, XY, NON gozará dos dereitos que se aplican ás viaxes combinadas en virtude do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro.

Polo tanto, a nosa empresa, XY, non será responsable da correcta execución dos distintos servizos de viaxe. En caso de problemas, póñase en contacto co prestador de servizos correspondente.

Porén, se vostede reserva servizos de viaxe adicionais durante a mesma visita ou contacto coa nosa empresa, XY, estes servizos formarán parte duns servizos de viaxe vinculados. Neste caso, tal e como exige a normativa, a empresa XY subscribiu unha garantía de protección para reembolsarlle os pagamentos aboados a XY en concepto de servizos que non se executasen por insolvencia de XY. Teña en conta que non se procederá ao reembolso en caso de insolvencia do prestador de servizos correspondente.

Máis información sobre protección fronte á insolvencia (que se proporcionará mediante unha hiperligazón).

Seguindo a hiperligazón, o viaxeiro recibirá a seguinte información:

XY subscribiu unha garantía de protección fronte á insolvencia con YZ [a entidade garante en caso de insolvencia –por exemplo, un fondo de garantía ou unha compañía de seguros–].

Se se denegan servizos debido á insolvencia de XY, os viaxeiros poderán pórse en contacto coa dita entidade ou, se for o caso, coa autoridade competente (datos de contacto, entre outros, nome, enderezo completo, correo electrónico e número de teléfono).

Nota: a protección fronte á insolvencia non inclúe contratos con partes distintas de XY que se poidan executarse pese á insolvencia de XY.

Texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado mediante Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro (hiperligazón).

D. Formulario de información normalizada en caso de que o empresario que facilita servizos de viaxe vinculados en liña no sentido do artigo 151.1.e).2.º, sexa un transportista que vende un billete de ida e volta

Se vostede reserva uns servizos de viaxe adicionais para a súa viaxe ou vacación mediante esta(s) ligazón(s), NON gozará dos dereitos que se aplican ás viaxes combinadas en virtude do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro.

Polo tanto, a nosa empresa, XY, non será responsable da correcta execución dos ditos servizos de viaxe adicionais. En caso de problemas, póñase en contacto co prestador de servizos correspondente.

Porén, se vostede reserva servizos de viaxe adicionais mediante esta(s) ligazón(s) antes de vinte e catro horas desde a recepción da confirmación da reserva por parte da nosa empresa, XY, estes servizos formarán parte duns servizos de viaxe vinculados. Neste caso, tal e como exige a normativa, a empresa XY subscribiu unha garantía de protección para reembolsarlle os pagamentos aboados a XY en concepto de servizos que non se executasen por insolvencia de XY e, en caso necesario, para efectos de repatriación. Teña en conta que non se procederá ao reembolso en caso de insolvencia do prestador de servizos correspondente.

Máis información sobre protección fronte á insolvencia (que se proporcionará mediante unha hiperligazón)

Seguindo a hiperligazón, o viaxeiro recibirá a seguinte información:

XY subscribiu unha garantía de protección fronte á insolvencia con YZ [a entidade garante en caso de insolvencia –por exemplo, un fondo de garantía ou unha compañía de seguros–].

Se se denegan servizos debido á insolvencia de XY, os viaxeiros poderán pórse en contacto coa dita entidade ou, se for o caso, coa autoridade competente (datos de contacto, entre outros, nome, enderezo completo, correo electrónico e número de teléfono).

Nota: a protección fronte á insolvencia non inclúe contratos con partes distintas de XY que poden executarse malia a insolvencia de XY.

Texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro (hiperligazón).

E. Formulario de información normalizada en caso de que o empresario que facilita uns servizos de viaxe vinculados en liña no sentido do artigo 151.1.e).2.º, sexa un empresario distinto do transportista que vende o billete de ida e volta

Se vostede reserva servizos de viaxe adicionais para a súa viaxe ou vacación mediante esta(s) ligazón(s), NON gozará dos dereitos que se aplican ás viaxes combinadas en virtude do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro.

Polo tanto, a nosa empresa, XY, non será responsable da correcta execución dos servizos de viaxe adicionais. En caso de problemas, póñase en contacto co prestador de servizos correspondente.

Porén, se vostede reserva servizos de viaxe adicionais mediante esta(s) ligazón(s) antes de vinte e catro horas desde a confirmación da reserva por parte da nosa empresa, XY, estes servizos formarán parte duns servizos de viaxe vinculados. Neste caso, tal e como exige a normativa, a empresa XY subscribiu unha garantía de protección para reembolsarlle os pagamentos aboados a XY en concepto de

servizos que non se executasen por insolvencia de XY. Teña en conta que non se procederá ao reembolso en caso de insolvencia do prestador de servizos correspondente.

Máis información sobre protección fronte á insolvencia [que se proporcionará mediante unha hiperligazón]

Seguindo a hiperligazón o viaxeiro recibirá a seguinte información:

XY subscribiu unha garantía de protección fronte á insolvencia con YZ [a entidade garante en caso de insolvencia –por exemplo, un fondo de garantía ou unha compañía de seguros–].

Se se denegan servizos debido á insolvencia de XY, os viaxeiros poderán pórse en contacto coa dita entidade ou, se for o caso, coa autoridade competente (datos de contacto, entre outros, nome, enderezo completo, correo electrónico e número de teléfono).

Nota: A protección fronte á insolvencia non inclúe contratos con partes distintas de XY que se poidan executar malia a insolvencia de XY.

Texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro (hiperligazón).»

Disposición adicional primeira. *Medios para o funcionamento do punto de contacto central.*

Para o adecuado desempeño das novas funcións que o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo asume como punto de contacto central conforme o disposto no artigo 166 do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro, o devandito departamento ministerial disporá dos medios persoais e materiais necesarios para isto dentro das dispoñibilidades orzamentarias existentes.

Disposición adicional segunda. *Referencias á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

As referencias contidas na Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, deberán entenderse realizadas á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio.*

1. Os procedementos sobre marcas e nomes comerciais iniciados antes da entrada en vigor deste real decreto lei serán tramitados e resolto conforme a lexislación anterior.

2. As marcas e nomes comerciais concedidos durante a vixencia de lexislacións anteriores rexeranse polo presente real decreto lei.

3. Até que a Oficina Española de Patentes e Marcas, conforme o previsto no número 2 da disposición adicional primeira da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, na versión introducida polo presente real decreto lei, e a disposición derradeira sétima, adquira a competencia para declarar a nulidade ou caducidade dos signos distintivos regulados na dita lei, será competente a xurisdición civil de acordo co previsto no título XII da Lei 24/2015, do 24 de xullo, de patentes, e de conformidade coas disposicións substantivas previstas no título VI da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, na versión introducida polo presente real decreto lei.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto lei.

2. En particular quedan derogadas as seguintes disposicións:

a) A Orde FOM/1977/2015, do 29 de setembro, sobre o procedemento de licitación para o outorgamento do título habilitante para a realización do transporte ferroviario de viaxeiros previsto no Acordo do Consello de Ministros, do 13 de xuño de 2014, polo que se determina o número e vixencia de títulos habilitantes para a prestación de servizos de transporte ferroviario de viaxeiros en réxime de concorrencia en determinadas liñas e tramos da rede ferroviaria de interese xeral.

b) A Orde FOM/1403/2013, do 19 de xullo, sobre servizos de transporte ferroviario de viaxeiros con finalidade prioritariamente turística, sen prexuízo do previsto no número 2 da disposición transitoria primeira da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

1. O título I do presente real decreto lei dítase ao abeiro da competencia estatal prevista polo artigo 149.1.9.^a da Constitución en materia de lexislación sobre propiedade industrial. Exceptúase do anterior o número vinte e sete do artigo primeiro, exclusivamente respecto das referencias ao procedemento xudicial contidas nos artigos 61, 61 bis e 61 ter da Lei de marcas, que se amparan no artigo 149.1.6.^a da Constitución que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación procesual.

2. O título II dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 21.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e a competencia exclusiva en materia de ferrocarrís e transportes terrestres que transcorran polo territorio de máis dunha comunidade autónoma.

3. O título III dítase ao abeiro das competencias exclusivas que corresponden ao Estado en materia de lexislación mercantil, procesual e civil, conforme o artigo 149.1.6.^a e 8.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto lei incorpóranse ao dereito español as seguintes directivas:

a) Directiva (UE) 2015/2436 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2015, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros en materia de marcas.

Para estes efectos, as referencias feitas nas disposicións legais, regulamentarias e administrativas en vigor ás directivas derogadas, Directiva 2008/95/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2008, e á Directiva 89/104/CEE do Consello, do 21 de decembro de 1988, relativas á aproximación das lexislacións dos Estados membros en materia de marcas, entenderanse feitas á directiva citada no punto anterior.

b) Directiva 2012/34/UE do Parlamento e do Consello, do 21 de novembro de 2012, pola que se establece un espazo ferroviario europeo único, modificada pola Directiva 2016/2370, do 14 de decembro.

c) Directiva (UE) 2015/2302 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015, relativa ás viaxes combinadas e aos servizos de viaxe vinculados, pola que se modifican o Regulamento (CE) n.º 2006/2004 e a Directiva 2011/83/UE do Parlamento Europeo e do Consello e pola que se derroga a Directiva 90/314/CEE do Consello.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento normativo e execución do real decreto lei.*

Autorízase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto lei.

Disposición derradeira cuarta. *Adaptación normativa.*

As comunidades autónomas deberán adaptar a súa normativa ao previsto no título III deste real decreto lei.

Disposición derradeira quinta. *Non aumento do gasto público.*

A posta en marcha das medidas incorporadas mediante o título I deste real decreto lei non suporá gastos adicionais aos previstos nas dotacións do capítulo I do orzamento de gastos nin incremento dos gastos globais de persoal da Oficina Española de Patentes e Marcas.

Disposición derradeira sexta. *Apertura á libre competencia do transporte de viaxeiros por ferrocarril.*

A apertura á libre competencia do transporte de viaxeiros por ferrocarril prevista no título II farase efectiva de acordo co previsto no número 1 da disposición transitoria primeira da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, na redacción dada polo presente real decreto lei.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Non obstante, o título I entrará en vigor o día 14 de xaneiro de 2019, excepto os números 3, 4, 5 e 6 do artigo 21 da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, na redacción dada polo presente real decreto lei, que o farán o día en que, conforme o previsto no número 7 do devandito artigo, entre en vigor o seu desenvolvemento regulamentario e o número 2 da disposición adicional primeira da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, na redacción dada polo presente real decreto lei, que o fará o día 14 de xaneiro de 2023.

Dado en Madrid o 21 de decembro de 2018.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN